

Número 15 - Ano 2022

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de decembro de 2022

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e dez minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen-se por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2022 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

1/170 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2022.

A) PARTE RESOLUTIVA

PERSOAL

2/171 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 57 DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL.

3/172 SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABAJO.

INTERVENCIÓN

4/173 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 19-2022.

5/174 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 20-2022.

FACENDA LOCAL

6/175 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

PROPOSICIÓNS

7/176 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 407/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FOMENTAR A REHABILITACIÓN E A CONSERVACIÓN DE INMOBLES NO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2022/G004/001083).

8/177 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INCREMENTE A PRESENCIA POLICIAL NA CIDADE (Exp. 2022/G004/001084).

9/178 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 409/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UN PLAN DE SUPRESIÓN DE TAPÓNS URBANÍSTICOS (Exp. 2022/G004/001085).

10/179 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 410/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO RECLAME MELLORAS NA CONECTIVIDADE DOS POLÍGONOS DAS GÁNDARAS E DO CEAO (Exp. 2022/G004/001086).

11/180 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 411/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO Á IMPLANTACIÓN DUNHA PROBA ÚNICA EN TODA ESPAÑA DA AVALIACIÓN DO BACHARELATO E ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) QUE GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ACCESO Á UNIVERSIDADE (Exp. 2022/G004/001087).

12/181 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 412/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN NOVO APARCADOIRO NA ZONA CENTRO DE LUGO (Exp. 2022/G004/001088).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

13/182 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2022.

14/183 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DA EXISTENCIA DE OBRIGACIÓNS DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS OU BENS E SERVIZOS RECIBIDOS SEN IMPUTACIÓN PRESUPOSTARIA (CONTA 413) DO EXERCICIO DE 2021.

15/184 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DA XESTIÓN DOS INGRESOS PRESUPOSTARIOS (CAPÍTULOS I, II E III DO EXERCICIO 2021) DO EXERCICIO 2021.

16/185 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS AXUDAS ECONÓMICAS AO PERSOAL DO CONCELLO DE LUGO DOS EXERCICIOS 2021 A 2017.

17/186 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES NO EIDO DA PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN DO EXERCICIO 2021.

FACENDA LOCAL

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

18/187 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL E DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 103, 116, 152, 153, 200, 201 E 202.

ACTAS E GOBERNO

19/188 DACIÓN DE CONTA DO OFICIO DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA RELATIVO AO NOVO MAPA CONCESIONAL DE SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS (Exp. 2022/G004/001063).

20/189 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2022/G004/001064).

TESOURERÍA

21/190 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2022.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 413/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO COMPLETO DAS NECESIDADES DOS POLÍGONOS DA LOUZANETA, E SE GARANTA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS AOS VECIÑOS DESES POLÍGONOS.
- B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 414/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A INCLUÍR O BARRIO DE PARADAI NAS ZONAS QUE CONTAN CON ILUMINACIÓN NAVIDEÑA.

PREGUNTAS:

- A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 404/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DUNHA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE EXTRAORDINARIA POLO DETERIORO DA CONVIVENCIA NA MILAGROSA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/170 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2022.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta de acordo do Secretario Xeral do Pleno, do 16 de decembro de 2022, do seguinte teor literal:

“O pasado día 27 de outubro de 2022, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao referido mes da que se levantou a acta oportuna que, unha vez transcritas as intervencións nela producidas e ultimada a súa redacción, foi asinada polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 27 de outubro de 2022.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 27 de outubro de 2022.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

PERSOAL

2/171 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 57 DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA do Xefe do Servizo de Persoal, do 25 de novembro de 2022, conformado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área, do seguinte teor:

"Vistos informes da Asesoría Xurídica de 10/10/2022 e do Secretario Xeral do Pleno de 11/10/2022

Vista proposta de proxecto de APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 57 DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL de data 14/10/2022.

"Vistos informes da Asesoría Xurídica de 10/10/2022 e do Secretario Xeral do Pleno de 11/10/2022

Visto erro detectado na proposta de 10/10/2020 procede emitir nova proposta ao non indicarse o órgano ao que se dirixe a proposta.

Visto que o artigo 57 do Regulamento Interno de Persoal, relativo ao aboamento de axudas por órteses e próteses aos funcionarios de Concello de Lugo, a diferenza do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral municipal, non especifica de forma expresa a súa aplicación aos beneficiarios dos funcionarios, activos ou pasivos.

Á vista do cal, e a fin de unificar criterios e evitar agravios comparativos entre os empregados municipais, e trala negociación levada a cabo coas forzas sindicais con representación neste Concello, levada a cabo na Mesa Negociadora celebrada o día 21 de setembro de 2022.

Sendo a súa redacción actual tras a modificación realizada por acordo plenario PLENO ordinario do 30-7-2020

Artigo 57 En todos os gastos referentes a órteses e próteses, aboarase aos funcionarios municipais, activos ou pasivos, o 80% de cada factura presentada coa petición de axuda, e polos conceptos e importes máximos que periodicamente se fixen nos correspondentes decretos de actualización

Proponse a Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación do artigo 57 do Regulamento Interno de Persoal do seguinte xeito:

Artigo 57 En todos os gastos referentes a órteses e próteses, aboarase aos funcionarios municipais, activos e ou pasivos, e os seus beneficiarios, o 80% de cada factura presentada coa petición de axuda, e polos conceptos e importes máximos que periodicamente se fixen nos correspondentes decretos de actualización."

Visto informe de Fiscalización Previa limitada 2022/1606 de data 20/10/2022 que conclúe:

“Procede a tramitación do expediente, en base aos informes obrantes nel que conclúen o seu carácter favorable coa seguinte observación”

Visto acordo 11/660 da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9-11-2022 MODIFICACIÓN DO ARTIGO 57 DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL que acorda a aprobación do proxecto de modificación do artigo 57 do Regulamento interno de persoal do seguinte xeito:

Artigo 57. En todos os gastos referentes a órteses e próteses, aboaráselles aos funcionarios municipais, activos e ou pasivos, e aos seus beneficiarios, o 80% de cada factura presentada coa petición de axuda, e polos conceptos e importes máximos que periodicamente se fixen nos correspondentes decretos de actualización.

Propónse ao Excmo. Concello Pleno a aprobación da modificación do artigo 57 do Regulamento Interno de Persoal do seguinte xeito:

Artigo 57 En todos os gastos referentes a órteses e próteses, aboarase aos funcionarios municipais, activos e ou pasivos, e os seus beneficiarios, o 80% de cada factura presentada coa petición de axuda, e polos conceptos e importes máximos que periodicamente se fixen nos correspondentes decretos de actualización.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

A aprobación da modificación do artigo 57 do Regulamento Interno de Persoal do seguinte xeito:

“Artigo 57.- En todos os gastos referentes a órteses e próteses, aboarase aos funcionarios municipais, activos e ou pasivos, e os seus beneficiarios, o 80% de cada factura presentada coa petición de axuda, e polos conceptos e importes máximos que periodicamente se fixen nos correspondentes decretos de actualización.”

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

3/172 SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABAJO.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA do Xefe do Servizo de Persoa, do 1 de decembro de 2022, conformada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área, do seguinte teor:

“Antecedentes de feito

1.- Solicitud de data 10/11/2022 de recoñecemento de compatibilidade presentada por don Francisco Manuel Villamor Regueiro, funcionario de carreira do Concello de Lugo, (músico da Banda e docente da Escola de Música Municipal -MUSICO/A PRIMEIRA PARTE BOMBARDINO- encadrado non Grupo C2, nivel 17) co desempeño dun posto de traballo na empresa A VIDA 013 S.L.U “*dedicada a todo tipo de revestimientos, proyectos de diseños de interiores, decoración en general, así como a la elaboración de elementos de decoración. A “actividad a desarrollar en la mencionada empresa consistira en gestionar y poner en marcha proyectos organizativos y productivos en los diferentes centros de trabajo de la Compañía.”* Manifestando que “*el horario a desempeñar no intercederá en ningun caso en el horario que la persona en el punto segundo mencionada tenga en su trabajo en el Concello de Lugo, independientemente de los cambios que el propio Concello pueda hacer”*”

2.- Se aporta certificado de 8 de novembro de 2022 da empresa A Vida 013, S.L.U:

“D. Rubén Bartolomé Abraira con DNI 33342700-Q en calidad de administrador de A- Vida 013 S.L.U con CIF: B55139216 y domicilio fiscal a efectos de notificación en Lugo en Rda Industria 41A, Polígono de O Ceao

CERTIFICA QUE:

*Primero.- La Empresa A Vida 013, S.L.U, antes mencionada, se dedica a la realizacion de todo tipo de revestimientos, proyectos de diseños de interiores, decoración en general, asi como a la elaboracion de elementos de decoración.
Segundo.- D. Francisco Manuel Villamor Regueiro con DNI: 33331330Y prestará servicios en esta empresa para gestionar y poner en marcha proyectos organizativos y productivos en los diferentes centros de trabajo de la Compañía
Tercero.- Que el horario a desempeñar no intercedera en ningún caso en el horario que la persona en el punto segundo mencionada, tenga en su trabajo en el*

Ayuntamiento de Lugo, independientemente de los cambios que el propio Ayuntamiento pueda hacer.”

3.- Informe favorable de 15/11/2022 do xefe de servizo de cultura, turismo e promoción da lingua do Concello de Lugo conformado pola Ilma. Tenenta de alcaldesa delegada da Área no que se pon de manifesto que :

“Dende este Servizo enténdese que, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador neste Concello de Lugo, debendo respectarse neste sentido tódalas actividades que se poidan programar no desempeño das súas funcións, e sexa compatible nos termos establecidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal das Administracións Pública e a súa normativa de desenvolvemento, dende este Servizo non existe inconveniente a que se autorice a solicitude instada.”

4. Na solicitude de data 10/11/2022 Francisco Manuel Villamor Regueiro renuncia ao complemento específico segundo o disposto no artigo 16.4 de la Ley 53/1984 de 26 de diciembre, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas

5. No escrito de 01/12/2022 Francisco Manuel Villamor Regueiro renuncia á totalidade do complemento específico segundo a DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

-Fundamentos de Dereito

- A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas establece:

Artigo 11.1. De acordo co disposto no artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervenir, intervínese nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior. 2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

Artigo 14. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

Según informe do xefe de servizo de cultura, turismo e promoción da lingua do Concello de Lugo "dende este Servizo enténdese que, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador neste Concello de Lugo, debendo respectarse neste sentido tódalas actividades que se poidan programar no desempeño das súas funcións, e sexa compatible nos termos establecidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal das Administracións Pública e a súa normativa de desenvolvemento, dende este Servizo non existe inconveniente a que se autorice a solicitude instada".

Segundo o certificado de 8 de novembro de 2022 da empresa A Vida 013, S.L.U.- "Que el horario a desempeñar no intercedera en ningún caso en el horario que la persona en el punto segundo mencionada, tenga en su trabajo en el Ayuntamiento

de Lugo, independentemente de los cambios que el propio Ayuntamiento pueda hacer.”

-DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia:

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

No escrito de 01/12/2022 Francisco Manuel Villamor Regueiro renuncia á totalidade do complemento específico segundo a DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia é aplicable a DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

A Sentencia núm. 1.684/2019 do Tribunal Supremo Sala do contencioso-administrativo Sección Cuarta ditada en casación de fecha 05/12/2019 Nº de Recurso: 2454/2017 establece no seu:

Fundamento de dereito undécimo. A resposta á cuestión casacional:

“A la vista de lo establecido en la Ley 53/1984 la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan expresamente entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas.”

Neste caso non figura entre os compoñentes do complemento específico que percibe Francisco Manuel Villamor Regueiro o factor de incompatibilidade polo tanto a este respecto non hai inconveniente para recoñecer a compatibilidade solicitada, co requisito da renuncia á totalidade do complemento específico.

- Órgano competente para a autorización: A declaración de compatibilidade requirirá a declaración formal por parte do Pleno da Corporación, a teor do disposto

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

no artigo 13.3 do RD 1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

PRIMEIRO: Que polo Excmo. Concello Pleno se autorice a compatibilidade de don Francisco Manuel Villamor Regueiro para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado na empresa A VIDA 013 S.L.U, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador neste Concello de Lugo, debendo respectarse neste sentido tódalas actividades que se poidan programar no desempeño das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública.

SEGUNDO: Se proceda ó desconto da cantidade mensual na retribución á aboar polo Concello ó traballador o complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.”

2. **DITAME FAVORABLE** da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |

- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Autorizar a compatibilidade de don Francisco Manuel Villamor Regueiro para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado na empresa A VIDA 013 S.L.U, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador neste Concello de Lugo, debendo respectarse neste sentido tódalas actividades que se poidan programar no desempeño das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública.

SEGUNDO.- Proceder ó desconto da cantidade mensual na retribución á aboar polo Concello ó traballador o complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO.- Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

INTERVENCIÓN

4/173 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 19-2022.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA, do 13 de decembro de 2022, do seguinte teor:

**“RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SITUADA NA RÚA DO CONCELLO NÚMERO 5, 2º ANDAR, DE PROPIEDAD MUNICIPAL
Importe: 120 €**

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Remitidos por parte do servizo de Servizos Sociais recibos pendentes de cobro que foron enviados pola secretaria da Comunidade de Propietarios da rúa do Concello, núm. 5, piso 2º, de propiedade municipal, pertencente ao programa de erradicación do chabolismo do Concello de Lugo, dende 01/01/2021 a 31/12/2021 (Rexistro de entrada do 10/11/2022 co número 202200000040400), conformados polo Servizo de Benestar Social no seu informe do 11.11.2022 asinado pola xefa de sección de Benestar Social María Zuluaga Díaz, coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde.

Procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como pola titular da concellería delegada de Área aos mencionados recibos,

Considerando igualmente a imputación orzamentaria con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2022, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **120 €** (contía imputable ao orzamento: **120 €**) nas respectivas aplicacións presupostarias relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sin minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais aos mencionados importes.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2022/2029, do 13.12.2022 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 19-2022, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **120 €**.

Nº recibo	Data	Concepto	Importe
1/2021	03.03.2021	Cota mes xaneiro	10,00 €
1/2021	03.03.2021	Cota mes febreiro	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes marzo	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes abril	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes maio	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes xuño	10,00 €
2/2022	03/03/2021	Cota mes xullo	10,00 €
2/2022	03/03/2021	Cota mes agosto	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes setembro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes outubro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes novembro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes decembro	10,00 €
TOTAL			120,00 €⁹

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **120 €**.

Nº recibo	Data	Concepto	Importe
1/2021	03.03.2021	Cota mes xaneiro	10,00 €
1/2021	03.03.2021	Cota mes febreiro	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes marzo	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes abril	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes maio	10,00 €
1/2021	03/03/2021	Cota mes xuño	10,00 €
2/2022	03/03/2021	Cota mes xullo	10,00 €
2/2022	03/03/2021	Cota mes agosto	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes setembro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes outubro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes novembro	10,00 €
2/2022	03/03/2022	Cota mes decembro	10,00 €
TOTAL			120,00 €

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pasamos entón aos seguintes puntos da orde do día, o catro e o cinco, que imos realizar un debate conxunto dos mesmos, facendo despois a votación por separado, como é de costume. Así que iniciamos a primeira quenda de intervencións, coa intervención da concelleira de Gobernanza, Paula Alvarellos, tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días. Dado que é o último pleno do ano, tiven a tentación de facer un discurso, facer un discurso e unha clase maxistral, como din algúns concelleiros, sobre os recoñecementos extraxudiciais de crédito, porque parece que algúns os botan de menos.

Fundamentalmente, non era porque algún o botase de menos, senón porque algún conviría que soubese o que é un recoñecemento extraxudicial de crédito. Pero dado que é o último pleno do ano, non vou entrar en cuestións xurídicas nin teóricas.

Polo tanto, eu veño aquí a falar de facturas, que é do que viñemos a falar.

O primeiro que teño que dicirle é que neste ano, e ata o día 20 deste mes, aboáronse 5682 facturas por importe de preto de 62.500.000 euros. Aboáronse cun período medio de pago moi por debaixo do que está establecido legalmente e cuns datos moi positivos para o Concello de Lugo.

Comparativamente falando con outros concellos e incluso con outras administracións públicas. Ninguén pode dicir, polo tanto, que o Concello de Lugo se retrasa nos seus pagos. E moito menos, que sexa un Concello moroso.

Pero, como falabamos, hai que falar de facturas e de recoñecementos, aínda que vostedes seguramente veñan falar doutras cousas, como nos teñen acostumbrados.

E que resulta que incluso ata podía dicir esaxerando, pero, ridículo, que vaiamos debater estes dous recoñecementos polas razóns que imos falar. O primeiro recoñecementos, o 19/22, ten unha contía de 120 euros. Trátase de 12 facturas que corresponden ás cotas de comunidade dun piso propiedade do Concello, que está precisamente situado na rúa do Concello, 5, 2º.

É de propiedade municipal e pertence ao programa de erradicación do chabolismo. Son as facturas dos doce meses da comunidade de propietarios do ano 2021.

Pero tiveron entrada neste Concello o pasado día dez de novembro de 2022. Polo tanto, non puideron ser imputados ao orzamento que lle correspondía, ao ano 2021, por iso teñen que vir a recoñecemento extraxudicial de crédito. É dicir, foi a inactividade da comunidade de propietarios o que fixo que estas facturas veñan hoxe a pleno para ser recoñecidas.

Polo tanto, por iso digo, que é un pouco, incluso ridículo que debatamos estes recoñecementos. Respecto ao segundo recoñecemento, o 20/2022 ten unha contía de 15.165 euros. Son sete facturas, seis das cales non se presentaron polos provedores no seu exercicio correspondente. Polo tanto, a inactividade, como dicía, do provedor é o que provoca que veñan estes recoñecementos. Trátanse de seis facturas de presentacións que tiveron lugar no ano 21, pero que entraron no Concello ao longo do ano 22, polo tanto, o prazo legalmente establecido.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Continuará na seguinte quenda. Quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Bos días a todos e a todas. É verdade, señora Alvarellos. Eu non vou centrarme moito nos recoñecementos, pero si vou falar de economía, que me apetece. Para acabar o ano. Porque remata e ben podemos comprobar que os seus compromisos de mellora, de xestión económica desta administración, encomenda que lle vén dado por ese cargo de gobernanta... Pois quedaron niso, en meros compromisos, en fume. E terá que darme razón, a pesar do moito que lle pese, porque a documentación da que se dá conta neste pleno, mire por onde, pois quítalla a vostede.

Xa non merece a pena falar dos recoñecementos extraxudiciais de crédito, que nisto temos un doutoramento, grazas ao que nos fixeron aprender vostedes con este tema.

Neste non temos reparos, pero como podemos ver nos decretos que asina a alcaldesa de cotío, pois son habituais ir sumando millóns e millóns de euros. E como xa reiterei, tanto no pleno de orzamentos, coma no debate do estado da cidade, o problema deste bigoberno é que se lle segue atragantando a xestión.

Un goberno que non é capaz de xestionar as áreas que ten nas súas mans de xeito eficaz e eficiente, pois é un goberno pésimo.

Os informes definitivos de control financeiro poñen en evidencia as eivas en xestión. En relación ás axudas económicas ao persoal do Concello, solicitadas dende 2017 ata 2021, compróbase a desorganización existente e a falta de información requirida para poder levar a cabo unha fiscalización correcta.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Non se remitiu nin a dos exercicios de 2019, 2018 e 2017, e si incompleta a de 2020 e tampouco ningún expediente relativo ás axudas por gardarías, por natalidade ou por fillos.

Noutros casos incúmprese o establecido no regulamento interno de persoal para as funcións do Concello. A nós, señora Méndez, todos do seu cargo como alcaldesa. Todo un despropósito.

No debate do estado da cidade, a señora Méndez acusounos á oposición de non coñecer a tramitación dos contratos menores e de poñer en dúbida o uso deste recurso. De seguro que doutros asuntos non saberemos todo o necesario, pero neste, miren por onde, pois si.

E non nos van acoller nin nun renuncio nin nunha mentira.

E como poderían comprobar no informe de control dos contratos menores, tamén se fan constar certas irregularidades neste campo, como que non hai informes motivados do órgano de contratación sobre as necesidades do contrato ou que se recorra aos contratos menores para tramitar gastos que son previsibles e repetitivos, o que indica unha utilización indebida da contratación menor e do fraccionamento irregular do obxecto do contrato no tocante aos contratos de redes sociais.

Como ben saberá vostede, señora Alvarellos, levamos moitas preguntas por este asunto ás comisións preceptivas e as respostas sempre foron as mesmas: excusas. Noutros non hai constancia da solicitude dos tres presupostos, adxudicando a dedo absolutamente un contrato público, e outros, aínda que sendo varios, teñen unha descrición textualmente idéntica e, por suposto, se confirma que non se ten realizado a publicación trimestral que esixe a Lei de contratos.

Todo isto pon de manifesto que incumpren de xeito efectivo os principios de transparencia, a boa xestión financeira, de concorrencia competitiva. E isto está nestas páxinas moi ben explicadiño.

Pero logo é a oposición a que minte. Pode hoxe tamén dicirlle ao interventor, señora Méndez, que o explique neste pleno, por se vostedes non entenderon aínda todas as recomendacións que lles leva feito e que vostedes incumpren de xeito reiterado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Buenos días, gracias, alcaldesa. Señora Alvarellos, es usted muy generosa. Yo creo que a partir de ahora tendríamos que llamarle profesora Alvarellos, porque usted siempre viene aquí tratando de darnos clases. Bueno, terminamos el año igual que lo empezamos, con reconocimientos extrajudiciales de crédito.

Sin duda, una de las señas de identidad de este bigobierno.

El año 2021 lo cerraban con el reconocimiento extrajudicial de crédito número 15, algo que nos dio esperanzas, creíamos que estaban ustedes mejorando. Pero nada más lejos de la realidad: en este pleno llegan al reconocimiento extrajudicial de crédito número 20. De los peores de todo el mandato. En él incluyen siete facturas

que van desde marzo del año 2019 a mayo del año 2022. Sí, marzo del año 2019. Es sorprendente. Cualquiera que lo lea pensaría que es un error, pero no lo es.

¿Cómo es posible que esté sin pagarse una factura desde marzo del año 2019? Sí. Usted siempre nos dice que la culpa es del que presta el servicio. Todos sabemos que una persona que presta un servicio desde el año 2019 quiere estar hasta finales del año 2022 sin cobrar. Quiere estar tres años sin cobrar una factura. Señora Alvarellos. Es que parece una broma de mal gusto. No pueden estar año tras año con facturas pendientes.

Tienen que facilitarles el cobro a los que prestan sus servicios. Sin excusas. También a este pleno nos traen varios informes de control financiero, entre ellos uno relativo a contratos menores de redes sociales y páginas web, que en su conjunto asciende a más 74.200 euros.

¿Ha leído el informe? Porque si ha leído el informe me gustaría que nos explicasen por qué no cumplen con la ley. Me gustaría que nos explicaran por qué en el informe de intervención identifica como situaciones de riesgo dos contratos menores adjudicados, que tienen un importe superior al 97,3% del umbral del contrato menor. Me gustaría que nos explicaran por qué no incluyen en el expediente los informes obligatorios sobre la necesidad del contrato. Me gustaría que nos explicaran por qué contratan actuaciones de carácter periódico, reiterado, perfectamente previsibles y susceptibles de prórroga, que no procede cubrir mediante la celebración sucesiva de contratos menores.

¿Nos pueden explicar...? ¿Pueden explicarle a los lucenses por qué según el informe de intervención ustedes fraccionan indebidamente contratos menores a lo largo de los años de manera recurrente, excediendo el límite temporal y cuantitativo de los contratos menores?

El informe de intervención es claro. Ustedes están adjudicando contratos menores de manera separada. Están haciendo un fraccionamiento indebido de los contratos menores, lo que hace que los lucenses tengamos que asumir un sobrecosto.

Pero es que hay más. ¿Nos pueden explicar por qué no existe constancia de la solicitud de tres presupuestos en uno de los contratos?

Nos pueden explicar por qué hay un único presupuestos que además (¡Qué coincidencia!), es el mismo proveedor, que presta el mismo servicio los años anteriores.

¿Nos pueden explicar por qué no hay un informe de la elección indirecta que se hizo a ese proveedor. Ustedes no cubren con la ley.

Cumplir con el principio de transparencia, o la gestión financiera de concurrencia competitiva no es adjudicar año tras año tras año un contrato menor al mismo proveedor.

Eso tiene otro nombre, señores.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda. Señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señora Carballas, gústame moito o título de profesora, porque me vén de familia e gústame.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

E sobre todo porque posiblemente si teño que pensar en darlle unha lección sobre os recoñecementos extraxudiciais de crédito. Estouno pensando, porque está claro que non sabe o que é.

Mire, respecto a esa factura vou falar dela concretamente. Esta factura, o provedor é Saicalu, *substituír vaso flex do acumulador ACS* e o informe de intervención di: "Inactividade da persoa provedora. A prestación pertence ao ano 2019, cando se emitiu a factura, sendo recibida no Concello o 16 de febreiro de 2022, dous anos despois". Isto é o que está no informe. Polo tanto, mire vostede as facturas e non colla un guión como fai, que podo entendela, pero polo menos saiba de que fala.

Polo tanto, por iso dicía que era un pouco ridículo que debatésemos estes recoñecementos. Pode haber outros que se poden debater. Pero estes é que é ata ridículo.

E, señora Louzao, tamén me gusta o de gobernanta. Non me parece o sitio máis apropiado, o pleno do Concello, para que me chamen gobernanta, pero tampouco me importa. Coloquialmente non me importa. Aquí non me parece moi apropiado. Pero eu son a concelleira de Gobernanza e, polo tanto, non me importa que me chamen gobernanta, como dixen, moitas veces. Vostede ven aquí a falar do seu libro. Eu veño a falar do meu. Pero o meu é o que está na orde do día: facturas, recoñecementos extraxudiciais de crédito. Vostede está aproveitando a ocasión para contestarlle á alcaldesa do que dixo o outro día no debate do estado da cidade.

Eu enténdoa, porque probablemente quedou frustrada o outro día por non poder contestar, pero eu veño a falar do meu libro, e o meu libro son as...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Señora Louzao, minuto e medio.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Encántame o da frustración. Non, mire. É que aquí vimos a falar de economía e imos falar da orde do día e na orde do día está unha dación de conta que, como mínimo, sácalle esas cores.

E sobre todo, porque nos dá a razón aos que levamos dicindo que suspenden unha e outra vez en xestión económica. Isto vostede cre que é todo unha absoluta maravilla, desa xestión da que presumen, pero isto o obxectivo é que xa non é tal.

A nós si que nos gustaría, señora Alvarellós, que nos dixese que teñen un plan, que todas estas recomendacións que aquí aparecen, resultado desas carencias e desas eivas de xestión, pois non van caer en saco roto e que van tomar as medidas oportunas.

Porque aínda que non o crea ao grupo municipal de Ciudadanos Lugo nada lle gustaría máis que aplaudirles o seu traballo, pois iso significaría que lle vai ben á nosa cidade e aos nosos veciños e que estamos en boas mans.

Pero, e ás probas me remito, vexo complicado de aquí ao remate deste mandato, non creo que vaia mudar algo, salvo que o salvavidas do seu goberno, señora Méndez e señora Alvarellós, deixen de mirar para outro lado e comecen a esixir o que non foron capaces en todos estes anos, e amosen que están sentados para algo máis que para defender o seu 40% do orzamento.

Porque hai moitos asuntos que eles teñen responsabilidade, porque levantan a man e poden cambiar ese tipo de xestión.

Pero xa vemos que se non foron capaces de facelo en tres anos de mandato, pouco podemos esperar en catro meses que quedan.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Señora Alvarellos. Seguimos con excusas. Seguimos con excusas porque a realidade es que no tienen ustedes una planificación, no tienen previsión y no tienen un control de gasto.

Miren, yo, en la relación a las facturas pendientes, les voy a dar una idea, porque yo veo que no avanzan. Ahora que termine el año, pueden coger ustedes, pueden revisar las facturas. Pueden coger ustedes su registro de facturas, que me imagino que lo tendrán y empezar por las más antiguas.

Pueden ver por qué no se cobró o por qué no llegó esa factura y tratar de darle solución. Es que eso es lo que tienen que hacer. Traten de facilitarles el pago a los que prestan sus servicios, en vez de ponerles problemas y en vez de esperar año tras año a que aparezca la paloma mensajera con el mensaje y le dé solución.

Es que en vez de escuchar a los lucenses, parece que van en contra de ellos. Parece que no quieren que trabajen. ¿De qué nos sirve que se gasten 44 millones y medio de euros en fondos europeos cuando aún no son capaces de gestionar las facturas pendientes. ¿Se han parado a pensar qué es lo que necesitan los lucenses? Y en relación a los contratos menores, veo que no tienen justificación porque ni me contestó.

Porque todo lo anterior no lo digo yo ni lo dice el Partido Popular. Está en el informe de intervención.

Insisto, ¿nos pueden explicar por qué fraccionan indebidamente los contratos menores? ¿Por qué adjudican de manera directa los contratos menores? ¿Por qué no realizan la publicación trimestral de los contratos menores que exige el artículo 634 de la Ley de contratación del sector público? ¿Por qué solo está publicada la lista de los contratos menores hasta junio del año 2022? ¿Por qué se gastaron 3,5 millones de euros en el primer semestre del año 2022, que es medio millón de euros más que en el mismo periodo del año 2021?

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz do goberno.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Mire, señora Carballas, non hai peor xordo que o que non quere oír, nin peor ignorante que o que non quere aprender. Polo tanto, non lle vou contestar, porque xa lle contestei o suficientemente.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Primeiro aprenda o que é un recoñecemento extraxudicial de crédito e despois falamos.

Señora Louzao, se o que quere oír é que temos un plan, temos un plan. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Recordar que o control financeiro é do ano 21 e que en febreiro do 22 se montou a plataforma, porque ía no meu plan de acción. Precisamente por iso.

E aquí o que viñamos a falar nestes dous puntos era dos recoñecementos extraxudiciais de crédito, as cuestións de dación de contas pódennas consultar, comentar, preguntar nas propias comisións, pero parece que non interesa a resposta, senón pois escenificar outras cuestións.

Aquel que non estea na comisión pois que lle pida ao seu grupo que lle deixe participar para ter ao mellor máis información ou máis posibilidade para falar ou preguntar nas propias comisións, ou que trasladen as preguntas ou as respostas, e que haxa maior comunicación tamén entre os distintos concelleiros que forman parte das comisións e os seus grupos, para que non haxa dúbidas neste sentido.

5/174 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 20 2022.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDESA, do 13 de decembro de 2022, do seguinte teor literal:

“IMPORTE FACTURAS: 15.165,93 €
IMPORTE BASE IMPONIBLE FACTURAS: 13.177,71 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 1.988,22 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €
IMPORTE TOTAL: 15.165,93 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2022: 15.165,93 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **15.165,93 €**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas da Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no orzamento corporativo para o exercicio 2022, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **15.165,93 € (contía imputable ao orzamento: 15.165,93 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade outorgada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2022/2025, do 13.12.2022 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 20-2022, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **15.165,93 €**.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

COD_FAC T	PROVEDOR	NUM_FAC T	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL	CODAREAGE S
88953	PAPAVENTOS PRODUCTIONS CULTURALS SL_B27483387	161098	22/11/2021	SINALÉTICA ELEMENTOS ARQUITECT ÓNICOS PARQUE ROSALÍA DE CASTRO---	17100.60900	202200070120	5.385,00	0,00	1.130,85	6.515,85	PARQUES
95485	ASOCIACION CULTURAL ANI+_G27461227	002	23/2/2022	A VIAXE DOS CABEZUDOS	33801R22699	202200017061	3.210,00	0,00	0,00	3.210,00	CULTURA
90830	INCOPE CONSULTORES, SL_B83665513	81-2022	15/02/2022	CONTRATAÇÃO DO SERVICIO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE NO SERVICIO DE REPARACION E CONSERVACION E MANTEMENTO DOS CEIP E ESCOLAS INFANTIS. PERIO FACTURADO FEBREIRO 2021	32000-22799	202200054904	736,36	0,00	154,64	891,00	ENSINANZA
90839	Saicalu, s.l_B27187350	93	04/03/2021	SUSTITUIR VASOFLEX DEL ACUMULADOR ACS	23150-21200	202200042761	210,35	0,00	44,17	254,52	ENXEÑERIA
92391	VERONICA MARI GRANDA_33557650 Y	25-2022	22/03/2022	CURSO DE MODA CIRCULAR. FORMACION	33700-22699	202200043396	500,00	0,00	0,00	500,00	XUVENTUDE
92427	ASOCIACION CULTURAL E XUVENIL PETIS ROCK_G70312749	3342-2022	14/01/2022	2 TECNICOS DEPORTIVOS DIA 16 Y 26	33700-22699	202200043396	1.936,00	0,00	406,56	2.342,56	XUVENTUDE

COD_FAC T	PROVEDOR	NUM_FAC T	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL	CODAREAGE S
92570	ALVAREZ REAL SL_B27117332	11647-22	24/05/202	ELABORACION DO 2 ESTUDO DE CUSTOS DA LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTRATACIÓN ATENCIÓN AO PÚBLICO, COORDINACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NOS CENTROS MUNICIPAIS CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MÚSICA - DO SERVIZO DE PRESTACIÓN INTEGRAL DOS PROGRAMAS PREVILUGO, ASESORÍAS XUVENIS	33700-22699	202200043396	1.200,00	0,00	252,00	1.452,00	XUVENTUDE
							TOTAL	13.177,71	0,00	1.988,22	15.165,93

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **15.165,93 €**.

COD_FAC T	PROVEDOR	NUM_FAC T	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL	CODAREAGE S
88953	PAPAVENTOS PRODUCTIONS CULTURALS SL_B27483387	161098	22/11/2021	SINALÉTICA ELEMENTOS ARQUITECT ÓNICOS PARQUE ROSALÍA DE CASTR O---	17100.60900	202200070120	5.385,00	0,00	1.130,85	6.515,85	PARQUES
95485	ASOCIACION CULTURAL ANI+_G27461227	002	23/2/2022	A VIAXE DOS CABEZUDOS	33801R22699	202200017061	3.210,00	0,00	0,00	3.210,00	CULTURA
90830	INCOPE CONSULTORES, SL_B83665513	81-2022	15/02/2022	CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE NO SERVICIO DE REPARACION E MANTENIMENTO DOS CEIP E ESCOLAS INFANTIS. PERIO FACTURADO FEBREIRO 2021	32000-22799	202200054904	736,36	0,00	154,64	891,00	ENSINANZA
90839	Saicalu, s.l._B27187350	93	04/03/2021	SUSTITUIR VASOFLEX 9 DEL ACUMULADOR ACS	23150-21200	202200042761	210,35	0,00	44,17	254,52	ENXEÑERIA
92391	VERONICA MARI GRANDA_33557650Y	25-2022	22/03/2022	CURSO DE MODA 2 CIRCULAR. FORMACION	33700-22699	202200043396	500,00	0,00	0,00	500,00	XUVENTUDE

COD_FAC T	PROVEDOR	NUM_FAC T	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BAS E	IVE_DE D	IVE_NON_DE D	TOTAL	CODAREAGE S
92427	ASOCIACION CULTURAL E XUVENIL PETIS ROCK_G70312749	3342-2022	14/01/2022	2 TECNICOS 2 DEPORTIVOS DIA 16 Y 26	33700-22699	202200043396	1.936,00	0,00	406,56	2.342,56	XUVENTUDE
92570	ALVAREZ REAL SL_B27117332	11647-22	24/05/2022	2 ELABORACION DO ESTUDIO DE CUSTOS DA LICITACION DOS SERVICIOS DE CONTRATACION ATENCION AO PUBLICO, COORDINACION E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NOS CENTROS MUNICIPAIS CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MUSICA - DO SERVICIO DE PRESTACION INTEGRAL DOS PROGRAMAS PRIVILEXO, ASESORIAS XUVENIS	33700-22699	202200043396	1.200,00	0,00	252,00	1.452,00	XUVENTUDE
							TOTAL	13.177,71	0,00	1.988,22	15.165,93

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto 4/173 da orde do día. As intervencións producidas figuran ao pé do referido asunto.

FACENDA LOCAL

6/175 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

1. PROPOSTA DA TENENTE DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 21 de decembro de 2022, que seguidamente se transcribe:

"O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 27.10.2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.

En concreto, aprobouse a modificación inicial do apartado 2) do artigo 4 regulador das exencións "exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública" e a modificación do apartado 4 do artigo 5 regulador "das bonificacións aos titulares de familia numerosa".

Na data de 24.11.2022, durante o prazo de exposición ao público e de presentación de reclamacións, segundo consta na certificación expedida polo Secretario Xeral de Pleno deste Concello de data 16 de decembro de 2022, presentáronse as seguintes alegacións:

- LUIS LAMAS NOVO, data de presentación 24.11.2022, co número de rexistro REGAGE22e00053654923.

Visto o informe de Facenda Local do 16 de decembro de 2022, que se transcribe a continuación" *ANTECEDENTES: O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 27.10.2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.*

En concreto, aprobouse a modificación inicial do apartado 2) do artigo 4 regulador das exencións "exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública" e a modificación do apartado 4 do artigo 5 regulador "das bonificacións aos titulares de familia numerosa".

Na data de 28.10.2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 247 o anuncio da aprobación inicial de modificación da ordenanza.

Aberto o período de exposición ao público e de presentación de reclamacións durante o prazo de 30 días, na data de 24.11.2022 LAMAS NOVO LUIS (33321860N) presentou alegacións á ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Nas alegacións presentadas solicítase que se modifiquen os parágrafos primeiro e segundo do apartado 7 do artigo 5 da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.

Os devanditos parágrafos constan redactados segundo a modificación inicialmente aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 29.10.2020, elevada automaticamente a definitiva, e publicada no BOP número 294 de 23.12.2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: *De acordo co artigo 17.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

Vistos os parágrafos primeiro e segundo do artigo 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, no cales se establece que no caso de que se presentaran reclamacións ou suxestións, a Xunta de Goberno procederá a valoralas e decidirá se, como consecuencia da devandita valoración, modifica ou mantén o texto inicial.

Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitiralle á Secretaría Xeral do Pleno o proxecto, xunto cunha memoria que conteña a valoración das suxestións e alegacións, para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tras o ditame previo da comisión competente.

Vistos os datos anteriores conclúese que as alegacións presentadas teñen que ver coa bonificación regulada no apartado 7 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles "(...) bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmobles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo (...)" redactada segundo a modificación inicialmente aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 29.10.2020, elevada automaticamente a definitiva, e publicada no BOP número 294 de 23.12.2020.

As devanditas alegacións nada teñen que ver, coas modificacións inicialmente aprobadas polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 27.10.2022, dado que conteñen alegacións respecto de contidos da ordenanza fiscal sobre os que non se formulou proposta algunha de modificación.

O que se somete a trámite de alegacións non é a totalidade do texto da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, senón a modificación inicial da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

- 1) *Modificación do apartado 2) do artigo 4, “exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública”*
- 2) *Modificación do apartado 4) do artigo 5 “bonificacións aos titulares de familia numerosa”.*

E lo non habilita para formular alegacións sobre cuestións non recollidas na aprobación inicial.

*Dado que as alegacións formuladas e presentadas por LAMAS NOVO LUIS conteñen alegacións respecto a contidos da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles sobre os que non se formulou proposta algunha de modificación, non incluíndose, polo tanto, no expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, **INFÓRMASE** que procede:*

INADMITIR as alegacións formuladas por LAMAS NOVO LUIS en relación a aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de 27.10.2022.

Ao amparo do artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, someteuse á Xunta de Goberno Local a valoración das reclamacións á que se fixo referencia na certificación expedida polo Secretario Xeral de Pleno deste Concello o 16 de decembro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 21 de decembro de 2022, acordou:

PRIMEIRO.- INADMITIR as alegacións formuladas por por LAMAS NOVO LUIS en relación a aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de data 27.10.2022, sen perxuízo de que se teñan en conta os devanditos aspectos en posteriores revisións da ordenanza.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

TERCEIRO.- Elevar o expediente á consideración do Excmo. Concello Pleno.

En consecuencia, propónse ao Excmo. Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- INADMITIR as alegacións formuladas por LAMAS NOVO LUIS en relación a aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal núm. 203

reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de data 27.10.2022, sen prexuízo de que se teñan en conta os devanditos aspectos en posteriores revisións da ordenanza.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

TERCEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modificación do apartado 2) do artigo 4, que queda redactado como segue:

2) Establécese unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública que a continuación se relacionan:

- RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS (ref. catastral 8255801PH1685S)
- CENTRO CURROS ENRÍQUEZ (ref. catastral 7044027PH1674S)
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (ref. catastral 27900A44200013)
- CENTRO RÚA FONTELO (ref. catastral 7148302PH1674N)
- CENTRO FONTIÑAS (ref. catastral 8228511PH1682N)
- INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 8427021PH1682N0001FQ.

O período de aplicación da presente exención será ata a data de 22.06.2026.

2) Modificación do apartado 4) do artigo 5 que queda redactado como segue:

4.- Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na seguinte contía:

Familia numerosa categoría xeral	30 %
Familia numerosa categoría especial	50 %

Esta bonificación concederáse a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constituía a residencia habitual e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Coa presentación da solicitude deberá acreditarse a condición e categoría de familia numerosa, mediante o título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica, vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba xurdir efectos a bonificación.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta, debendo ser solicitada para o exercicio no que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A presentación fora deste prazo determinará que a bonificación teña efectos para o exercicio seguinte.

A bonificación concederase ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa aportada polo interesado. En todo caso, a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación, debéndose comunicar a devandita circunstancia ao Concello. Esta perda será aplicable ao exercicio seguinte a aquel no que se produza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 15 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 10 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- **INADMITIR** as alegacións formuladas por LAMAS NOVO LUIS en relación a aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de data 27.10.2022, sen prexuízo de que se teñan en conta os devanditos aspectos en posteriores revisións da ordenanza.

SEGUNDO.- **MANTER** a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

TERCEIRO.- **APROBAR DEFINITIVAMENTE** a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modificación do apartado 2) do artigo 4, que queda redactado como segue:

2) Establécese unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública que a continuación se relacionan:

- RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS (ref. catastral 8255801PH1685S)
- CENTRO CURROS ENRÍQUEZ (ref. catastral 7044027PH1674S)
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (ref. catastral 27900A44200013)
- CENTRO RÚA FONTELO (ref. catastral 7148302PH1674N)
- CENTRO FONTIÑAS (ref. catastral 8228511PH1682N)
- INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 8427021PH1682N0001FQ.

O período de aplicación da presente exención será ata a data de 22.06.2026.

2) Modificación do apartado 4) do artigo 5 que queda redactado como segue:

4.- Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na seguinte contía:

Familia numerosa categoría xeral	30 %
Familia numerosa categoría especial	50 %

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Esta bonificación concederáse a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constituía a residencia habitual e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros.

Coa presentación da solicitude deberá acreditarse a condición e categoría de familia numerosa, mediante o título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica, vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba xurdir efectos a bonificación.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta, debendo ser solicitada para o exercicio no que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A presentación fora deste prazo determinará que a bonificación teña efectos para o exercicio seguinte.

A bonificación concederáse ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa aportada polo interesado. En todo caso, a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación, debéndose comunicar a devandita circunstancia ao Concello. Esta perda será aplicable ao exercicio seguinte a aquel no que se produza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois procedemos entón ao seu debate. Tres minutos para a portavoz do goberno, señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Como ben saben, o pleno deste Concello, na sesión ordinaria do 28 de outubro pasado, aprobou inicial-

mente o expediente de modificación de 9 ordenanzas fiscais, entre elas a ordenanza 203, que é ordenanza do IBI, do Imposto de Bens Inmóveis.

Concretamente, aprobouse a modificación de dous artigos, de parte de dous dos artigos desta ordenanza 203: o artigo 4, parágrafo segundo, relativa á exención a favor de centros sanitarios de titularidade pública.

Inclúese nesta exención seis centros sanitarios da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao convenio de execución das obras do Centro sanitario da Milagrosa.

E tamén a segunda modificación que se fixo a esta ordenanza foi o artigo 5, parágrafo 4, regulador das bonificacións aos titulares de familias numerosas.

A partir de agora, a bonificación que se conceda a estas familias numerosas solicitarase unha soa vez e se manterá mentres estea vixente este recoñecemento, evitando así que teñan que solicitalo todos os anos.

Esas foron as dúas únicas modificacións que se fixeron á ordenanza 203.

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 28 de outubro, dándose ou abríndose un prazo de 30 días para a presentación de reclamacións, suxerencias ou alegacións.

Presentouse unha única alegación, da que imos falar agora, a esta ordenanza. Ningunha respecto ás demais ordenanzas que se modificaron. Soamente a esta.

Pero a alegación que se presenta nada ten que ver coas modificacións propostas e aprobadas inicialmente por este pleno o 28 de outubro, xa que se refire ao artigo 5, parágrafo sétimo: a bonificación do 50% durante tres anos aos bens inmóveis destinados a vivenda habitual, que instalarán sistemas para aproveitamento térmico e eléctrico de enerxía proveniente do sol para autoconsumo.

É dicir, as alegacións que se presentaron nada teñen que ver coas modificacións inicialmente aprobadas polo Pleno no mes de outubro. Refírense a partes da ordenanza fiscal do IBI, que non foron obxecto de modificación. A modificación esa produciuse e aprobouse aquí en Pleno en outubro do 2020, esa. Alí non houbo alegacións. Polo tanto, este non é o momento. Polo tanto, esa foi a razón de que se admitisen estas alegacións, que non quere dicir que se desestimaren. Inadmitíronse porque non deberían facerse esas alegacións neste momento.

Non se entrou no fondo, pero iso non quere dicir que, en todo caso, sen prexuízo de que se teñan en conta en posteriores revisións da ordenanza, unha vez que se estuden. Imos estudalas porque as consideramos como unha auténtica proposta e no seu momento se decidirá.

É dicir, inadmitíronse, non se desestimaron. Inadmitíronse porque consideramos que son extemporáneas.

Pero, alomenos, é bo, hai xente que as le, hai xente que as estuda...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Pois en relación a este asunto, non sei que gardamos coa inadmisión desta alegación, porque, como ben dicía Paula, neste momento só se poden facer sobre as modificacións que xa están presentadas, vo-

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

tadas e publicadas, e neste caso non afectan aos parágrafos que se citan na alegación presentada, porque isto é máis un sentido de votación máis técnico que de contido.

Sorpréndenos que sexa o Partido Popular que xa debate sobre este asunto cando no período de emenda ao proxecto de modificacións e ordenanzas non se fixo mención algunha ao respecto deste tema, que sería o momento de poder aceptalas ou rexeitar as mesmas.

E tamén nós entendemos que é un apartado de ordenanza que se ten que revisar. Desde o noso grupo no mandato anterior antes de que perdésemos toda a esperanza de que as nosas propostas fosen tidas en conta, e tamén na primeira e única mesa de traballo de fiscalidade que, señora Alvarellós, vostede permitiu, fixemos referencia xa ao relacionado coas enerxías renovables, de xeito que fiscalmente tamén se incentivase a súa instalación.

Ademais, entendemos que é unha mellora que encaixa perfectamente co modelo de cidade sostible que vostedes din defender e procurar.

Polo tanto, reiterando o dito anteriormente, entendemos que a inadmisión é correcta por ser unha cuestión meramente técnica, pero si que nos parece totalmente conveniente que se poida ter en conta unha fiscalidade que incentive e favoreza de xeito claro a aposta polas enerxías renovables, tanto a nivel particular como a nivel empresarial.

-LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Antes de nada, señora Alvarellós, eu quero darlle as grazas... Para min é toda unha honra poder participar neste debate con vostede... Estar á fronte dunha persoa con tan alta autoestima, tan alta concepción de si mesma, con toda unha autoproclamada erudita en materia de economía e grazas, de verdade, por permitirnos desfrutar da súa sapiencia. Grazas por permitirnos que aprendamos de vostede nas súas intervencións e grazas, sinceramente, por ilustrarnos nas súas intervencións agora rebautizadas como clases maxistras.

De verdade, é un verdadeiro pracer desfrutar deste alarde de humildade en cada unha das súas intervencións do que nós, de verdade, que aprendemos moito e estamos moi agradecidos das súas clases. Sobre todo, da humildade coa que trata á oposición e o resto de compañeiros desta corporación. De verdade, é algo que lle agradezo profundamente.

Señora Louzao, parece que xa vai comezando a xogar e a repartir xogo dentro do Partido Socialista; parece que o Progreso non se equivocaba tanto, parece que esa crónica da compañeira do Progreso xa ía... ía bastante ben encamiñada, bastante ben encamiñada.

Efectivamente, se ben é certo que a alegación realmente non ía sobre a modificación que veu a pleno, si é certo que é unha boa oportunidade para falar desa modificación das ordenanzas fiscais.

Nós xa votamos no seu momento en contra desta ordenanza fiscal, xa argumentamos os motivos, pero é bo momento hoxe para repetilos. Votamos en contra da modificación do IBI, porque o IBI segue sendo o máis caro de Galicia.

E non o digo eu, porque a señora Alvarellos xa dirá que minto, que minte o Partido Popular. A señora Méndez, cando non quede satisfeita pola intervención da señora Alvarellos, volverá dicir que minto, pero cando me din que eu minto o que din é que minte a prensa cando publica os datos, precisamente, de estudos independentes.

Neste caso, por exemplo, este que estou mostrando é o da OCU. Cando se sitúa a Lugo como a cidade co IBI máis caro de Galicia, sen ningunha dúbida... E por certo, co IBI máis caro, por exemplo, que Madrid, que Barcelona, que Bilbao, que San Sebastián, que Pamplona... En definitiva, díganlle que minte á OCU.

Nós seguimos propoñendo a baixada de impostos, porque vostedes aprobaron os orzamentos xa cunha mentira, en base a unha mentira. Dicían que conxelaban e que baixaban impostos e é unha mentira, porque os orzamentos nin conxelan, nin baixan, nin quentan nin lles fai nada aos impostos, senón que vostedes en outubro subiron taxas e impostos municipais. Por exemplo, na Ordenanza 152 multiplicaron por catro as rúas, por tres as terrazas ou por catro os andamios.

Onte, o Día dos Inocentes, fixéronnos outra inocentada. Subiron un 10,4% os aparcamentos públicos neste concello. O principal problema de Lugo son os aparcamentos e a mellor solución e a mellor receita do Partido Socialista...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda de intervencións. Señora Alvarellos, minuto e medio.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Vou empezar por iso. Precisamente, pois mire, serei soberbia, pero polo menos me informo. Non son soberbia, trato de traballar, o que non fan outros.

O primeiro que ten que mirar respecto dos parkings é cal é o principio de equilibrio económico nas concesións, porque seguro que non o sabe. Iso non é vontade da administración, non pode eludilo. É o equilibrio, pero esa lección apréndaa vostede cando queira. Ten medios para facelo.

E voulle dicir, respecto do IBI, vou utilizar esa clase que parece que está de moda no PP: "Falta vostede á verdade". Porque parece que está de moda esa frase no PP, entón tráíolla aquí. O que está claro é que veñen a falar do seu libro. Aquí non se está falando da alegación, nin se está falando... Aquí vimos a falar de por qué se inadmitiron, por qué se inadmitiu esa alegación. Non se desestimou. Pode poñer o que queira... a min incluso faime graza. Gústame velo así, porque me fai graza. Pon unha cara que me fai graza. Véxoo ridículo. Así llo digo. Tal cal, ridículo. Porque mire, eu tamén podoo facer así. Imos baixar o IBI, imos baixar... Estou na miña quenda de palabra, señor Ameijide. Eu respéctoo a vostede.

Eu creo que algúns pretenden limpar as rúas coa lingua ou traer as podadoras e os cortacéspedes dende Mondoñedo. Porque non sei como van facer se van baixar todos os impostos. Por suposto, quedariamos sen prestacións públicas.

Sigo dicíndolle: faime graza.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Ameijide, mire, cando un non ten argumentos, o mellor que pode facer é non dicir chorradas, porque isto é o que acaba de dicir, chorradas.

É que mire, é que aquí non estamos votando se temos a favor ou en contra do IBI, porque nós xa manifestamos ese sentido na votación cando foi o debate das ordenanzas. E xa sabe perfectamente cal foi o sentido no noso voto. Supoño que por iso tamén estamos na lista do Partido Popular, non? Porque tamén estamos de acordo co que votaron vostedes. Polo tanto, centrémonos no debate que é o asunto.

Isto é unha alegación que non se pode admitir porque non vai relacionada co que estaba presentado.

Nada máis. É que isto non é estar de acordo co IBI ou non estar de acordo. É que, de verdade. Non entendo nada. Así que polo menos, un pouco de respecto aos demais e deixe de dicir tonterías.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señora Louzao, non se ofusque, de verdade. Señora Alvarellos, de verdade, grazas de novo pola súa humildade. Disfruto moitísimo, moitísimo, do que aprendo con vostede.

Pero indo a Ordenanzas, se ben é certo, e volvo a repetir, que non, probablemente non vai, é certo, non vai a un dos artigos modificados, si era unha oportunidade de ouro para corrixir esta bonificación, que efectivamente ten eses problemas, como indica na alegación o alegante.

Si que ten o problema de que esa bonificación, efectivamente é excluínte, porque o que instala un aparato de eficiencia técnica para aproveitar a enerxía do sol, obríganlle a instalar dous sistemas, tanto o térmico como o eléctrico, cando non ten por que ser excluínte un do outro. Podes instalar un, outro ou os dous e vostedes esixen instalar os dous e que interactúen entre eles. Por tanto, nós o que pedimos é que se poida instalar un ou outro e que bonifique do mesmo xeito.

E despois as bonificacións que se plantexan están absolutamente sobredimensionadas... As esixencias que se plantexan están absolutamente sobredimensionadas. Tal cal di o alegante. E niso concordamos. Non era o momento, e efectivamente ao mellor non ía dirixido ás modificacións que finalmente se fixeron, pero é unha oportunidade de ouro para reflexionar e para ter en consideración esta alegación. E como digo, nós seguimos estando en contra seguir pagando o IBI máis caro de Galicia. E non o dicimos nós. É unha evidencia tan grande que a propia OCU fai referencia delo nos seus estudos.

Moitas grazas, señora Alvarellos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para a portavoz do goberno.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Gracias, señor Ameijide. Eu humilde son, o que pasa é que me molesta que non se traballe. Cando se cobra deste concello, como cobro eu e cobra vostede. A mesma nómina, a súa ca miña, pero vostede non traballa. Iso é o que me molesta.

E teño que dicirle que as vivendas de Lugo teñen o valor catastral máis baixo de todo o país. Iso si que está publicado. Que a cota sexa alta é para compensar, pero temos o valor catastral máis baixo. Por iso non temos o IBI máis alto. Vostedes están intentando confundir cota con IBI. Co resultado final. Polo tanto, estude. Isto é o que lle digo. Que estude. En todo caso, o importante aquí era debater sobre...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Efectivamente, imos votar a inadmisión destas alegacións por extemporáneas. E tal e como recolle incluso o primeiro punto, sen prexuízo de que se teñan en conta nos devanditos aspectos en posteriores revisións da ordenanza, que creo que ademais é moi gráfica e aclaratoria esta cuestión.

PROPOSICIÓNS

7/176 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 407/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FOMENTAR A REHABILITACIÓN E A CONSERVACIÓN DE INMOBLES NO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2022/G004/001083).

Vista a devandita proposición, cuxo teor é o seguinte:

“Exposición de motivos:

Lugo é a terceira cidade de España con máis vivendas baleiras, un 20% do total existente. Case un 40% das vivendas actuais ten unha antigüidade superior aos 40 anos, e aproximadamente, 3.000 superan os 50 anos. Estes son motivos que fan máis que xustificable que esta administración se involucre na recuperación da habitabilidade de moitas destas vivendas, que non contan cunhas condicións minimamente dignas e causan un efecto nocivo sobre a convivencia en moitos dos nosos barrio así como en determinadas áreas do casco histórico.

Esta administración conta cunha ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso que se aprobou no ano 2003, modificada e aprobada definitivamente no ano 2012, para adaptala a modificacións legislativas e mellorar o texto anterior, modificada novamente no ano 2013 para darlle solución a determinados problemas que se foron detectando polos servizos técnicos ao aplicar ese texto normativo. . Logo dunha década, e tendo en conta a situación actual do parque de vivendas da cidade, é preciso afondar nunha actualización e mellora da

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

mesma, que inclúa novos aspectos a ter en conta, e que se adapte á normativa posterior, como, por exemplo, a Lei 2/2016, a Lei do Solo de Galicia ou a Lei 1/2019 de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia e sexa efectiva ante os novos retos que se presentan en esta materia.

A conservación e rehabilitación da cidade, coa conseguinte recuperación dos seus espazos degradados e da habitabilidade das vivendas ten que formar parte do proxecto político desta administración dun xeito global, porque abrangue a varias e distintas áreas, fixando cales son os obxectivos prioritarios nesa recuperación e utilizando os medios económicos precisos e os mecanismos que a lei lle ofrece, tanto para obrigar aos propietarios de inmobles a cumprir coas deberes que lles corresponden, e tamén, por suposto, para incentivar ese cumprimento, colaborando con aqueles cando o custe que lles supón sexa dificilmente asumible. De este xeito, o acadado con estas medidas de recuperación e rehabilitación redundará en beneficio de toda a cidadanía, mellorando o entorno e a calidade de vida.

A coordinación entre as distintas áreas é fundamental porque a sola rehabilitación de inmobles non é suficiente, senón que son precisas outras actuacións sobre o espazo público que favorezan a convivencia, a reactivación comercial, con novas infraestructuras e equipamentos.

Esta administración local conta na actualidade con axudas de rehabilitación para o Casco Histórico, aprobadas as bases da 16 fase en maio deste ano, e ven de anunciar a súa intención de acadar recursos para a zona de A Milagrosa e Barrio Feijoo, barrios da nosa cidade en condicións máis que mellorables.

De aí que desde o noso grupo municipal consideremos fundamental contar cunha ordenanza que recolla non só as obrigas para a conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios co obxecto de que se manteñan en estado de seguridade, salubridade e habitabilidade, e tamén aspectos relacionados coas inspeccións técnicas de edificios e un rexistro de solares. Esta mesma norma tamén debe recoller as medidas que desde este concello se poñan en marcha para fomentar a rehabilitación, establecendo un plan de axudas municipais con esta finalidade. É dicir, una norma municipal que recolla o xa existente nesta materia, incluíndo novos aspectos fundamentais para levar a cabo unha política de rehabilitación e conservación acorde a realidade actual que dea seguridade aos nosos veciños, pero tamén coñezan con que axudas poden contar cando deciden asumir unha rehabilitación . Do que se trata, en termos xerais, é de acadar deter o deterioro do tecido urbano, preservando os seus valores patrimoniais, permitindo así unha maior cohesión social ao non existir zonas nin espazos degradados nin marxinais.

Para o fomento deste tipo de actuacións o Concello debe colaborar tanto no asesoramento técnico sobre as obras, e facilitando que todas as licenzas, autorizacións e axudas con esta finalidade se poidan tramitar de xeito conxunto. Non tería sentido amosar un firme compromiso en materia de rehabilitación, se a tramitación alóngase no tempo, sendo máis un atranco que un incentivo. E tamén debe crear un fondo económico de axudas directas para a realización destas obras, fixando os requisitos para acceder as mesmas. Axudas que poderán

complementarse, se así se considera, coa firma de convenios por parte de esta administración con institucións públicas e privadas que poidan mellorar a financiamento dos particulares. Do mesmo xeito é preciso contar cun mapa de zonas degradadas onde se recolla a concertación de inmobles baleiros, degradados ou abandonados que permita poñer en marcha medidas transversais extraordinarias para reverter a situación.

Ademais, existe agora un compromiso desde Europa para traballar nunha transformación residencial que mellore as condicións de ineficiencia enerxética ou accesibilidade. De aí, que unha parte importante dos fondos comunitarios (máis de 4.000 millóns de euros) se destinen a investimentos en rehabilitación residencial a través de programas con subvencións e para reactivar tamén a construción de vivenda social. A canalización destes fondos europeos recaeu no Ministerio de Axenda Urbana. O goberno central acordou destinar a Galicia 110,4 millóns de euros para que esta comunidade en xuño de 2022, dos cales 81,19 millóns irán destinados a programas de rehabilitación social e o resto a financiamento da construción de vivendas en aluguer social ou a baixo prezo. Logo, o goberno galego coordinará fondos cos concellos para establecer axudas en barrios, edificios e vivendas particulares. Unha oportunidade que non podemos perder, tendo o noso propio plan de axudas, en colaboración coa administración autonómica, para que poidan ser compatibles en caso de ser preciso. Non hai nada máis sostible ni comprometido co medio ambiente que aproveitar o que xa temos, mellorándoo para facelo máis habitable e máis eficiente, e, sobre todo, polas consecuencias positivas a nivel social que se desencadearán.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao goberno municipal a actualización da actual ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso.

2. Instar ao equipo de goberno a elaborar e publicar unha guía orientada a informar á veciñanza dos procedementos, axudas e requisitos para este proceso co fin de facilitar a proceso de rehabilitación de vivendas

3. Instar ao Goberno local a elaborar un análises urbanístico de zonas degradadas por concentración de inmobles baleiros, deteriorados ou en estado ruinoso que permita de forma obxectiva definir as áreas nas que existe prioridade de actuación en materias urbana no ámbito competencial municipal como medida dinamizadora de iniciativa privada en prol da rehabilitación.

4. Instar ao equipo de goberno a crear un plan de axudas para a rehabilitación de vivendas, que conte con partida orzamentaria propia, e que poidan ser compatibles con outro tipo de axudas doutras administracións no caso de ser preciso.

5. Marcar a rehabilitación como obxectivo estratéxico prioritario desta administración co fin de acadar financiamento europeo, estatal ou autonómico dentro de aqueles programas de concorrencia que así o reflectan no futuro."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tres minutos para o grupo propoñente, señora Louza0.

- **MARÍA OLGA LOUZA0 ALDARIZ:** Este bigoberno ten expresado en múltiples ocasións o seu compromiso cunha cidade máis sostible, e así tamén nos desexaba a señora Méndez unhas sostibles festas. Pero para acadar e cumprir ese obxectivo desde o noso grupo municipal consideramos que ese compromiso non pode ser só construíndo edificios ou infraestruturas coa única finalidade de obter fondos que os financien.

Esta cidade e, por ende, este goberno, ten unha materia pendente nese camiño de sostibilidade, que sen dúbida conlevará consecuencias moi positivas para o conxunto da cidade, ao mesmo tempo que estaría a asumir tamén os obxectivos marcados pola Unión Europea e tamén polo Goberno central.

Somos unha das cidades do Estado con máis vivendas baleiras e de maior antigüidade, que non contan en moitas ocasións cunhas condicións mínimas para ser habitadas.

En concreto, Lugo é a terceira cidade de España con máis vivendas baleiras, un 20% do total existente. Case un 40% das vivendas actuais ten unha antigüidade superior aos 40 anos e aproximadamente 3.000 superan os 50.

Iso consiga que distintos barrios da cidade se vaian baleirando de poboación e acabe nunha degradación palpable.

O noso parque de vivendas ten carencias en materia de conservación, accesibilidade, eficiencia enerxética..., e estas deben ser tratadas de xeito integral e transversal polas distintas áreas do goberno implicadas. Non de xeito independente.

Nos últimos anos, desde o goberno municipal só existiron plans de axudas para a rehabilitación do casco histórico, non con moito éxito. E é verdade, con moitas promesas de axudas para outras zonas, como para a Milagrosa, pero que ata o día de hoxe non se chegaron a concretar.

Estamos nun momento clave para reverter esa situación, xa que a rehabilitación de vivendas é unha compoñente fundamental no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e tamén na Lei do Cambio Climático. E esta administración ten que ter marcada unha folla de ruta e unha estratexia clara e definida neste senso para poder optar a todas as axudas posibles e ser tamén a través de quen se repartan as mesmas para que cheguen aos interesados.

A rehabilitación de vivendas é primordial para mellorar e modernizar as infraestruturas en beneficio dos cidadáns, e tamén pola necesidade de conservar o noso valor histórico e patrimonial. E é, sen dúbida, unha das solucións máis efectivas na loita contra o cambio climático e a pobreza enerxética, garantindo unha vivenda digna.

É preciso contar con plans e axudas que sexan efectivas, eliminando, na medida do posible, o maior número de barreiras de acceso por motivos de financiamento, incompatibilidade con outras axudas e a información escasa ou inexistente ás mesmas... De aí que sexa imprescindible comezar por contar cunha normativa actualizada nesta materia, que regule todos os aspectos normativos relacionadas coa conservación, mantemento e rehabilitación das vivendas. Unha norma de fácil acceso, que conte coa publicidade precisa e sirva como inicio do compromiso real e efectivo desta administración con esta materia. Dez anos desde a última actualización, ben merece unha profunda revisión.

Para poder optar ás distintas axudas nesta materia é necesario ter definida unha estratexia. E esta ten que ver clarificada logo de ter feito unha análise diagnóstico-urbanística na que se identifiquen as necesidades a resolver e as zonas prioritarias de actuación, coa finalidade de definir a política urbanística para os vindeiros anos. Só así se estará preparado para optar nas mellores condicións a todas as axudas existentes e para dedicalas a aqueles espazos que realmente o precisen. Unha estratexia obxectiva e para o futuro.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas. Moi bos días a todas e a todos. Podémonos saudar afectuosamente de cotío e tamén nestas datas, máis alá dese enérxico e intenso debate que parece que colleu forzas a final de ano. Eu quero felicitala, señora Louzao, pola materia que toca.

É certo, a rehabilitación é un instrumento fundamental para intervir nos espazos e nos territorios. Así o temos manifestado en diferentes ocasións e en base a ese principio, a ese convencemento que temos dende o goberno municipal, pois impulsamos diferentes iniciativas que se están a levar a cabo agora mesmo, como vostede ben sabe.

Pero non lle responde só ao marco normativo, ao marco orzamentario ou ao marco da planificación ou do censado das zonas nas que hai que intervir. Hai que tomar outras determinacións e facer unha análise global e con perspectiva.

Cando o planeamento, cando as pretensións urbanísticas son expansivas, evidentemente conlevan estas razóns. Non é suficiente con facer un plan de intervención. Hai que ser valentes e obstinados e tomar outras decisións.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Pero vostede, en concreto, a parte de todos eses datos, non llos discuto, quizais si a análise ou as conclusións sobre o que significan, pero os datos non.

Vostedes propoñen en concreto cinco cousas.

Unha é marcar a rehabilitación como obxectivo estratéxico prioritario desta administración, co fin de acadar financiamento europeo, estatal ou autonómico, dentro daqueles programas de concorrencia que así se reflectan no futuro.

É algo no que levamos traballando moitos anos e axudas das que somos beneficiarios moitos anos e que teñen o seu efecto no centro histórico e que terán pois cando se habiliten outras axudas.

Pero non é só concorrer. Estas axudas, como vostede sabe, adoecen do vicio da verticalidade. Son para fins concretos, non quizais para o que o interesado sinala como o máis necesario. Son finalistas.

Instar no equipo de goberno a crear un plan de axudas para a rehabilitación... Xa o hai e estase traballando noutro que acolle boa parte da Milagrosa, do Plan Paradai, e que os conecta a través dun fermoso espazo que resultará co centro da cidade, e elaborar unha análise urbanística de zonas degradadas.

Iso creo que todo o mundo coñece máis ou menos onde se producen esas situacións. E estase traballando nel. Precisamente con traballos de campo. As bases, que é o que piden, outra cousa, unha guía, as bases das axudas, tanto da institución municipal como das outras, son públicas. E a modificación actual da ordenanza, sabe vostede que estamos pendentes de que se desenvolva a través dun reglamento a lexislación de rango superior. Esta é a situación.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa. O primeiro que temos que dicir é que, absolutamente de acordo. Non pode ser doutro xeito. Absolutamente de acordo, porque máis ou menos vén a dicir exactamente o mesmo, é certo que cunha extensión un pouco máis importante, con algo máis de extensión na súa exposición de motivos, pero coa iniciativa que presentaba precisamente o mes pasado dende o Partido Popular neste mesmo salón de plenos.

Alertábanos sobre o perigo que supoñen moitos edificios do casco histórico e o abandono e a imaxe de deterioro que ten a cidade por culpa disto. E sobre todo, tamén a inacción que se detecta por parte deste concello, deste goberno local que tamén é alarmante.

De feito podería repetir o mesmo discurso de hai un mes, pero obviamente, por respecto, non o vou facer, pero se poño a gravación non tería que corrixir nin unha soa palabra.

A señora Louzao, que parece que estas últimas semanas repite ataques e dardos contra esta bancada, hoxe teño que, efectivamente, darlle a razón, porque máis ou menos, despois, cando chega hora de verdade, segue máis ou menos tamén as nosas premisas e as nosas iniciativas. Parece que as colle tamén de guiño, co cal alegrámonos diso.

E eu agardo que ademais este cambio de postura este achegamento que hai entre membros de Ciudadanos e do Partido Socialista, pois sirva para apoiar este restyling (como dicimos os que nos gustan os coches)... Este restyling da iniciativa do Partido Popular do mes pasado. E é unha nova oportunidade para decatarnos da importancia de que esta administración interveña en edificios que están realmente abandonados e que supoñan un perigo para todos.

Miren, a señora Méndez quere que Lugo sexa Vancouver. Non sei por que. Parece que non teñen un modelo de cidade propio para Lugo, pero nos dicímoslle que os lucenses queremos que Lugo sexa Lugo. Simplemente Lugo. Uns queren que sexa Vancouver, outros queren que sexa Allariz, e os lucenses queremos que Lugo sexa Lugo, porque é algo tan simple como que Lugo para nós é o primeiro. E por iso o que lle pedimos á alcaldesa que se deixe de dilapidar cartos en proxectos que ningún lle pediu. En caldas, en charcas de auga, en edificios inútiles, en carrís bici...

No Lugo sostible que quere que se asemelle..., eu pediría un pouco de respecto nas intervencións... Non hai nada máis que dicir que Lugo sexa sostible é precisamente apostar pola rehabilitación de vivendas. Non hai nada máis sostible que rehabilitar o parque de vivendas que xa temos, non hai nada máis sostible que un edificio que xa existe. Moito máis sostible que calquera outro que poidamos facer.

E iso é o que dicimos dende o Partido Popular. E para fomentar, para incentivar, para que a rehabilitación nos barrios da nosa cidade arranquen, hai que ter tres premisas moi claras. A primeira é que ten que haber axudas á rehabilitación, a segunda é que ten que haber axilidade na tramitación administrativa no Concello, e a terceira é que o Concello ten que ser valente, ten que ser e ten que estar vixiante, e ten que ser contundente contra quen ten o seu edificio, o seu inmovible ou a súa propiedade nun absoluto estado de abandono, que dana a imaxe da nosa cidade, pero que en moitas ocasións é un risco para as persoas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Ao mellor nas seguintes intervencións pode utilizar outro micro que ten así un ruído de fondo... Non sei, oíase como un pitido de fondo. Probe a poñelo a máis distancia, senón a utilizar outros micros.

Iniciamos entón as segundas intervencións. Minuto e medio para o grupo propoñente.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Alégrome, señor Ameijide, que lle gustase o meu remate ao debate do estado da cidade. Que nós dicíamos que nós queríamos un Lugo coas nosas virtudes e cos nosos defectos. Máis Lugo e menos Vancouver. Alégrome que lle gustase e que agora o faga seu.

E mire, sabe que entre o Partido Socialista e Ciudadanos rompeuse o amor, que hoxe parece que non van votarnos a favor desta proposta, porque eles xa están facendo todo moi ben. Pero é que non vale só manifestalo, hai que evidencialo, señor Santos. E aquí é onde vostedes patinan.

E dígolle o porqué. Porque hoxe ter acceso a información relativa a esta materia de rehabilitación, mantemento e conservación pois é un calvario, un calvario burocrático.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

co. E queremos que exista unha guía na que se contemplen todos os procedementos, os requisitos, as axudas e que iso resulte útil e entendible á cidadanía.

Do que se trata é de fomentar a rehabilitación, non que se converta nun calvario de ventanilla a ventanilla. Cando hoxe todo o podemos facer a través dun clic, pois é normal que isto, se realmente estamos comprometidos, que poida ser accesible.

E do mesmo xeito que nós entendemos que vostedes sexan capaces de acadar fondos, de dedicar máis de 700.000 euros a uns hortos urbanos, a unhas caldas..., pois teñen que acadar a mesma capacidade para conseguir fondos para crear unha partida orzamentaria única e exclusiva para esta finalidade, porque noutras cidades que xa nos levan vantaxe dedicaron xa fondos europeos e rehabilitaron un parque de vivendas amplísimo, con fondos como Life ou fondos como EDUSI.

É necesario traballar de xeito coordinado co resto de administracións para que non aconteza o que tivemos que ver con ese paseo de atrás no barrio da Tinería.

E tamén hai que valorar a posibilidade de asinar convenios con outras entidades para optar á posibilidade de melloras en canto ao financiamento.

Nós estamos convencidos de que os réditos para o futuro merecerán...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas.

Desde esa perspectiva transversal e ampla da nosa cidade, eu creo que se poden evidenciar como as intervencións dende as administracións públicas, máis alá das axudas directas, teñen un impacto na recuperación da habitabilidade, da actividade, e tamén da rehabilitación dos barrios. É dicir, dende a Alcaldía, dende Urbanismo, dende Medio Ambiente, dende Infraestruturas fixéronse intervencións en diferentes espazos que van mellorando a súa calidade e estética urbanística e tamén social. Un exemplo é a Mosqueira, que estaba nunha senda de deterioro e agora está recuperando moitísima iniciativa e moitísima actividade. Vertémolo na zona da Ponte, no barrio da Ponte, na calzada da Ponte, en Recatelo, na Milagrosa, en Paradai, na Piringalla...

Iso é importante e iso si que é competencia da administración pública. Vostedes, PP e Ciudadanos, están de acordo en estar en contra do goberno da cidade. Pero o que teñen é que poñerse de acordo é en se insistimos e hostigamos ao propietario, ao dono do patrimonio a conservalo e telo habitable e, posiblemente, habitado ou, se lle facemos ese traballo con fondos públicos.

Porque son dúas propostas diferentes. Outra cousa é que digan: non, ímolo obrigalo, pero dámoslle os cartos para facelo, que quizais sexa a súa iniciativa. Iso eu creo que adoce de falta de rigor.

E aprobar un plan que esixiría millóns de euros para os próximos anos, a min persoalmente pareceríame unha irresponsabilidade que o fixese unha corporación a uns meses de ser cambiada.

A corporación, non o goberno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas ben, moitas grazas. Segunda quenda para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Efectivamente, a proba máis evidente de que non estamos en contra de todo, nin moito menos, por exemplo, o barrio da Milagrosa parécenos unha boa idea. Que chega tarde, pero unha boa idea. Chega tarde porque levan dende 2011 prometendo exactamente o mesmo sistematicamente ano tras ano. E levamos nós tantos anos ou máis, dende o Partido Popular, esixíndoo, pero, se chega agora, e é certo que chega, por enésima vez que o prometen, é unha boa idea. E oxalá sexa así e oxalá sexa a recuperación do barrio da Milagrosa.

Pero miren, para recuperar, volvo dicir, non hai nada máis sostible que rehabilitar o parque de vivendas que xa temos. E para iso, a receita é moi clara: axilidade na administración. Non pode ser que en Lugo se tarde dous anos de media en ter unha licenza. Axudas para rehabilitar a quen queira, a quen poida... E terceiro, que dende o Concello se actúe de forma valente. Primeiro, con ordes de execución, señor Santos. Como vostede ben di. Oia, se vostede ten unha casa nun estado deficiente de conservación, o Concello ten que instalar a que a teña nun estado correcto de conservación. E se vostede non o fai, o que ten que facer o Concello é facelo de forma subsidiaria e despois pasarlle ao cobro. Ben sexa o cobro de maneira líquida, incautándolle o diñeiro, ou senón, incluso, embarcando esa propiedade.

Porque é a única maneira, é a única maneira de que o parque de vivendas se vaia rehabilitando. Con ordes de execución e con execucións subsidiarias. E é a única maneira de que se poñan en funcionamento e que se poidan rehabilitar esas vivendas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo proponente: 30 segundos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Nós consideramos que a rehabilitación en Lugo debe ser unha peza fundamental do Lugo do futuro que queremos.

Porque o investimento a realizar non conlevará un incremento nos custes que esta administración terá que soportar, senón que favorecerá unha mellora na calidade de vida da nosa sociedade no seu conxunto, tanto a nivel social, económico e medioambiental.

Este ano vostedes xa non chegaron a tempo a presentar a solicitude para o barrio da Milagrosa, polo tanto teremos que esperar ata máis tarde.

Esa é a evidencia de que o compromiso non é tal, por moito que vostede, señor Santos, nos diga que si.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois imos proceder á votación da proposta co matiz xa aportado. Recordarlle que xa está adxudicado ese entorno residencial, a rehabilitación programada, como lle chaman agora, porque como se pon en dúbida da súa materialización, pois que xa está adxudicado e xa se está iniciando con ese proceso de diagnóstico.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

8/177 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INCREMENTE A PRESENCIA POLICIAL NA CIDADE (Exp. 2022/G004/001084).

Vista a citada proposición que é do seguinte teor:

“A convivencia en comunidade esixe o cumprimento de normas sociais. Unhas normas que, á súa vez, permiten o exercicio de dereitos que están garantidos a través de normas aprobadas polas Administracións Públicas, xa que son estas as que teñen a obriga de exercer un liderado para preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, baseado no respecto.

Os comportamentos incívicos, en calquera ámbito, ademais de danar bens e espazos que son patrimonio de todos, supoñen un ataque á convivencia, unha actitude insolidaria e unha falta de respecto cara os cidadáns. Pero non só os bens públicos, a propiedade privada tamén debe ser obxecto de protección por parte das administracións públicas.

Os concellos, como administracións máis próximas ao cidadán, teñen a obriga de dar respostas claras e contundentes ás accións que son quen de poñer en risco a convivencia. Lamentablemente na actualidade, lévanse a cabo actividades que son contrarias ás normas básicas de civismo como as que desenvolven os gorrillas, okupas, venda ilegal na rúa, danos ao patrimonio, pintadas, vandalismo, etc. Accións que se teñen convertido nunha imaxe habitual en diversos barrios da nosa cidade.

Os corpos de seguridade precisan de efectivos e de ferramentas suficientes para poder sancionar e combater aquelas actuacións veciñais susceptibles diso e os veciños da nosa cidade precisan da seguridade de que, dende o punto de vista político, social e municipal, estase a facer todo o posible para que se garanta a seguridade e a protección da propiedade.

O artigo 149.1.29.^a da Constitución Española establece como competencia exclusiva do estado a seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade da creación de policía polas Comunidades Autónomas na forma que se estableza nos respectivos Estatutos no marco do que dispoña unha Lei Orgánica. É por isto que a subdelegación do Goberno ten a obriga de poñer efectivos para reforzar a seguridade naqueles puntos nos que a Policía Local o precisa, cunha actuación contundente e dotada de medios legais para garantir a liberdade de toda a cidadanía, preservando o patrimonio e a convivencia.

Existen barrios, como o da Milagrosa, que a día de hoxe demandan o compromiso firme de que se vai a reforzar a presenza policial coordinada entre a Policía Local e a Policía Nacional. Estamos a falar dun barrio vítima do abandono que ve como os problemas de convivencia están a converter este barrio na imaxe da decadencia. Prostitución, tráfico de drogas, okupación... son queixas que

trasladan a diario os veciños da zona.

Por todo elo, ou Grupo Municipal Popular que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde instar ao equipo de goberno a:

1.- Na xunta local de seguridade se deseñen planes de seguridade específicos para os diferentes barrios da cidade onde se coordinen os distintos corpos de seguridade para que haxa máis presenza policial nas rúas, tendo en conta aqueles barrios que presentan problemas como pode ser o da Milagrosa."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Instar ao equipo de goberno a que na Xunta Local de Seguridade se deseñen planes de seguridade específicos para os diferentes barrios da cidade onde se coordinen os distintos corpos de seguridade para que haxa máis presenza policial nas rúas, tendo en conta aqueles barrios que presentan problemas como pode ser o da Milagrosa.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tres minutos para o portavoz do Partido Popular
- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Pois, miren, dentro dese espírito de Nadal que a todos nos debía invadir nestas datas, traemos unha nova iniciativa referida á seguridade na cidade, para ver se así ten máis sorte que outras xa debatidas con esta mesma problemática que vostedes, señores do bigoberno, non tiveron a ben votalas naquelas datas. Fálolles de iniciativas referidas ao tema dos ocupas, de gorrillas, de instalacións de cámaras de videovixilancia no noso casco histórico e nos polígonos industriais. Pois imos probar para ver se hoxe se deciden apoiar esta iniciativa, que non lle supón ningún investimento especial, pero que si melloraría a calidade de vida nos distintos barrios da cidade e en especial no barrio da Milagrosa.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

O único que pedimos na mesma é que a señora alcaldesa na próxima Xunta Local de Seguridade, que lle recordo que a pode convocar cando vostede o considere oportuno, se tome o acordo de deseñar plans de seguridade específicos para os distintos barrios da cidade, onde se coordinen os distintos corpos policiais para que haxa máis presenza policial nas rúas, tendo en conta aqueles barrios que presentan máis problemas, como pode ser, como dixen, o barrio da Milagrosa.

Todos estaremos de acordo de que a convivencia en comunidade esixe o cumprimento dunhas normas sociais que garantan os nosos dereitos individuais e colectivos. E son as administracións públicas as que deben garantir ese cumprimento para preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, baseado no respecto.

A realidade é que en distintos barrios da cidade nos atopamos comportamentos incívicos que danan bens ou espazos que son patrimonio de todos, pero tamén danan bens privados. E teñen que ser as administracións públicas e o Concello de Lugo, por suposto, os que garantan a súa protección e fomenten a convivencia, Nas distintas visitas que dende o Grupo Popular estamos a levar polo distintos barrios da cidade, puidemos comprobar, nuns máis que noutros, pero en todos eles sae o tema da preocupación por certas actividades que se están a levar a cabo, iso si, por minorías, pero que son contrarios ás normas básicas de convivencia. E falamos de actividades que desenvolven, por exemplo, ocupas, gorrillas, como dixen antes, o outros colectivos, e todos sabemos a que actividades me refiro.

Estas actividades soamente poden ser combatidas, desde logo, polos distintos corpos policiais e por iso, señora alcaldesa, debe vostede dotar á Policía Local dos axentes necesarios e dotalos tamén de medios suficientes para que poidan cumprir coas súas funcións e así facilitar a convivencia de todos os lucenses, vivamos onde vivamos.

Polo tanto, hoxe teñen vostedes unha nova oportunidade de apoiar esta iniciativa e estar do lado dos veciños e veciñas de Lugo. Nada máis e moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias y buenos días. Para debatir esta propuesta, en primer lugar, entiendo que debemos dibujar un poco el escenario en el que nos encontramos. El escenario en que nos encontramos es en el que se ha aprobado una nueva Ley de Seguridad Ciudadana, la cual provocó movilizaciones de la Policía Nacional y de la Guardia Civil en el 2021. Ahora ha vuelto al Congreso y los colectivos de las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado vuelven a anunciar nuevas movilizaciones porque no están de acuerdo con esa ley, porque creen que se rompe con el principio de autoridad, porque creen que traerá más inseguridad.

Ante esta situación y viniéndonos a Lugo, en fechas recientes había un dato que yo creo debe hacernos pensar. Que decía que los delitos sexuales se disparan en Lugo e un 150% en el último año. Esto es una auténtica barbaridad.

Ante esta situación, entiendo que tenemos que poner medios, hai que poner medios. Efectivamente, esta proposta, lo que pide es un incremento de la presencia policial.

Bueno, pues efectivamente otras administraciones que, por cierto, también son del Partido Socialista, como puede ser la Subdelegación del Gobierno, sí han presentado un plan para estas Navidades. En nuestra opinión, un plan exiguo y temporal, pero han presentado un plan. Se han hecho una serie de acciones para que haya presencia policial, para que haya policías de incógnito y para que todo el comercio que se lleva a cabo durante estas Navidades se haga en condiciones de seguridad. Pues bien, el Ayuntamiento, dentro de sus competencias también tiene un marco, también tiene un escenario en el que tiene la obligación de ayudar a los vecinos. Por todos, tenemos como ejemplo las últimas noticias que hemos tenido estos meses del barrio de la Milagrosa, del que hablaremos porque este grupo ha presentado preguntas, pero que sin duda evidencia una situación de la que el Ayuntamiento de Lugo no se puede abstraer.

El Ayuntamiento de Lugo debe, en la medida de sus posibilidades y con la Policía Local, debe preparar un plan para aumentar esa presencia policial y que Lugo sea un Lugo más seguro para todos y que al final en el ciudadano de Lugo sienta ese arropo de las autoridades y que no tengamos que escuchar datos como que los delitos sexuales han aumentado en un 150%.

Somos conscientes y no queremos hacer demagogia con esto, que efectivamente tiene que ser en coordinación con la Policía Nacional, pero háganlo, háganlo. Para eso existen herramientas como es la Junta de Seguridad Local. Son herramientas legales, son herramientas suficientes e las que creemos que se pueden tratar estos temas y que se puede desarrollar un plan, para que cuando vas, por ejemplo, por el barrio de la Milagrosa, los vecinos no te digan que se siente inseguros. Creemos que desde el Ayuntamiento se pueden hacer muchas cosas y esperemos que así lo hagan.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois moi bo día a todas e a todos e moitas grazas. Eu creo que para abordar esta proposición vaime chegar... Vaime sobrar boa parte da primeira intervención e seguramente da segunda.

Gorrillas, ocupas, venda ilegal na rúa, danos ao patrimonio, pintadas, vandalismo, prostitución, tráfico de drogas, ocupación. O Bronx. Estabamos vivindo no Bronx todos estes anos e non nos decatamos ata o que o señor do Partido Popular nolo describiu.

Mire, tal parecería, lendo este texto, que vivimos nunha cidade sen lei, do medio oeste americano, na época do desenvolvemento do ferrocarril... Pero iso ocórrelles unicamente nas películas, sobre todo de John Wayne, que era o verdadeiro artista. Mire, fronte a esa tenebrosa situación que describen, ao Partido Popular sáelle sempre o seu ADN punitivo, única e exclusivamente punitivo. Esa é a súa única abordaxe. Non pensan nin en políticas sociais, nin de integración, nin en rapaces e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

rapazas con carencias afectivas ou de relación, moito menos en solucións habitacionais, nin sequera na existencia de familias en exclusión social ou desestructuradas.

Nada. Unicamente, "palo y tente tieso". O mesmo que, por certo, fixeron sempre. Niso teño que recoñecer que si son coherentes.

Pois direilles unha vez máis que Lugo é unha cidade segura. Era segura cando ocupaba o cargo de Subdelegado do Goberno o señor Carballo e segue sendo segura agora, como así testemuñan todos os datos dos que dispoñemos máis aló de situacións máis ou menos puntuais que evidentemente se dan.

E ten ademais unha problemática neste ámbito, incluso inferior á da maioría das cidades do noso entorno. Que todo é mellorable e podería ser interesante incidir nesas medidas preventivas, disuasorias, de maior control.? Pois probablemente.

Que podería ser útil deseñar, ou mellor, redeseñar plans específicos de seguridade, incluso por barrios? Pois seguro que tamén.

En todo caso, algo terían que dicir ao respecto os técnicos na materia. Pero, home, de aí, de recoñecer iso, a que veñan propoñendo e presentándonos este escenario, pois catastrofista e escuro, pois hai un longo treito. Porque o único que fan con iso é alarmar á veciñanza coas súas políticas do medo e tamén, pois, danar a imaxe da cidade.

Porque non é certo, non é certo. Lugo non é iso. E xa dicir, accións que se teñen convertido nunha imaxe habitual na nosa cidade, moito menos aínda.

Por tanto, un pouco de mesura e un pouquiño de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda de intervención para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Pero xa vexo que nin o espírito de Nadal fai que vostedes se poñan de parte dos veciños e veciñas de Lugo, porque vostedes sempre que teñen que elixir, desde logo que elixen os que incumpren a norma fronte aos que as cumpren para impedir a convivencia.

E señor Fernández, señores do Partido Socialista, vostedes aquí seguen sendo reféns do Bloque Nacionalista Galego, como demostraron vostedes na ordenanza de civismo e convivencia que non quixeron levar a Pleno, porque os seus socios non llelo permitiron.

E mire, a min nunca me oirá dicir que Lugo non é unha cidade segura polos datos. Nin falei de Bronx nin nada, pero os problemas que hai son reais e vostedes o que fan e minimízalos e obviaos, pero, meténdoos debaixo da alfombra non se evitan os problemas.

Mire, e eu aquí pensaba que dende logo a señora alcaldesa se ía poñer de lado dos veciños da Milagrosa, pero xa vexo que nin do lado dos seus veciños é capaz de poñerse.

E eu, como lle dixen, vou centrarme no barrio da Milagrosa, xa que foi un dos barrios onde nos últimos anos se viviu a degradación máis grande nesta cidade e aquí teñen moita responsabilidade os gobernos municipais nos últimos vinte anos por-

que foi un barrio esquecido para todos os gobernos municipais, tanto socialistas como socialistas e nacionalistas.

A verdade é que dende o Partido Popular lles víñamos advertindo deste tema e á señora alcaldesa dende logo que lle recomendo que pasee máis polo seu barrio, e saberá o que pasa no barrio.

E hoxe teñen unha oportunidade de amosar o apoio aos veciños e veciñas de Lugo e non poñerse ao lado dos que incumpren a lei e dos que impiden a convivencia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Lo que no podemos hacer tampoco es banalizar lo que está pasando. Y yo no sé si es una visión tremendista o no, pero mucho de lo que se ha dicho aquí es verdad. Existe ocupación, claro que existe ocupación. Claro que es un problema social, pero es que ahí el dato que yo daba antes no es un dato que yo me invente. Es que el Ministerio del Interior, que es del Partido Socialista, dice que en Lugo aumentaron los delitos sexuales un 150%. Y en este Pleno se nos dice que se está exagerando. Lo que es exagerado es el dato. Se nos habla de políticas sociales. No hay mayor política social que vivir en libertad y en seguridad. Esa es política social. Cuando vemos las casas ocupadas del barrio de la Milagrosa hay menores. ¿Que resulta que la política social es dejar a esos menores en narcopisos o será intervenir? Porque algo que se está haciendo es dejar a esos menores al arbitrio de delincuentes., eso no es política social. Política social es que la gente pueda ir a hacer la compra, que no la amenacen por la calle, y todo esto cosas que han pasado en el barrio de la Milagrosa.

Entonces, vale que no haya que exagerar y que esto no es el Bronx Lugo, pero sin duda el Ministerio del Interior nos dice que la situación es peor este ano que el año anterior. Y nos da un dato: agresiones sexuales, 150%.

Luego, tema de las ocupaciones, que siempre se banaliza. Siempre parece que se obliga al ciudadano a la denuncia. Y no es obligatorio, tiene que haber seguridad sin que la gente por miedo no denuncie. Es decir, no se le puede obligar a la gente a que denuncie para que se persiga el delito. Y el Ayuntamiento tiene mucho que decir y mucho que hacer y sinceramente, esperamos que lo haga, porque tiene...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois, si. Señor Carballo. En relación a todas as intervencións que se fixeron por parte deste goberno no barrio da Milagrosa, pois terei ocasión de explicitarllas en contestación á pregunta do grupo Ciudadanos. E desde logo, se non as coñece, que debería, pois quedarase moi sorprendido. En relación ao punto de acordo, pois coas consideracións que lles fixen na primeira intervención e na liña dese traballo que xa estamos desenvolvendo, pois non temos ningún problema en aceptalo e en votar a favor.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois última quenda para a portada do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Pois, grazas, alcaldesa, grazas polo apoio á iniciativa, pero para ese viaxe non facían falta tantas alforxas, señor Fernández.

Mire, Lugo dende logo que non se merece un goberno así, porque desde logo apuren a situación porque lles queda, como di o señor Santos, pouco tempo para gobernar esta cidade. Si, díxose así.

Para rematar, pois soamente me queda despois de agradecer o voto, feliz ano a todos. E esperemos, como dixo a señora alcaldesa, vernos todos tomando as uvas nas caldas do Miño, que nos prometeu...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois aquí hai tamén certas cuestións matizables, evidentemente. Como a taxa de reposición que tivemos... Que tardaba tempo xa en vir ao pleno, pero a taxa de reposición nos fixo que tivésemos unha merma de efectivos tremendo.

Despois, a entrada do decreto do ano 2019, que asinou o señor Rajoy antes de marcharse, que fixo que perdésemos 30 efectivos, 30 efectivos de golpe na Policía Local e onde estamos facendo un esforzo tremendo para dotala. De feito, pasamos de 80 efectivos no ano 19 aos 121 que temos a día de hoxe, máis á última OPE aprobada con outras dez, a pesar de que no pleno pasado tamén dixeron que non iamos ter ata o ano 25 máis cobertura. Falso. Que xa están aprobadas na última OPE esas 12 prazas, e non só en efectivos, senón en formación, en medios materiais, en fomento da cadea de mando, para poder ter unha mellor organización e ser máis eficientes e máis efectivos cos recursos existentes.

Esta é unha realidade. Falou tamén aquí das okupacións de menores. Efectivamente, pero quen ten que actuar cando hai menores é a Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia. Non é o Concello, porque non podemos actuar. A competencia, nese caso, é da Xunta de Galicia, quen nin está nin se lle espera, salvo para intentar inculcar ese medo nun barrio e por ende nunha cidade.

No meu barrio, onde eu paseo moi tranquila e onde alterno as fins de semana de semana moi tranquila coa familia, coa pequena, onde vai xogar ao parque mentres nós ao mellor estamos nunha terraza e estamos tranquilos xogando alí con outros nenos e nenas.

Evidentemente, trátase de mellorar, porque dicimos, aínda que só haxa un caso de calquera eido que sexa, de calquera temática é unha preocupación para este goberno. Estaremos aí, pois traballando e intentando e paliar e aminorar calquera incidencia que poida haber. Inclusive a da xeración de medo. Tamén intentaremos paliar esa corrente que a oposición e o Partido Popular intenta realizar neste barrio, concretamente, no meu barrio, pero por unha cuestión de rédito político, que isto é o triste e o doloroso desta situación. Que ata lles vale o medo para buscar un rédito político.

9/178 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 409/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR UN PLAN DE SUPRESIÓN DE TAPÓNS URBANÍSTICOS (Exp. 2022/G004/001085).

Vista a antedita proposición que é do seguinte teor:

“A demanda de supresión de tapóns urbanísticos na cidade non é nova, nos anos 90 nos gobernos do PP levouse a cabo a supresión de medio cento deste tipo de tapóns, pero dende o ano 2000 coa chegada o goberno do PSOE este ritmo retardouse, é por elo que case todos os grupos políticos, dende o PP ao BNG, trouxemos durante estes anos iniciativas encamiñadas á eliminación destes obstáculos á circulación e xeradores de perigo para as persoas tanto peóns como os propios condutores.

En febreiro de 2020 o GMPP presentou ante este pleno unha iniciativa para a elaboración dun censo de tapóns urbanísticos e para a posta en marcha dun plan de supresión dos mesmos. Dita iniciativa foi aprobada por unanimidade.

Pero, a día de hoxe a cidade conserva, aínda, demasiados tapóns urbanísticos nas súas rúas. En pleno século XXI atopámonos, na práctica totalidade dos barrios de Lugo, con rúas e beirarrúas que se estreitan porque se atopan con edificios, muros ou fincas creando tapóns urbanísticos que entorpecen o tráfico e a mobilidade dos peóns, creando en ocasións, non só dificultades á circulación, senón mesmo creando perigo para os propios peóns.

Co ánimo de devolver espazos públicos á veciñanza reclamamos, novamente, que o goberno local leve a cabo unha planificación que impulse a eliminación destes obstáculos en vía pública, que son reiteradamente denunciados pola veciñanza da nosa cidade.

Resulta evidente que é imposible eliminar todos os tapóns urbanísticos que existen na cidade de golpe, tanto pola complexidade administrativa como pola carga económica pero, en calquera caso é preciso afrontar esta problemática sen máis demora para que estas barreiras se supriman no menor tempo posible.

Algúns dos barrios e puntos afectados serían Rúa Amizade, Camiño de Pipín, Camiño de Friás entre o Sagrado Corazón e Galegos, Carril das Hortas entre Fontiñas e Rei Don García, Rúa San Xillao entre Fontiñas e Rei Don García, Xosé Novo Freire entre Ronda das Mercedes e Praza Fonte do Rei, Rúa Mazaira, Rúa Roí Codina, Rúa Ramos Misioné, Juana La Loca, Dona Urraca, Revista Ronsel, Rei Chiquito ou Orquídea, entre outros...

Sería conveniente priorizar ás actuacións e iniciar os trámites para eliminar os tapóns nos puntos máis perigosos para os cidadáns, ben porque están na contorna de centros escolares, garderías, instalacións deportivas, centros de maiores e non queda espazo para o paso dos peóns, ou ben porque xeran importantes atascos e problemas na circulación do tráfico na cidade, continuando de xeito progresivo para eliminar os demais.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde e cumpra os puntos de acordo que a continuación se detallan e xa foron aprobados en outro plenos:

- A elaboración dun censo de tapóns urbanísticos que hai na cidade de Lugo.
- Posta en marcha dun plan de supresión de tapóns urbanísticos dotado das partidas económicas suficientes e no que se estableza unha planificación priorizando as que máis risco xeran aos peóns e máis dificulten a mobilidade na cidade.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- A elaboración dun censo de tapóns urbanísticos que hai na cidade de Lugo.

SEGUNDO.- A posta en marcha dun plan de supresión de tapóns urbanísticos dotado das partidas económicas suficientes e no que se estableza unha planificación priorizando as que máis risco xeran aos peóns e máis dificulten a mobilidade na cidade.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois quenda para o Partido Popular. Tres minutos.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bo día, donas e cabaieiros.

Señora alcaldesa, falaba vostede ao principio deste mandato de tempos novos. Unha afirmación que dende a oposición puxemos en corentena. E aquí estamos, outro pleno máis a falar de tapóns urbanísticos, como xa se falara no anterior mandato e ao principio deste. Semella que, unha vez máis, o seu eslogan agochaba pouca xestión ou quizais incluso ningunha.

Alomenos así se desprende das respostas que o seu novísimo concelleiro de Urbanismo, o señor Santos deu ás preguntas realizadas pola oposición na comisión correspondente. Non se elaborou ningún censo de tapóns urbanísticos, malia terse aprobado por unanimidade neste pleno en febreiro do ano 2020 e non se elaborou ningún plan de supresión, malia terse aprobado por unanimidade neste pleno en febreiro do 2020. O novísimo concelleiro de urbanismo deste concello afirmou que o número de tapóns urbanísticos eliminados neste mandato ascende á increíble cantidade de 0.

Cómpre salientar, ao meu xuízo, que o novísimo concelleiro de Urbanismo, o señor Santos, afirmou na citada comisión que o motivo polo que non se deran pasos para cumprir os acordos plenarios do 2020 foi que non conste iniciativa algunha por parte do responsable da área nese senso, co que temos ao mesmo tempo que o anterior concelleiro de Urbanismo, segundo verbas do Goberno, non fixo os deberes e que o seu substituto amosou a mesma iniciativa no tema de cumprir cos acordos plenarios, como tapóns urbanísticos levan vostedes tirados neste mandato. Ningún. É a maior abundancia, resulta que este asunto xa viñera ao pleno en tempos vellos. Concretamente en xaneiro de 2017, a súa entón cachaba, e hoxe, ademais de cachaba, ilustrísimo tenente, traía ao pleno exactamente o mesmo: unha moción para propoñer un plan de eliminación de tapóns urbanísticos na cidade, que acadou o mesmo resultado na votación posterior ao debate. Unanimidade do Pleno.

Polo tanto, como sospeitabamos na oposición dende o principio, os seus tempos novos son a efectos prácticos o mesmo que os tempos vellos.

Se algo mudou foi, iso si, a posibilidade de empregar desculpas tales como non ter o apoio da oposición para aprobar os orzamentos, porque agora teñen orzamentos aprobados.

A referencia á Xunta co gallo da rúa Fisterra tampouco a teñen dispoñible. Así que quizais as coartadas empregadas no pasado non as imos escoitar hoxe. Ou si, que para o das cortadas son vostedes moi conservadores.

Por certo, que será que non miramos os orzamentos na oposición, señora Alvarellos, pero non atopamos partida reservada no mesmo para eliminar tapóns urbanísticos.

E si, xa somos conscientes de que poden empregar, por exemplo, os remanentes de tesourería para este fin. Sabémolo porque formaba parte do discurso e da moción do ilustrísimo tenente, cando non podía fachendear de selo de xeito oficial.

Que van quedando menos, certo é, pero algo aínda resta e podería empregarse en algo de interese para os veciños, como pode ser a supresión de tapóns urbanísticos, que é algo que si reclaman, efectivamente, os veciños, como pode certificar a presenza hoxe dun deles aquí interesado por este tema.

E non o inventan na propaganda, señor ilustrísimo tenente. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Queda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. En primer lugar, estaría bien saber si para el equipo de gobierno, eliminar tapones urbanísticos es una

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

prioridad. Estaría bien saber si creen que para tener un trazado urbano actualizado, moderno, que pueda atender a la peatonalización, a dar prioridad al peatón, si creen que es importante eliminar el tapón urbanístico, si creen que es importante eliminar estos tapones para que haya un tráfico más fluído, para que haya unas calles más bonitas... Para que al final haya una convivencia mejor entre coches y peatones.

Y sí sorprende, y hay que poner en duda esto, porque es cierto que de palabra, al menos, se ha aprobado en alguna ocasión, pero non conseguimos darle forma. No conseguimos que el equipo de gobierno, de una forma definitiva, solucione al menos alguno de los tapones urbanísticos que existen en Lugo.

Nosotros, ya sea a través de iniciativas que vinieron a este pleno, ya sea a través de ruegos, ya sea a través de notas de prensa, hemos denunciado algunos de ellos, como puede ser Carril das Hortas; entre Fontiñas y Rei don García; la rúa Sanxillao, entre Fontiñas y Rei don García; Dona Urraca; Revista Ronsel, que esta última vino a Pleno... Y por todos, por todas, la de..., que ya es como un gran tapón, sería conseguir la continuidad de la avenida Vilaverde, que a esa se nos votó en contra porque dicen que estaban en ello, pero no vemos ningún signo de que efectivamente eso se vaya a ejecutar. Y creemos que realmente este como tapón es el tapón rey. Es decir, si lo que queremos es que Fontiñas deje de tener atasco en horas puntas todos los días, si lo que queremos es abrir nuevas vías desde Fontiñas, esta vía es fundamental, porque va a crear no solo acceso de doble circulación para vehículos, sino nuevas aceras, el desarrollo de una nueva calle, también como de edificabilidad... Es decir, sería una zona que ahora mismo es muy problemática, sería una solución contundente, que sabemos que el equipo de gobierno lo comparte con nosotros, porque en este salón de plenos se ha dicho: es importante, hay que desarrollarlo, hay que hacerlo, estamos en ello. Pero no tenemos noticias de esto y al final, urbanísticamente hablando, hay que dar pasos hacia adelante. No solo hay que decir que estamos dispuestos a hacer tal cosa, hay que empezar..., como se suele decir, hay que predicar con el ejemplo. Y por hora non existe ningún vestigio de que esto, efectivamente, se vaya a llevar a cabo.

Por eso entendemos que esta propuesta hay que apoyarla, entendemos que es necesario realizar este censo de los tapones urbanísticos y, hombre, pedimos al equipo de gobierno que efectivamente, la eliminación de los tapones urbanísticos sea una realidad, sea una prioridad, y que, efectivamente, les importe.

Y que lo demuestren, non solo aprobando esta propuesta, sino llegando a hacerlo, llegando a ejecutarlo. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moita grazas. Pedímoslles que garden silencio. Despois escoito un segundiño, non teño ningún problema. Pero na sesión plenaria non pode interactuar. Moitas grazas. Ten a quenda agora o portavoz municipal.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, moitas grazas, señora alcaldesa. Na área de Urbanismo temos moitas prioridades. Finalizar o 5% do PXOM, materializar finalmente o convenio que permita que Lugo saia do retraso, do abandono e do desprezo no que estaba sometido por non contar cunha conectividade máis alá que por

estrada coa materialización que será inminente do convenio para a execución da estación intermodal. Tiñamos como reto a elaboración e posta en marcha dunha nova ordenanza de urbanismo, que dese máis seguridade e fiabilidade aos cidadáns. Tiñamos como prioridade e temos como prioridade reordenar urbanisticamente aquilo que dixo o xulgado que estaba mal que é ese ámbito do Garañón e a súa demolición. E temos tamén como prioridade traballar en diferentes plans especiais que conlevaran apareladas inversións moi importantes para esta cidade, como pode ser no entorno da Cheda, do Carrefour, do Anxo Carro, como pode ser, no entorno de Infanta Elena, con Benigno Rivera e toda esa zona de conexión co Ceao.

En todo iso estamos traballando. Os tapóns urbanísticos tamén é unha prioridade, como outras cuestións. É certo que para a oposición todo poden ser prioridades que esixan unha execución inmediata, pero os que administramos os recursos, que son taxados, que son limitados, temos que, efectivamente, facer unha priorización para que con eses recursos poidamos ir avanzando en temas.

Por sorte, por sorte, temos moi avanzado o 5% do PXOM; moi avanzadísimo, o convenio da intermodal. Moi avanzada a ordenanza de urbanismo; e a piques de iniciar a demolición do Garañón. Así como a piques de aprobarse plans especiais que van conlevar a implantación de actividades de empresa e de industrias na nosa cidade.

E cando os recursos sexan suficientes para dedicar a outras materias máis alá do día a día, están os tapóns urbanísticos como prioridade, que non necesitan dun censo para ser abordados, pois a súa execución a determina o Plan Xeral de Ordenación Municipal. A súa ubicación e a súa execución, ás veces de iniciativa pública, ás veces de iniciativa privada. Moitos deles tamén pendentes dun estudo de detalle ou dun plan especial que deben promover os promotores que teñen bastante tibiaza e bastante relaxación á hora de comprometer o seu patrimonio e os seus recursos para promovelos.

Non obstante, aqueles que presenten esa iniciativa, que non se preocupen que escoitando a esta corporación, mentres eu sexa delegado, serán atendidos con inmediatez.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quen-da, minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Señor Santos, agradézolle moito a claridade da súa exposición. Alguén que coma vostede ten unha longa experiencia no ámbito político e quen de tentar facer este tipo de aclaracións e ao mesmo tempo facer unha escolma dos supostos éxitos da súa xestión e da xestión da señora alcaldesa. Pero o certo é que, insisto, agradézolle con que claridade acaba de amosar que, a pesares dos acordos plenarios unánimes de todos estes anos, a supresión de tapóns urbanístico non é unha prioridade para vostede, porque, como ben dixo, hai outras prioridades. E cando esas prioridades estean resoltas xa será prioritario o dos tapóns. A min por unha vez este tipo de comentarios..., parece que a súa carreira política está a piques de rematar, segundo os seus propios anuncios, e por iso, e por iso... Non me interrompa, señor, que estou a falar eu... Ben, e por iso, e por iso, señor

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Santos, agora está como máis sincero. Igual que antes da pandemia ou a través dela.

A verdade é que a min non me sorprende en absoluto, a min non me sorprende en absoluto que dedicase toda a súa intervención a falar de cousas futuribles, como todas as promesas que levamos escoitando e que alomenos agradézolle que non dedicase parte da mesma a dicir que en catro meses han facer o que o socialismo non fixo en 24 anos. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pos segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Puedo llegar a entender que haya una escala de prioridades, pero esa escala de prioridades, y también puedo llegar a entender que tengan unos procesos administrativos, y que algunos de ellos lleven mucho tiempo, pero es casi el cuarto año. Si ahora mismo no existe ningún tipo de vestigio de que se vayan a arreglar o a eliminar alguno de esos tapones urbanísticos, será que el trabajo previo no se ha hecho. Lo que se dice que es una prioridad, nunca lo fue.

Y cuando se habla de la tibieza de los constructores o de los promotores, que seguramente en algún caso tenga razón, no se lo voy a negar, no es el caso de Vilaverde. Porque fuimos a preguntar, fuimos a hablar con el funcionario, hicimos nuestro trabajo. Y nos dice que no, que no depende de ellos, que puede ser por iniciativa pública. Y en aquel pleno trajimos las fichas en las que ponía esto y la señora Alvarillos non dio la razón. La única, si no recuerdo mal, el único motivo por el que no estaba de acuerdo o por el que no iba a votar a favor era porque ya estaban en ello. Pero yo no sé ahora mismo si eso es verdad o no. O si estar en ello simplemente estamos hablando de una cuestión muy primigenia, que está en el 1% de su ejecución, pero en realidad la continuidad de Vilaverde, que se debatió en aquel pleno, es una cuestión fácil de resolver y que arreglaría muchos problemas.

Dice que no hace falta un censo. Bien, yo me lo podría creer, pero es que no se ha hecho nada. Entonces al final, una forma de empezar a trabajar es tener una hoja de ruta, lo que es un censo es simplemente una hoja de ruta, más allá de que luego...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Só hai algo peor que non atender e é non entender. Pero cada quen pode facer a súa demagogia e pode construír os relatos, máis alá da fantasía, da fábula, está a verdade e a verdade contéillela eu e anunciéillela eu, e se lles gusta, pois gústalles, e se non lles gusta, para elo teñen... Señor Carballo, non me interrompa, que estou na miña quenda de intervención! ... A ver, máis alá diso comprenderán que eu lles poño enriba da mesa os ámbitos nos que ten que traballar a concellería de Urbanismo.

Díganme a cal renuncian: ao 5%, á Intermodal, á Ordenanza de Urbanismo, ao Garañón. Ou é que ao da Intermodal xa renunciaron porque leva dende o mes de agosto na Dirección xeral de urbanismo para ser publicado no rexistro de planeamento e non fixeron ese trámite imprescindible para que poidamos asinar o convenio e continuar coa tramitación? Esa é a dilixencia?. Porque aquí a parte dos tapóns urbanísticos parece que algúns coñecidos do grupo propoñente que poñen tapóns administrativos permanentes a esta cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo proveñente. Trinta segundos.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Señor Santos, entendo perfectamente que alguén a quen Friol se lle converteu na cara leste do K2, chegou ao pleno da miña cidade e non saiba como comportarse. Non vou dignificar a súa intervención cunha resposta Donas e cabaleiros do BNG, o seu silencio neste asunto súmase ao seu silencio noutros asuntos para berrar polas rúas da miña cidade que dende que tocan vostedes moqueta non son capaces de defender os intereses dos veciños que defendían na oposición e que son vostedes nada máis que a procesión das caladiñas, ou tal vez a dos mantidiños.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois como xa quedou de manifesto no transcurso do debate, pois imos proceder a votar esta proposta que entendemos necesaria para seguir no desenvolvemento e crecemento da nosa cidade.

10/179 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 410/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO RECLAME MELLORAS NA CONECTIVIDADE DOS POLÍGONOS DAS GÁNDARAS E DO CEAO (Exp. 2022/G004/001086).

Vista a referida proposición, cuxo teor é o seguinte:

“As empresas están chamadas a cimentar o crecemento económico, a sustentabilidade e a cohesión social dunha cidade e para isto precisan de espazos con equipamentos, recursos e coas infraestruturas operativas precisas para desenvolver a súa actividade. Así, a creación de parques empresariais ou industriais permite a retroalimentación do sector empresarial que con esta localización crea unha separación de espazos entre as localizacións de desenvolvemento industrial e os espazos urbanos.

Hai algo máis de catro décadas poñíase en marcha o Polígono industrial de O Ceao, un polígono que permitía á industria lucense instalarse nun lugar que sería o motor da economía da cidade e da provincia. Ante a case total ocupación deste polígono e a demanda existente, posteriormente púxose en marcha o Polígono de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

As Gándaras que veu a dar resposta á demanda existente de superficie industrial. Tal é así que a día de hoxe xa hai dúas fases deste polígono con toda a súa superficie adxudicada e estase a realizar unha ampliación de 140 parcelas (terceira fase) e xa están en previsión as seguintes fases.

Pero non só se trata de dar superficie e parcelas, os polígonos precisan servizos e infraestruturas axeitadas e que faciliten a actividade empresarial. Así, en Lugo, faise preciso mellorar a conectividade entre ambos parques así como os accesos a cada un deles para posibilitar a implantación e a consolidación empresarial. Estamos a falar dunha demanda compartida coas asociacións empresarias e que é clave para a competitividade do municipio.

É por isto que o Partido Popular presentaba unha serie de emendas aos orzamentos nacionais, pedindo, entre outras, 'habilitar unha consignación para facer vías de servizo paralelas a A-6 co ánimo de desconxestionar os accesos ao polígono do Ceao así como facilitar as entradas e as saídas de vehículos do polígono das Gándaras' e para o desdoblamento e iluminación da Ronda Norte xa que na actualidade presenta uns elevados índices de circulación. Ambas solicitudes foron rexeitadas polo goberno central.

Ademais das conexións do Polígono industrial das Gándaras, tamén é preciso maior implicación do Concello de Lugo no mantemento viario, limpeza, mantemento de beirarrúas, zonas verdes... xa que se atopan nun deficiente estado de mantemento.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. O Concello de Lugo inste ao Goberno de España, como titular destas infraestruturas, a iniciar os traballos necesarios para o Desdoblamento e iluminación da Ronda Norte así como deseñar unha vía de servizo que conecte a A-6 co polígono das Gándaras. Contando no seu deseño co asesoramento necesario e criterios marcados polo Concello de Lugo e a Xunta de Galicia."

Visto, así mesmo, que no transcurso do debate se presenta a seguinte emenda, que é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición:

- Emenda do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, na que se propón substituír o termo de "deseñar" polo de "estudar a posibilidade".

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coas modificacións introducidas pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.

- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Instar ao Goberno de España, como titular destas infraestructuras, a iniciar os traballos necesarios para o Desdoblamento e iluminación da Ronda Norte así como estudar a posibilidade dunha vía de servizo que conecte a A-6 co polígono das Gándaras. Contando no seu deseño co asesoramento necesario e criterios marcados polo Concello de Lugo e a Xunta de Galicia.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tres minutos para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Señor Santos, supoño que non viu hoxe os medios de comunicación, pero o convenio da Intermodal vai precisamente hoxe ao Consello da Xunta.

Pero o problema de Lugo non é a Intermodal, a Intermodal está moi ben que se vaia facer. O problema de Lugo é que non hai trens. Se non hai trens, non hai conectividade, como vostede di, salvo que teñan improvisado ter unha porta para teletransportarnos, como en StarTrek ou o gato de Doraemon para levarnos de Lugo a Madrid. Pero é que non hai trens, e sen trens non se pode viaxar.

Señor Santos, é que de verdade ás veces son obviedades tan grandes as que hai que dicir neste pleno que é case ata insultante.

Accesos aos polígonos industriais, 53 millóns de euros leva invertidos a Xunta de Galicia no polígono das Gándaras. Esta cantidade certifica o claro compromiso da Xunta de Galicia como a única administración que realmente está creando solo industrial na nosa cidade. Máis de 2 millóns de metros cadrados, 270 parcelas... E segundo se van terminando están todas adxudicadas sen excepción.

Realmente é un éxito, tan éxito que o propio Alfonso Rueda hai uns días nunha visita ás obras do polígono, xa anunciou que se vai seguir implementando e ampliando estas instalacións.

E ata aquí ningún pode discutir nin rebater estes datos. Si é certo que en canto este polígono, que é un dos mellores de Galicia, pasa a mans do Concello de Lugo cando se lle fai a cesión a situación xa non é a mesma. Porque é unha pena que Lara Méndez, cando estivo o día da visita do presidente Rueda, non fose dar unha voltinha polo polígono das Gándaras na fase 1 e vira como está realmente a parte que depende do Concello: tapas de sumidoiros que levan anos arrancadas pola xente que vai roubar chatarra e que están deixando abertos ocos e caídas de varios metros de profundidade, que son perigo que levan anos sen repoñer. Non foi a ver que non hai contedores porque os contedores téñenos que comprar directamente os

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

particulares, perdón, neste caso, os empresarios. Ou que a maleza está dominando as zonas verdes que nos custaron aos lucenses un millón de euros e que agora son unha selva no pleno polígono das Gándaras de Lugo. Por non falar dos problemas de seguridade cando, por exemplo, no Ceao, está o circuíto de cámaras de seguridade apagadas.

Pero si estamos de acordo e si concordamos coa proposta da señora Méndez, que lanzou na súa nota de prensa, de que é necesario conectar o polígono das Gándaras coa autovía A-6. É certo que é necesario. E cando se di algo que é verdade, nos apoiámolo. Pero é que tan certo é que o levamos dende o Partido Popular ao Congreso dos Deputados nestas emendas aos Presupostos Xerais do Estado, nas que pedimos precisamente dúas cousas, que son a necesidade do polígono. Primeiro, desdobrar a Rolda Norte, titularidade do Ministerio de Fomento e darlle iluminación. Por que? Porque é a conexión principal dos viais que construíu a Xunta de Galicia do Polígono das Gándaras para conectalo co resto da cidade e coa autovía A-6. Por tanto, desdoblamento da Rolda Norte. Votaron en contra no Congreso.

E o mesmo cando pedimos facer unha vía de servizo na A-6 para conectar o polígono das Gándaras, que fixo a Xunta de Galicia coa A-6, titularidade do Ministerio de Fomento. E saben que fixeron? Votar un en contra tamén.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANIEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Hablando de prioridades, sin duda, otra de las que debe ser una prioridad para una ciudad como Lugo es su suelo industrial.

Hablábamos en algunos otros plenos de lo importante que es crear riqueza, de lo importante que es crear oportunidades, de que la gente pueda emprender, se puedan crear empresas, puestos de trabajo... Para que esto se pueda hacer, para que esto se pueda lograr, efectivamente necesitamos unos polígonos industriales competitivos.

Bueno, pues ya el año pasado la Asociación de Empresarios de As Gándaras reclamaban que efectivamente se hiciera el desdoblamiento de la Ronda Norte. Y ya en aquel tiempo daban un dato que yo creo que es importante, porque hablaban que de 2015 a 2019 se aumentó en 3.000 vehículos los usuarios de esta vía. Y decían que era necesario.

Esa misma progresión nos ha llevado hasta hoy. Podemos decir que ahora mismo estamos cerca del 80% de aumento de usuarios por tráfico rodado y mucho de él se supone que son camiones. Es decir, vehículo de alto tonelaje, que solo por eso ya necesitan accesos más grandes, más seguros...

Bueno, pues cuando el suelo industrial de Lugo y el tejido que lo conforma, es decir, las personas que lo forman, están pidiendo esto, por algo será.

Lo que tienen que hacer las administraciones sin duda es hacerles caso, y hacerles caso es mejorar los accesos con la autovía.

Y mejorar los accesos con la autovía no tiene la misma importancia que puede tener en Coruña o en Santiago. Porque Coruña y Santiago tienen tren, tienen aero-

puerto, pero en Lugo no tenemos. En Lugo estamos aislados. Entonces, el tráfico por carretera, todo lo que se pueda llevar a cabo a través de... es decir, todo el negocio que se pueda llevar a cabo a través de carretera se convierte en fundamental. Entonces las administraciones tendrán que poner todo de su parte para que efectivamente estas conexiones y estos polígonos puedan competir en igualdad de condiciones, que ya es difícil, pero competir con algún tipo de posibilidad de éxito con otros polígonos que tienen muchos más medios.

Con esto, lo que queremos decir es que si no tenemos un buen ferrocarril, no tenemos aeropuerto, pues lo que habrá que hacer es invertir en carretera.

Y conectar estos polígonos con la A-6 o con las autovías principales nos daría opciones competitivas frente a otros polígonos, porque hay que recordar que polígonos de ayuntamientos vecinos, gobernados tanto por el Partido Popular como por el Partido Socialista, resulta que están siendo más atractivos para muchos empresarios que lo están siendo los de Lugo.

Y eso es algo que Lugo no se puede permitir, sin esta inversión en riquezas, sin esta generación de empleo no hay futuro para Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do BNG, o seu portavoz. Tres minutos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas alcaldesa. Moi bo día. Ben, con respecto a esta proposición, que realmente o acordo final ten dúas partes: por un lado Rolda Norte e por outro lado o que é o enlace coa A-6 do polígono das Gándaras, primeiramente, co desdoblamento da Rolda Norte estamos totalmente de acordo. Eu creo que é algo co que está todo o mundo de acordo, que é necesario e ligado a isto tamén, sobre todo máis necesario incluso, o alumeado, porque co desdoblamento evidentemente vai mellorar esa infraestrutura, que a día de hoxe aínda ten capacidade para levar ese tráfico, pero o alumado dende logo si que é unha cuestión de seguridade mais, sobre todo, no contorno da rotonda que hai en Albeiros, que de feito aí incluso cruzan peóns e adóitanse dar situacións de risco que fan que isto sexa máis urxente.

Pero por outra banda non estamos moi de acordo co tema do enlace do polígono coa A-6. E non é que esteamos en contra de que se conecte, senón pola situación que ten este polígono. Xa se ten estudado no pasado que é imposible tecnicamente conectalo directamente coa autovía. Non se pode pola normativa de estradas vixente e polas distancias que hai entre as outras dúas saídas. E a alternativa que se propón aquí parece en principio moi complicada. De feito, algunha persoa coñecedora destes temas, xa ten falado diso, de que é moi complicada. Por que? Porque a conexión que se está a falar para levala esta vía de servizo, pois podería ser ou cara ao Ceao ou cara a saída da Campiña, ambas as dúas son bastante problemáticas.

Se a levásemos cara a Campiña podería ser unha opción levala cara á rotonda que está máis próxima á A-6. Que acontece aí? Primeiro que habería que facer a demolición de varias casas dun núcleo concreto de Muxa. Non hai outra alternativa para pasar un vial destas características.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

En segundo lugar, sería conectala cunha rotonda que ten catro viais principais máis dúas vías de servizo. Polo tanto, sería crear unha rotonda moi complicada para xestionar ese tráfico cando se supón que unha vía destas características vai ter un volume de tráfico bastante importante.

Levalo á rotonda intermedia sería totalmente imposible, porque suporía a demolición de varias naves e ademais de bastantes casas, que afectarían incluso á propia urbanización que hai na Campiña. Na terceira rotonda, pois xa temos directamente a conexión coa Rolda Norte.

Se a levásemos cara o outro lado, cara o lado do Ceao, agora mesmo ten a conexión a través da rúa da Industria, pero se o levamos á rúa das Leiteiras, realmente quedaría conectado por un lado, pero non polo outro. Porque o tráfico que veña da autovía para entrar no polígono das Gándaras vai ter que subir ata a rúa da Industria igualmente. Polo tanto, non vai solucionar esa problemática.

Polo tanto, cremos que esta parte é moi complicada pola situación que ten o polígono e mellorar esas conexións vai ser moi difícil.

En todo caso, non cremos que polo menos agora mesmo sexa viable. Polo tanto, estamos de acordo na primeira parte, pero pediríamos que se elimine o que é relativo, pois neste caso, á conexión da A-6 co polígono das Gándaras por, basicamente, unha cuestión de que non é viable.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo. Saben, señores do Partido Popular, señor Ameijide a diferenza entre vostedes e nós? Pois vóllela dicir eu. Miren, é que nós priorizamos sempre o interese xeral da cidade por riba de calquera outra consideración. E se para iso é preciso posicionarnos fronte a outros gobernos, incluso do mesmo signo político, non o dubidamos. Porque primeiro sempre a cidade e primeiro sempre os veciños e veciñas de Lugo.

Mentres vostedes convértense nese ariete defensor a ultranza da Xunta de Galicia, teñan ou non teñan razón, e prexudiquen ou non á cidade. Sen importarlles nin os incumprimentos da Xunta con Lugo nin as negativas repercusións que poden ter para os veciños.

Recordarán que no pasado Pleno falabamos do Museo da Romanización, do Plan Paradai, da Rolda Leste... Só por poñerlles algún exemplo. A pregunta é: levantaron vostedes a voz unha soa vez durante todos estes anos para reclamar esas infraestruturas imprescindibles, reiteradamente prometidas e sempre incumplidas?. Fixérono? Non o fixeron. E seguen coa mesma tesitura, porque, verán, todos sabemos que o da Ronda Leste que presentaron, non se vai cumprir.

E non se vai cumprir sinxelamente por unha cuestión de prazos. Pero non pasa nada. Non pasa nada. Volverana a orzamentar para o ano que vén e así sucesivamente ata completar eses dezasete anos, tres lustros que levamos.

E non debería de ser así, porque polo ben da cidade cadaquén debía de asumir as súas responsabilidades.

E voulle dicir que a conexión dos polígonos, lles guste ou lles deixe de gustar, é competencia da Xunta de Galicia, independentemente de que o Goberno do Estado debe tamén participar na solución, pero a responsabilidade directa corresponde á Xunta de Galicia.

Vostedes levarán, como dixo, investidos 53 millóns de euros, pero non solucionaron o tema da conectividade ou polo menos tampouco tomaron a iniciativa de recabar o apoio doutras administracións que teñen tamén competencias no asunto. Non o fixeron.

Por iso, en coherencia co que lles digo, pois, primeiramente, apoiamos solicitar ao goberno do Estado ese desdoblamento e esa iluminación que é necesaria, que xa a fixo a alcaldesa, que xa o ten feito, polo tanto, unha vez máis vostedes chegan tarde e no seu lugar presentamos unha emenda *in voce*, que diría algo así: "*O Concello de Lugo insta ao Goberno de España, como titular destas infraestruturas, a iniciar os traballos necesarios para renovar a iluminación da Rolda Norte, así como instar á Xunta de Galicia en función das súas competencias a deseñar unha vía de servizo que conecte a A-6 co polígono das Gándaras, contando no seu deseño e asesoramento necesario e criterios marcados polo Concello de Lugo, e recabando apoio e colaboración do Goberno central*". Moitas grazas

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda a quenda. O portavoz do Partido Popular, minuto e medio.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Agradezo o ton do señor Arroxó no estudio desta iniciativa e si que é certo que obviamente a Rolda Norte, o máis sinxelo, o máis de sentido común para levar a cabo e que é certo que a complexidade técnica de facer unha vía de servizo na A-6, efectivamente hai que estudala. Por iso a proposta vai enfocada a ese estudo, entre as tres administracións de ver como se podería enfocar.

De feito, a nosa emenda aos Presupostos Xerais do Estado dende o Grupo Parlamentario Popular, era precisamente a contratación dun estudo para ver a viabilidade. Por iso estamos completamente de acordo no seu plantexamento e quero que saiba que esta é a filosofía precisamente da iniciativa: estudalo e, se non é viable, obviamente nós non imos ir contra a técnica. Non propoñemos o teletransporte como o señor Santos na estación intermodal. Nós o que propoñemos son cousas serias.

Realmente preocúpame a actitude do Partido Socialista, porque... "Lara Méndez demanda junto a las asociaciones empresariales de los polígonos la conexión del parque industrial de As Gándaras coa A-6". Home, dicir que non é competencia do goberno do Estado a A-6, a conexión coa A-6 e o desdoblamento da Rolda Norte é pouco menos que rirse na cara dos lucenses.

Señor Fernández, sabe que o aprecio persoal que lle teño me impide ser máis duro neste debate, pero realmente é rirse dos lucenses.

Non imos modificar a iniciativa, porque precisamente a leu moi ben. O que pedimos é que se deseñe unha vía de servizo que conecte a A-6 co polígono das Gándaras,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

contando no seu deseño co asesoramento necesario e os criterios marcados polo Concello e a Xunta de Galicia.

Colaboremos entre os tres, pero obviamente, nunha autovía a competencia é estatal. Míreo por onde o mire, dende o vértice no que o queira analizar. É que isto non hai xa nin que repostalo.

Seguimos sen autovía a Ourense. Seguimos sen autovía a Santiago. Seguimos sen tren e seguimos sen investimento...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias, bueno, pues parece que algo hemos avanzado. Estamos de acuerdo en el desdoblamiento y en la iluminación y eso ya es importante. Compartimos con el Bloque que, efectivamente, la iluminación es una de las formas de dotar de seguridad a la zona y parece que divergimos en cuestiones técnicas.

Entonces, desde nuestro grupo nos parece que lo más razonable es que si estamos de acuerdo en la intención, en el objetivo, pero diferimos en lo técnico cuando no somos técnicos, pues que menos que apoyar una propuesta que lo que pide es que efectivamente se estudie.

Una vez estudiado este proyecto si resulta que, efectivamente, técnicamente no se puede, pues habrá que buscar otras opciones, pero el consenso en que los polígonos industriales necesitan tener mejores accesos para ser competitivos, creo que no está en debate. Entonces a partir de aquí entendemos que aprobar una propuesta que simplemente quiera formalizar este estudio para tratar de llevar a cabo algo con lo que estamos de acuerdo, no podemos hacer otra cosa más que apoyarlo. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois segunda quenda para o portavoz BNG.

- **RUBÉN ARROZO FERNÁNDEZ:** Grazas. Pois, ademais en base ao que se dixo e tendo en conta as dificultades técnicas que se presentan ante isto, a nosa enmenda *in voce* é a de substituír, deseñar, o termo deseñar polo de estudar a posibilidade, porque evidentemente o primeiro é saber se é posible. Nós, polas informacións que temos e polo que temos contrastado, semella que non é posible levalo adiante.

En todo caso, non temos ningún problema en que se faga ese estudo, pero dende logo bastante antes de poder deseñar e dar os pasos xa pertinentes para levar adiante un proxecto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, pois, desgraciadamente, se confirma o que xa sabiamos: que o Partido Popular prioriza os seus intereses partidistas fronte ao interese xeral.

E confésolles unha cousa: eu na carta aos Reis Magos fixera unha petición... Máis ben un desexo, que é que o Partido Popular desta cidade, polo ben da cidade e dos veciños, cambiara e apoiara todas aquelas iniciativas beneficiosas para a cidade, independentemente da cor política ou do partido que as presentara. Está claro que non mo van conceder. E síntoo pola cidade e polos veciños. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda, 30 segundos, para o portavoz propoñente desta iniciativa.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego e recollo o guante que lanza o señor Fernández. Efectivamente, é un momento para pensar e demostrar neste salón de plenos a coherencia. A coherencia da alcaldesa e sobre todo cando toca escoller no Partido Socialista e cando a alcaldesa de Lugo ten que escoller entre Lugo e o Partido Socialista que demostre a quen escolle. Cando lle toque escoller entre Lugo e Besteiro, que demostre a quen escolle. Cando toque escoller entre Lugo e Sánchez, que demostre a quen escolle. Porque eu teño máis claro que o único interese da alcaldesa é escollerse a si mesma, ao Partido Socialista, a Besteiro e a quen toque, pPero sempre queda en último lugar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Pois tampouco tiña moita intención de intervir, pero a tantas alusións neste debate, ademais baseadas na falta de rigor total e exclusivamente.

Como o feito da intermodal, que me preguntaban á entrada do pleno e trasladada que era moi boa nova, que por fin a Xunta de Galicia levava a aprobar ese convenio para poder asinar a tres bandas ese proxecto. Gran proxecto. Un proxecto, por cento, que o Partido Popular meteu nun caixón no ano 2012. Meteuno nun caixón unha vez que estaba, porque parece que hai que recordalo continuamente, estaba aprobada e adxudicada a redacción do proxecto e non lles pareceu unha obra prioritaria. No ano 2012. Ao mellor se tivese seguido para adiante nese momento, ao mellor hoxe, ano 22, tiñamos xa a Intermodal realizada.

E estaríamos pelexando para seguir mellorando esa infraestrutura, e que falen da falta de trens. Pois para que cheguen os trens a Lugo o primeiro que hai que facer é mellorar a vía. E sabe que se fixo dende o ano 2011 ao 2018? Cantos euros investiron na mellora desa infraestrutura? Cero euros! Cero euros!

No ancho de vía e na electrificación, cero euros. E sen ancho de vía e sen electrificación... Oh! Non chegan os trens.

E canto investiu o goberno do Partido Popular cando estaba en Madrid? Cero euros. E canto leva investido o goberno de Pedro Sánchez dende que chegou no ano 2018. En catro anos. En catro anos. Máis de 560 millóns de euros. Só nesa infraestrutura.

E segue sendo necesaria? Si. Hai que seguir investindo? Si. Imos seguir reclamando? Por suposto que si.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Porque nós, como xa temos demostrado neste pleno en moitas ocasións, independentemente de quen governe cada administración, as demandas seguen a ser as mesmas porque as necesidades de Lugo seguen a ser as mesmas.

E mentres haxa unha necesidade en Lugo, vai ter a esta alcaldesa á fronte reivindicando para conseguir esas melloras. E como xa se lle trasladou neste pleno, imos seguir demandando o desdoblamento da Rolda Norte, imos seguir demandando a iluminación da Rolda Norte, como xa teño feito, como xa lle teño trasladado ao delegado do Goberno, á secretaria de Estado, á propia ministra... En distintas reunións que tivemos mantido e que seguiremos mantendo.

E imos seguir reivindicando todo aquilo que sexa bo e necesario para a nosa cidade. Porque como temos tamén demostrado neste pleno, por poñer un exemplo, cando había que solicitarlle esa devolución do IBI ao Goberno central fomos os primeiros en apoialo. Os primeiros. Para sorpresa do Partido Popular, porque creu que íamos votar en contra, pero xa que lle temos manifestado en moitas ocasións, en moitas ocasións, que as prioridades da nosa cidade e dos nosos veciños e veciñas son as prioridades deste equipo de goberno. Hoxe e sempre, independentemente, xa digo, quen governe.

É certo que defendín esa conectividade. E tamén llo trasladei nesa reunión que mantiven co presidente da Xunta o anterior e o actual. Díxenlle que hai que seguir desenvolvendo o solo industrial porque hai demanda. Moita demanda. E a demanda visualízase que no momento en que se pon a disposición enseguida quedan adxudicadas e, como hai esa demanda, que se siga desenvolvendo.

E agradecínllo tamén ao presidente ese compromiso de seguir desenvolvendo.

Porque tamén, cando se está a facer as cousas na orde e na liña que se teñen que facer, tamén o recoñecemos. E tamén lle pedín que non só se trataba de facer solo industrial, senón darlle conectividade. A conectividade do solo teralla que dar quen é o titular tamén do solo e quen está desenvolvendo o solo industrial, competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

E, polo tanto, pois tamén llo trasladei nesa reunión.

Pero vostedes son moi amigos de poñer deberes a aqueles gobernos que non gobernan. E en cambio cando teñen as competencias e cando gobernan non fan absolutamente nada.

Porque ese desdoblamento que é imprescindible e nós reivindicamos ao goberno central, ao goberno de Pedro Sánchez, tamén lle reivindicamos ese desdoblamento, esa ampliación da Rolda Leste á Xunta de Galicia, dende o ano 2011, que se finalizou a primeira fase, impulsada polo bigoberno da Xunta, polo bipartito da Xunta naquel momento. E que vostedes, dende que entraron no goberno da Xunta, non fixeron absolutamente nada. E véñennos anunciando, previo ás eleccións, por iso a incredibilidade do mesmo, porque xa nolo anunciou o Partido Popular nas eleccións do ano 19 e en catro anos non fixo absolutamente nada, non foi quen nin de poñer a exposición pública o trazado nin debater o trazado. En catro anos, que ademais iso non ten custo económico, pero claro, se se dá ese paso, despois hai que seguir apostando pola infraestrutura.

E agora, pois outra vez, cinco meses antes dunhas eleccións, volvemos novamente cun proxecto de Rolda Leste que xa antes de presentalo dis que hai que modificalo,

e eu o teño solicitado, pero aínda non teño resposta por parte da Xunta de cal é o proxecto que se pretende aplicar na nosa cidade.

Polo tanto, pois, como digo, non somos todos iguais. Por moito que o Partido Popular insista en todos os eidos de que quere facer pensar que todos somos iguais e non somos todos iguais, e o noso goberno está para e por defender os intereses dos veciños e veciñas de Lugo. E, polo tanto, os intereses da cidade de Lugo, como se ten amosado neste pleno e en moitos plenos anteriores.

Imos proceder á proposta do Grupo municipal do Partido Popular coa emenda presentada polo Partido Socialista, rexeitada, e coa emenda presentada polo BNG, aceptada.

11/180 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 411/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO Á IMPLANTACIÓN DUNHA PROBA ÚNICA EN TODA ESPAÑA DA AVALIACIÓN DO BACHARELATO E ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) QUE GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ACCESO Á UNIVERSIDADE (Exp. 2022/G004/001087).

Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

“O dereito á educación recóllese no noso país no artigo 27 da Constitución, que, ademais, sinala o deber dos poderes públicos a garantilo. O obxectivo deste dereito é ‘o pleno desenvolvemento da personalidade humana’. Para facelo efectivo, o sistema educativo debe respectar os principios de liberdade e igualdade, aspirando á excelencia de calidade no ensino. Para o Partido Popular a liberdade de elección e a igualdade de oportunidades son os principios reitores da política educativa.

Con todo, a realidade actual non ofrece as perspectivas de desenvolvemento polas que avoga este partido. A aprobación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación) supuxo un retroceso á hora de avaliar os coñecementos dos nosos mozos e de dotarlles das competencias e coñecementos necesarios nunha economía global.

Cada curso académico máis de 300.000 estudantes poden examinarse da proba de Acceso á Universidade coñecida como ABAU (Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade). A partir da chegada ao Goberno de Pedro Sánchez, esta proba trivializouse considerablemente. Con iso desaparece a capacidade para ordenar aos estudantes, segundo o esforzo realizado no acceso á Universidade.

O obxectivo da ABAU ten unha dobre función: en primeiro lugar, permite o acceso ao Sistema Universitario Español (e, polo tanto, a calquera das universidades que o conforman) e; en segundo lugar, as notas que se obteñen na avaliación utilízanse para a admisión en cada titulación. Este sistema segue un

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

proceso de concorrencia competitiva que depende da oferta de prazas de cada titulación e da súa demanda. De feito, as titulacións máis solicitadas requiren unha nota moi alta.

Con todo, as probas non son iguais para todos os estudantes, debido a que se produce unha distorsión no sistema desde a perspectiva da equidade e da eficiencia. Ao longo do territorio español asistimos a probas diferentes con distinta estrutura ou bloques de contidos e con diferentes criterios de corrección. A dificultade do exame depende do lugar onde viva o estudante. Motivo polo que o Partido Popular oponse a esta distorsión do sistema educativo.

A proposta do Goberno de ABAU consiste nunha nova proba de acceso á universidade baseada nun exercicio xeral de madurez que substituirá aos exercicios das materias comúns e outro que corresponderá ao exercicio específico sobre a materia de modalidade elixida polo estudante. Este exame presenta a dificultade da súa difícil obxectivación e máis complicada homologación ao variar entre comunidades.

Isto é máis grave cando a LOMLOE permite examinarse aos estudantes da ABAU con materias suspensas, como sucede na Rioxa, País Vasco, Comunidade Valenciana, Castela A Mancha, Estremadura, Canarias, Baleares, Cataluña e Navarra. Como resultado, e dependendo da orixe xeográfica, un estudante pode atoparse en desvantaxe para acceder a unha titulación respecto a outros, só pola esixencia académica á que se enfrenta.

Ademais do rexeitamento do Partido Popular, a nova ABAU suscitou a oposición da comunidade educativa. Por exemplo, a Real Academia da Lingua (RAE), l'Institut d'Estudis Catalans (IEC), a Rede Española de Filosofía, historiadores e os coordinadores do exame de Lingua Castelá e Literatura solicitan a retirada do borrador elaborado polo Ministerio de Educación porque se expuxo sen diálogo algún e porque supón unha redución inadmisíbel dos contidos e a esixencia.

A RAE critica igualmente a falta de concreción das competencias esenciais a avaliar e a mestura de materias como as lingüísticas, Historia e Filosofía nun mesmo texto. O Consello Escolar do Estado e o Consello de Estado tamén advertiron que eran uns currículos complexos e indeterminados.

En resumo, á ruptura do principio de igualdade de oportunidades e a rebaixa do nivel de calidade e esixencia do sistema educativo únese a disparidade dos resultados da ABAU que, ano tras ano en función da Comunidade Autónoma onde se realicen as probas, orixina a preocupación de miles de alumnos e as súas familias.

Por este motivo, existe unha demanda crecente para que a ABAU sexa igual en todo o territorio español, co obxectivo de que os alumnos teñan as mesmas oportunidades, tanto no acceso como na admisión á Educación Superior. Unha proba única tería vantaxes engadidas como a avaliación do sistema educativo no seu conxunto.

O Estado social e democrático de Dereito non pode aceptar que a educación sexa un factor de desigualdades territoriais no conxunto da nación, e debe exercer as competencias que o artigo 149.1.30 da Constitución atribúelle en materia educativa.

Por todo elo, ou Grupo Municipal Popular que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde instar ao Goberno a:

1. Implantar, en coordinación coas Comunidades Autónomas, unha proba única en todo o territorio español de Avaliación do Bacharelato e Acceso á Universidade (ABAU), coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades e equidade de todos os alumnos con independencia do lugar en que realicen a proba.
2. Aprobar uns currículos comúns de Bacharelato claros, concisos e de alta calidade científica, elaborados por unha Comisión independente, formada por membros que designen as Reais Academias
3. Retirar a proposta do Goberno para a reforma da ABAU, que desvaloriza o bacharelato e a calidade do sistema educativo.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois tres minutos para o Partido Popular, para a súa portavoz.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Grazas, alcaldesa. Un día máis. estamos aquí intentando arranxar o que outros desfán. Pedíralle aos partidos que están no goberno que, como propósito de aninovo, se comprometan a non tocar os temas dos que non saben.

E se o fan, que sexa constatado por expertos, pero dos de verdade. Non das amizades de algúns, que poñen a tarxeta de visitas preto do Ministerio X, pero despois non saben nin abrir o correo electrónico.

Algún pensará que estas verbas son duras. Pero non, señoras e señores. É pouco o que digo en comparación ao dano que se está a facer neste país con respecto á educación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Como, por exemplo, o que nos trae hoxe aquí. A nova ocorrencia do Ministerio de Educación dunha reforma da ABAU ao seu antollo.

Esta reforma suscitou a reacción en contra da comunidade educativa. E non é que o digamos o Partido Popular, é que o consideran diferentes organismos como a RAE, que, por exemplo, di que se reducen considerablemente os contidos da Lingua e Literatura que os estudantes deben dominar; que a proba de acceso, avaliando conxuntamente, mestura competencias de múltiples materias, como todas as Lingüísticas, Historia e Filosofía; que non se especifica que competencias son esenciais, e por que se lle teñen que impoñer contidos imprescindibles; que non se tivo en conta a opinión dos profesores de Bacharelato nin dos coordinadores das Probas de Acceso á Universidade.

Tamén a consideran desfavorable o Instituto de Estudos Cataláns, a Rede Española e Filosofía, a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Autónoma de Barcelona, os coordinadores coordinadores de exame de Lingua Castelá e Literatura... Todo eles solicitan a retirada do borrador elaborado polo Ministerio, porque se planearon sen ningún diálogo, e supón unha redución inadmisíbel dos contidos e a esixencia, xa que de todos é sabido que múltiples comunidades permiten examínarse da ABAU con materias suspensas.

A Red advirte tamén que a ABAU proposta non pode valorar a adquisición das competencias por parte dos alumnos, porque carece do desenvolvemento textual para medir a capacidade destes, para construír argumentos complexos e loxicamente articulados.

Que é o que quere o goberno? Xente que non saiba explicarse, que non entenda o que se lle di, que non poida construír argumentos dende o seu propio pensamento? Recordemos que no ámbito da educación Galicia, xunto con Castela e León, están recoñecidas como as mellores de España. Acompañadas polos seus bos resultados. Polo tanto, queda claro que teñen a quen pedir consello ou opinión.

Porque de feito só hai que observar a nova lei de FP do Goberno deste ano. Boten un ollo á que levamos implantada en Galicia dende fai anos.

E por se todo isto fose pouco, cabe destacar que a señora ministra de Educación quere unha nova proba de acceso, baseada nun exercicio xeral de madurez que sexa sinxelo de aprobar. Supoño que iso tamén se lle poderá solicitar a todas as políticas e políticos que están a gobernar o noso país, porque moitos deles, a día de hoxe, aínda non demostraron ter a madurez adecuada para xestionar un país.

Esta proba, que elaborará cada comunidade autónoma ao seu parecer, ampliará as diferenzas entre as distintas rexións pola súa difícil obxectivación e máis complicada homologación.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o grupo de Ciudadanos. Tres minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. En primer lugar, decir que se comparte al 100% lo que acaba de exponer la compañera del Partido Popular. Y lo compartimos al 100%, no solo por las cuestiones a las que alude de que la

comunidad educativa en gran parte, o de forma mayoritaria, apoya esta propuesta, sino que además nuestro partido político a nivel central ya lo pidió.

Ya lo pidió en 2015-2016. Pero recientemente en el 2018, e incluso llegó al Parlamento en el 2019, donde se pedía esta unificación de la prueba de la EBAU

Pero sí es cierto que aun estando de acuerdo al 100% con la concejala del Partido Popular, no podemos compartir que ahora el Partido Popular se sume a esta propuesta, porque, aunque estamos de acuerdo con que se sume, nos parece incoherente con el hecho de que en los anteriores mandatos no se pidiera. ¿Qué ha cambiado? Si en realidad lo que nosotros veníamos denunciando, los problemas que se podían provocar, son los que ahora se están denunciando. Nosotros ya lo veníamos denunciando en su día. Pues esta propuesta claro que la vamos a apoyar, pero hay que ser conscientes de la gravedad que tiene, porque lo que ya denunció Ciudadanos en su día, que podía provocar esta no unificación, al final ha tenido perfecto reflejo en todas las cosas que efectivamente comentaba la compañera. Pero es que, además, cuando desde ciudadanos decimos que se tiene que unificar esta prueba, precisamente es porque creemos en un principio básico, que es el principio de igualdad. Si uno cree en un principio, en el principio de igualdad de oportunidades, no puede ser que oigamos que se comenta que la Selectividad o la EBAU de Galicia es más o menos difícil que la de Castilla La Mancha, que la de Canarias. Es más o menos difícil que la de Madrid. Eso no puede existir. Tiene que haber un criterio único, porque tiene que reflejarse esa igualdad, que está consagrada constitucionalmente, también a la hora de hacerse las pruebas de acceso a la universidad. Es decir, que esta propuesta no solo es buena, no solo es operativa, sino que además, legalmente hablando, tiene apoyo nada más y nada menos que en la propia Constitución Española y por ello entendemos que debe prosperar. Nada más y muchas gracias.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Quenda agora para o grupo do BNG. Tres minutos.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas. Moi bo día a todas e a todos. Non vou defender a LOMLOE nin a proposta esta da ABAU. Haberá quen o faga. Voume centrar nun detalle que me chama moito a atención.

De todas as razóns polas que a LOMLOE podería non gustar ao PP, hoxe veñen a criticar a proba de Selectividade. Seguramente porque foi o último anuncio que vén de facer o goberno do Estado e, seguindo este principio de que todo está mal, pois había que estar en contra. Pero chámame a atención de por que están en contra, o motivo da oposición. É un tic que lles dá cada vez que escoitan falar de comunidades autónomas e de educación, sobre todo. Se é de comunidades autónomas e de educación, entón xa saltamos.

Dende o BNG temos unha posición clara sobre a selectividade. A selectividade sobra. Fai moitos anos que sobra. O futuro do estudantado non se pode decidir en tres días. Para demostrar o seu nivel, para demostrar o seu esforzo, a súa valía, hai toda unha vida, na idade na que se avalían, hai toda unha vida. No sistema educati-

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

vo e nomeadamente hai dous anos de Bacharelato, que para algo deben servir. Se non serven para sacarlle algunha conclusión, mal invento.

Así a todo, empeñarse en facer esta proba e seguindo a súa argumentación, pouco menos que o sistema proposto vos vai producir tan enormes distorsións que os máis malos estudantes van quedar sempre por riba e van copar as mellores carreiras, e os estudantes máis malos... Digo malos estudantes... entendémonos, van encher as carreiras e os bos van quedar sempre fóra.

Eu creo que non obedece a ningunha lóxica isto. É unha estratexia de alarma, de alarma xustificada, baseada en mentiras ou medias verdades. Neste caso, en mentiras directamente, e que de paso aproveitan para atacar ás autonomías, ao estado autonómico e a asunción de competencias por parte das autonomías.

Porque o modelo proposto xa é moi centralista, máis aló da formalidade de que poña na súa redacción que van ter que consultar ás comunidades autónomas, xa implica un modelo bastante uniforme.

O modelo do PP é o que vemos todos os días, e é o recorte de mil profesores, cando temos 20 mil alumnos máis que non o ano 2009. O apoio á concertada, que incrementa o seu orzamento a costa da pública e incluso permitindo a segregación por sexos, que isto si que LOMLOE si que lles vai poñer coto. E sobre todo cun desleixo total e absoluto pola lingua e a cultura do país que gobernan. Continúo na segunda intervención.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas. Ben, pois atopámonos diante dunha proposición, desas que lles envían desde Madrid, cunha forte carga ideolóxica e cun marcado tufillo electoralista. E é que o Partido Popular, sabedor de que en marzo se comezan a disolver (se disolven) os parlamentos autonómicos e posteriormente se celebran as sucesivas eleccións, pois tratan de rendibilizalo politicamente, sen importarlle a repercusión que xa está tendo no noso sistema educativo e amosando, unha vez máis, nula coloración e moi pouquiña coherencia.

Porque, miren, nos 14 anos e medio, co PP gobernando España, non fixeron nin o máis mínimo intento por implantar unha selectividade como a que agora están reclamando.

E máis recentemente na reunión preparatoria da Conferencia Sectorial do 2 de decembro, tres comunidades gobernadas polo Partido Popular votaron a favor da proposta do Goberno, que non era outra que a de ir a un apazamento, que é a decisión que finalmente se tomou.

E saben... e sabe, señora portavoz, que comunidade, xunto con Murcia e Andalucía tomou esta decisión? Pois dígollo eu. Foi exactamente a Comunidade Autónoma de Galicia. Claro, faltoulle tempo á Dirección Nacional do Partido Popular para chama-los a capítulo, e de paso aproveitar para rachar calquera contacto, calquera colaboración co Ministerio, que iso é realmente o que lles importa por todo este tema.

E solicitando ademais unha serie de cousas, a sabendas de que non se poden cumprir. Por exemplo, ... implantar unha proba única de avaliación do Bacharelato

en todo o territorio, algo que como saben pois resulta inviable, porque dende o momento en que as comunidades teñen competencias, como saben, completar os currículos educativos do Bacharelato, algo que fan as 17 comunidades no seus territorios, do que se derivan que os contidos que estudan os alumnos non sexan en parte o mesmo nos diversos territorios. Razón pola cal, seguramente, vostedes, cando tiveron capacidade de goberno a nivel estatal non o fixeron, pero que agora si que esixen.

Ou tamén dicindo que a lei permite examinarse en materias suspensas indiscriminadamente, cando do que se trata é realmente dunha medida excepcional, que ademais ten que contar co beneplácito do equipo do centro.

Fronte a esa posición, que está prexudicando ao sistema educativo español, o Ministerio e o resto das Comunidades, excepto as cinco gobernadas polo PP, manteñen unha postura, eu creo que construtiva e de diálogo, incluíndo ese aprazamento da selectividade para seguir negociando, para seguir falando, para seguir traballando o documento, e para implantar, pois, ese novo modelo educativo, que é necesario, e que xa imos tarde con respecto ao resto dos países do noso entorno, porque precisamente polos atrancos que estamos recibindo da oposición do Partido Popular.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda de intervención. Minuto e medio.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** O dereito á educación recóllese no noso país no artigo 27 da Constitución, esa que algúns xuran por imperativo legal. Que ademais sinala o deber dos poderes públicos a garantilo. O obxectivo deste dereito é o pleno desenvolvemento da personalidade humana. Para facelo efectivo, o sistema educativo debe respectar os principios da liberdade e igualdade, aspirando á excelencia da calidade no ensino.

Para o Partido Popular, a liberdade de elección e a igualdade de oportunidades son os principios reitores da política educativa.

Dende a aprobación da LOMLOE, e aquí lla nomeo, señor portavoz do BNG, á rotura do principio e de igualdade de oportunidades e á rebaixa do nivel de calidade e esixencia do sistema educativo, únese a disparidade dos resultados da ABAU que, ano tras ano, en función da Comunidade Autónoma onde se realizan as probas, orixina a preocupación de miles de alumnos e as súas familias.

Por este motivo existe unha demanda crecente para que a ABAU sexa igual en todo o territorio español, co obxectivo de que os alumnos teñan as mesmas oportunidades, tanto no acceso como na admisión á educación superior.

Unha proba única tería vantaxes engadidas como a avaliación do sistema educativo no seu conxunto. Os datos demostran que a inflación de notas que houbo non permite retribuír de forma correcto o talento e o esforzo. Como consecuencia, hai resultados que son profundamente inequitativos. O estado social e democrático de dereito non pode aceptar que a educación sexa un factor de desigualdades territoriais no conxunto da nación e debe exercer as competencias que o artigo 149.1.30 da Constitución atribúelle en...

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Intervención que comparto al 100%. Impecable. No hay nada que decir. Se alude exactamente a toma la normativa que nos obliga y que nos recomienda a esta unificación.

Pero sí es cierto que hay que significar que al final llegamos a este problema porque existe una cuestión de fondo, que me gustaría llamarle el instinto bipartidismo, pero parece que ha vuelto.

Pero el hecho de que llevemos décadas con varias leyes de educación nos trae estas cosas. Hay una inseguridad, y no solo al alumno sino también al profesorado y a la comunidad educativa que es lo que vienen llamando unos la incontinencia legislativa. Porque, claro, uno ya no sabe a qué agarrarse.

Y otro de los principios normativos de derecho que deben reinar en cualquier sistema es la seguridad jurídica. No existe seguridad jurídica en la comunidad educativa. Pero esta seguridad jurídica, a diferencia de lo que opinan por ejemplo en el Bloque, no puede pasar por crear diferencias. Dicen que esto es un ataque al estado de las autonomías. Lo que es un ataque al estado de las autonomías es creer que pueda haber comunidades de primera y de segunda. Lo que hay que promover es la igualdad. Eso es lo que hay que promover. Es que si me apuran no solo tendría que haber una prueba de EBAU para toda España. Es que si me apuran también para toda Europa. Es que es lo que tendría que haber. Es lo que significa igualdad de oportunidades.

Y dicen que es un ataque contra el estado de autonomías. Quien lo ataca es quien cree en las diferencias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do BNG, señor Rivas.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas. Quedábame comentando cal era o modelo educativo do PP. Este modelo tamén o podemos atopar na etapa posterior á selectividade da que hoxe falamos, onde están afogando a universidade pública, mentres se retorce a realidade e ata a lei, para montar unha universidade privada para Abanca, que supoño que algún favor estarán a pagar.

Se lle sobran competencias, hai quen está disposto a asumilas, para incrementar a calidade do sistema educativo galego e formar a persoas de forma integral e sa.

Que se trata diso. Formar persoas. Nin escravos, nin traballadores... Non. Persoas. É o máis importante.

Por iso é interesante unha proba de madurez integral. Sería interesante que a xente saíse con esa formación. Por certo, se as súas referencias, ás que fan referencia na moción, para facer as probas e elaborar os exames, en lugar da Comisión Interuniversitaria Galega é a RAE... Ben, os que anden polas redes ultimamente igual saben algo da polémica como termo "mamitis", que incluíron no diccionario. Pois iso,

xa sabemos cales son as súas referencias e por onde van os tiros. Nada máis e moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Socialista, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois eu creo que a exposición, as posicións están perfectamente definidas, incluída esa carga ideolóxica en relación ás autonomías e o ensino, da que se falaba.

Por iso seguindo co espírito de Nadal non vou cansalos con máis argumentacións. Simplemente unha brevísima reflexión. Debe haber ben poucas cousas importantes en Lugo para o Partido Popular, para que no último ano pleno do ano traia aquí unha proposición que nin é competencia municipal e que nestes momentos, como ben saben, está paralizada.

Por tanto, igual se lo debían de hacer mirar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois ultima quenda. 30 segundos para o grupo propoñente.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** É competencia de cada cidadán e de cada equipo educativo, e de cada estudante e de cada un de nós.

A consecuencia disto é que hai diferencias no acceso á universidade, desigualdades que son responsabilidades da política educativa do goberno, e é o motivo polo que o Partido Popular se opón a esta distorsión do sistema educativo. Pedimos igualdade de oportunidades para que os estudantes galegos que se queiran quedar en Galicia poidan facelo porque a terriña éche a terriña.

Non sei que problema teñen coa propiedade privada. É mala a competencia? Se vostedes non queren medrar pois ao mellor os demais si.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois debatida esta proposta. Imos proceder á súa votación.

12/181 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 412/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN NOVO APARCADOIRO NA ZONA CENTRO DE LUGO (Exp. 2022/G004/001088).**

Vista a citada proposición, do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo municipal, a lo largo del presente mandato, ha venido haciendo diferentes propuestas relacionadas con el problema crónico de aparcamiento que Lugo padece, en el que al gobierno municipal también se le ha visto trabar, lo que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

no significa en absoluto que el problema se haya corregido debidamente.

Podemos recordar que por parte del Gobierno local se anunciaba la reorganización de las plazas de aparcamiento en los aparcamientos subterráneos del centro de Lugo como consecuencia del problema de las dimensiones reducidas de éstas. Efectivamente se llevó a cabo esta reorganización de las plazas de los aparcamientos, convirtiéndolas en más anchas y cómodas, pero esto ha traído como consecuencia, la reducción del número de plazas de aparcamiento en el centro de Lugo de forma significativa, que podría cifrarse en torno a un 30%.

Igualmente recordábamos en su día que la creación del nuevo 'carril bici' por el Gobierno Local, también tenía incidencia, ya que, aun no afectando de forma directa al centro de la ciudad, si provocará una mayor circulación de vehículos en la ciudad, con todos los perjuicios de movilidad que ello conlleva, y que afecta a la urbe en su conjunto.

Este evidente problema del aparcamiento no es algo nuevo y podemos remontarnos al 2015, momento en el que se suprimió la zona ORA, dictándose un informe propuesta, que propuso iniciar una nueva ordenanza reguladora del servicio público de aparcamiento en la vía pública, pero el problema lejos de solucionarse se ha visto agravado día a día.

En el año 2017 representantes de los vecinos, comerciantes y hosteleros defendían la zona azul a lo que la alcaldesa Lara Mendez, en marzo de ese mismo año respondió planteando hacer una ORA con menos plazas y gratuita, lo cual tampoco ha llegado a implementarse.

Y es que el problema de falta de aparcamiento es especialmente grave porque tiene relación directa con la pérdida de actividad económica que el centro de Lugo que tantas veces hemos denunciado desde este Grupo. No tenemos ningún tipo de duda de que el proyecto de transformación previsto para el año que viene en vías de nuestro casco histórico como la calle Montevideo y adyacentes provocará un nuevo agravamiento del problema de aparcamiento, sino somos capaces de dotar a las inmediaciones de la zona centro de la infraestructura necesarios para dotar este espacio de aparcamientos disuasorios que den soluciones a las personas que por necesidad utilizan su vehículo para trasladarse a este punto de la ciudad.

Por ello, a través de la presente proposición se viene a proponer la creación de un nuevo aparcamiento público en el centro de Lugo, lo que sin duda servirá de acicate para el comercio local, facilitando a los ciudadanos de Lugo el acceso al centro histórico con mayor rapidez y comodidad y descongestionará el tráfico en esta área.

Dada la escasez de espacios para este fin, la creación de este nuevo aparcamiento proponemos que se lleve a término en el solar situado en la calle Castelao nº 27 que cuenta con más de 3.200 metros cuadrados de extensión, y con referencia catastral 7937016PH1673N0001QF, el cual es de titularidad privada lo que no impide a la administración negociar con los propietarios al objeto de llegar a un acuerdo respecto a su utilidad, dejando a criterio del equipo de gobierno la fórmula jurídica más adecuada. Este inmueble de más de 3000 metros cuadrados y situado a 2 minutos a pie la Muralla de Lugo cumple con las condiciones idóneas

para su aprovechamiento como aparcamiento público de considerable capacidad.

Tal y como ya hemos dicho públicamente en otras ocasiones 'Esta propuesta, de forma inmediata, redundará positivamente en el comercio local, pero también, puede suponer el comienzo de una correcta adecuación de la ciudad a la paulatina peatonalización de su casco histórico, permitiendo tanto a lucenses como a visitantes, aparcar sus vehículos en las inmediaciones del centro, y así poder transitar el mismo a pie'.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Ciudadanos Lugo presenta al Pleno de la Corporación para su debate y, si procede, aprobación, el siguiente,

ACUERDO

ÚNICO. - Instar al Gobierno Municipal para que realice las gestiones oportunas encaminadas a lograr un acuerdo que permita el uso y aprovechamiento de la parcela situada en la calle Castelao 27, en las que se pueda llevar a término la creación del oportuno aparcamiento público."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Instar ao Goberno Municipal para que realice as xestións oportunas encamiñadas a acadar un acordo que permita o uso e aproveitamento da parcela situada na rúa Castelao 27, na que se poida levar a cabo a creación do oportuno aparcadoiro público.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos o debate como grupo propoñente, para o portavoz de Ciudadanos. Tres minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Mucha gracias. Bueno, pues hoy traemos una de esas propuestas en las que seguimos creyendo, que pensamos que es propositiva y que además tiene que ver con los que se comenta muchas veces en este pleno y que también ha venido hoy a colación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

No es otra cosa que en creer en un Lugo, en creer en un Lugo de todos. Un Lugo que pueda crecer, un Lugo tenga ambición, un Lugo en el que se pueda crear riqueza.

Para que esto se dé, lo que hay que hacer es crear espacios más amables y más accesibles en todos los sentidos.

Creo que todos coincidiremos en la pena que nos da cuando negocios abren en el centro de Lugo y al poco tiempo cierran. La pena que nos da cuando vemos que en el centro de Lugo cada vez hay menos afluencia.

Y todo esto tiene consecuencias, tiene consecuencias negativas, sobre todo en el comercio local. Es decir, el tejido del pequeño comercio. Los pequeños trabajadores autónomos ven como su cuota de mercado, como su negocio va a menos, porque en este caso, porque es en el que nos queremos centrar, en el centro de Lugo faltan oportunidades, falta gente.

Y todo esto lo vemos en contraposición por ejemplo con las Termas, un centro comercial que todos los fines de semana está lleno de gente. ¿Cuál es la clave de que las Termas esté lleno de gente? Que tienen donde aparcar. Es así de fácil. Tienen un gran aparcamiento gratuito en el que pueden aparcar. Y eso facilita su acceso. Lo que tenemos que hacer es ser capaces de crear algo parecido. Tenemos que convertir el centro de Lugo en el gran centro comercial de Lugo. Entonces para esto es necesario crear aparcamientos, no queda más remedio.

Hay varios datos que tenemos que tener en cuenta a la hora de analizar esto. Primero es que, efectivamente, después de muchos años se consiguió hacer el 3x2 que había prometido la alcaldesa, pero esto, aun siendo necesario, lo que provocó es que tengamos plazas más accesibles, más grandes, por supuesto, pero obviamente, una reducción casi del 30% de las plazas en los parkings públicos en los que ha hecho.

El carril bici, aunque no tenga una incidencia directa en el centro, sí repercute de forma global en la urbe y creo que los problemas de aparcamiento del carril bici o como consecuencia de la implantación del carril bici son obvios, no los vamos a repetir aquí otra vez. Y luego existe otro detalle importante, también que es la ORA. La ORA se suprimió ya en el 2015, en el 2017 existieron peticiones concretas de los comerciantes de que se volviera a instaurar, pero no se ha hecho. Y eso también dificulta el aparcamiento, y mucho.

Por eso hoy lo que traemos aquí es una alternativa que puede generar algo tan básico como nuevas plazas de aparcamiento. Eso es lo que queremos. Para ello hemos localizado un solar, que seguramente todos nos damos cuenta de cuál es. Que está en la calle Castelao, que tiene más de 3.000 metros cuadrados, que pertenece a personas físicas... Continúo en la siguiente intervención.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Señor Vidal-Pardo, direille que na súa exposición hai varias afirmacións que, desde logo, non compartimos en absoluto.

Primeiro, que a senda verde ciclista afecta aos aparcadoiros do casco histórico, nin que tampouco a mesma provocará unha mellor circulación de vehículos na cidade. Afirmacións ademais para as que non aporta ningún dato que o avale nin maiores argumentos.

Ás veces parecería que se suman as tácticas do Partido Popular de realizar ese totum revolutum. E vostedes, entendo, non son así, aínda que neste pleno o señor Vidal-Pardo amosou unha entusiasta sintonía cos plantexamentos do Partido Popular. A sendas ciclables veñen para quedarse nas cidades de todo o mundo. O obxectivo é crear infraestruturas seguras para un cambio nos hábitos de transporte urbano, co fin de que utilicemos menos os vehículos privados, altamente contaminantes como todos sabemos, cara unha mobilidade neutra en carbono, máis saudable para as persoas e para a propia cidade.

Dicir tamén que o problema do comercio no casco histórico é debido ás peonalización ou á falta de aparcamento nos parece dunha simplificación esaxerada, o que desde logo non axuda á formulación de solucións, xa que como todos sabemos os problemas veñen máis da man do cambio da forma de consumo, vinculado ás compras por Internet, á falta de especialización ou incluso aos altos prezos dos locais. Por outra banda, a peonalización é un estímulo para relanzar a actividade económica e social, porque creamos fondos de maior confortabilidade para a veciñanza.

En canto aos aparcadoiros disuasorios teño que lembrarlle que durante o mandato de Lara Méndez creáronse máis de 1.200 prazas gratuítas na cidade. Ben por das prazas xa existentes ou ben pola creación doutros nove, ata nove, aparcadoiros alternativos espallados por toda a cidade.

Na mesma maneira, e máis concretamente no casco histórico, ademais das obras de 2x3 para ampliar e mellorar as prazas dos aparcadoiros soterrados, lémbrolle que fomos a primeira, de momento única administración, que abrimos ao público polas tardes o Seminario, o estacionamento do Seminario, o que supuxo a posta a disposición de 80 prazas gratuítas para toda a cidade. E dixen única administración de momento porque a alcaldesa ou o actual presidente da Deputación retomaron a petición que xa realizáramos no mandato anterior para abrir ao público as instalacións do Centro de Artesanía e Deseño, no Fogar de Santa María.

O que se acordou foi a realización de obras para condicionar o complexo para o estacionamento público e gratuítu e para realizalo con todas as garantías, condicións de actividade, comodidade e espazo.

Con isto, gáñanse 165 prazas. É dicir, cuadríplícase o número de prazas de estacionamento neste recinto, que era de 40 actualmente. Os servizos técnicos da Deputación, tras quedar deserta a licitación dinnos que están licitando de novo e que isto se producirá de maneira...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas. Por moito que digan vostedes, señores do PSOE, que fixeran moitos aparcamentos, a realidade é que por moitos que deberon de facer, non chegan a nada. Entón, revisen iso. No caso do

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

aparcamento do Fogar de Santa María parece ser que vostedes o abriron e despois ao día seguinte o Bloque o pechou... Ou á inversa. Vale. Tamén era bo aclarar iso. Está ben por parte de Ciudadanos que se volva a insistir neste pleno no ben coñecido problema cronificado do aparcamento de Lugo.

Nesta ocasión, o grupo Ciudadanos retoma o tema, un tema que xa o noso grupo ten traído a este salón en múltiples ocasións, inclusive coa proposta de facer pública para parking a mesma parcela que agora están propoñendo. A parte propuxeramos, no seu momento, doutras seis parcelas que xa no ano 19 en setembro propoñiamos. Ímolos recordar, porque ao mellor lles fai falta para facer algo nelas: Río Sil, Otero Pedrayo, Fontiñas, Río Neira, Avenida Vilaverde e rúa Escocia. Por se lles interesa.

Tamén no ano 18 propúxose aquí un sistema rotatorio de aparcamento. Titulábase así a proposta que se debateu e saíu aprobada, cos votos a favor, ímolo recordar, de PP, de Lugo Novo, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos. E o voto en contra do PSOE. Por suposto, non se cumpriu o mandato daquel Pleno. Non sei se lles soa.

Tamén se dicía no ano 2018 ao respecto que, no caso de non contar con parcelas municipais neste puntos, o concello debería estudar a posibilidade de negociar ou asinar convenios cos titulares de parcelas sen uso nestas zonas, para crear novos aparcamentos. Xusto o que parece acontecer no día de hoxe na parcela que volven traer. A da rúa Castela. Aprobouse en pleno. Nada de nada.

Do tema da ORA, amigo Vidal-Pardo, mellor non falar, porque no ano 2015 realmente pechouse. A señora Méndez dixo que en oito meses teríamos un novo sistema de aparcamento. O sistema, que resultou aparecer é o da lei da selva. Vancouver.

Máis recentemente, outono de 2022 volvemos traer outra proposta nós neste sentido aquí, intentando a mellora para conseguir prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, incluso de cara a publicar a súa ubicación. Isto tamén é humanizar a cidade, do que presumen e non fan. Pois que saiban que tamén o rexeitaron no pleno. Máis Vancouver.

Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos a segunda quenda co grupo propoñente, minuto e medio.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muy bien, muchas gracias. Señor Fernández, mi sintonía ha sido con la señorita Sagrario, no con el Partido Popular.

Y cuando me habla de datos es hacernos un poco trampas. Porque en realidad en este pleno ya hemos comentado los datos de la pérdida de aparcamiento. Que hay que volverlos a reproducir? Pero si quiere datos no hay más que coger el periódico y ver las manifestaciones que ha habido en contra del Partido Socialista por el carril bici y por la pérdida de aparcamiento.

Pero al final, esta es una propuesta y dice: no, es que es muy simple llegar a la conclusión de que la falta de gente en el centro sea por culpa de aparcamiento. Ya hay

una cosa buena ahí, porque ya estamos reconociendo que hay falta de gente en el centro, que ha disminuido.

La siguiente, que es culpa de aparcamiento. ¿Por qué no viene la gente? Porque no tienen donde aparcar, pero si es muy básico. Es muy básico. En todo caso. ¿Es una reivindicación de comerciantes, de asociaciones en todos los años que se creen plazas de aparcamiento? Es que es una evidencia. Claro que lo es. Y hoy lo que traemos nosotros aquí simplemente es una propuesta. Es un debate del que sí que nos gustaría hablar por supuesto. Estamos hablando de una parcela, de unos propietarios con los que se puede negociar y que supondría hacer a escasos metros de la Puerta de la Muralla un gran aparcamiento.

Creo que es una oportunidad que non podemos desechar y que en otros pleno siempre se decía: "es que no tenemos parcelas, no tenemos donde ponerlo. Bueno, pues hemos encontrado un espacio, que es de personas físicas o jurídicas, con las que se...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, quenda agora para o portavoz do goberno. Minuto e medio.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois eu creo que quedou claro con datos a nosa aposta decidida neste ámbito. E o mesmo que a Deputación Provincial.

Agora quedaría que a Xunta de Galicia se sumase a ese esforzo que realizamos para poñer a disposición da cidadanía os aparcadoiros das súas instalacións próximas ao casco histórico polas tardes e os fins de semana, como xa lle temos reclamado en innumerables ocasións.

E quero crer que igual que facemos desde este goberno, os concelleiros e concelleiras do Partido Popular tamén lle soliciten ese compromiso á Xunta de Galicia se realmente priorizan, como din, os intereses de Lugo.

E o mesmo agardamos tamén do grupo Ciudadanos. Ademais no Concello estamos preparando un convenio de cesión coa Confraría de Ollos Grandes, para o espazo que está detrás da Igrexa do Carme para a creación doutro aparcamento público gratuito, que estará tamén no centro a pé muralla.

Como ben sabe, este goberno non está quedo e busca alternativas e solucións. E, desde logo, non descartamos en ningún momento como o saben, e tamén explicamos en varias ocasións, buscar terreos privados para a creación de aparcadoiros e o caso do Carme é o mellor exemplo.

Sorpréndenos, señor Vidal-Pardo, iso si, que o grupo Ciudadanos veña aquí cunha finca con nomes e apelidos, pero, todo hai que dicilo, non é fácil chegar a acordos cos propietarios, porque iso implica investimentos e cesións de espazo durante anos e xa lles aseguro que nese caso os propietarios non saben estar demasiado proclives, máis ben todo o contrario.

Ademais, esa cesión tería que ser de acordo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** O caso é que vostedes, señores e señoras do goberno de Lugo, non respectan as votacións deste pleno, como xa lles expuxen anteriormente. Nin fan caso. Non só da oposición, para nada, senón tampouco fan caso aos veciños, que isto é o máis grave.

Ou é que non saben ou é que oen nas rúa as queixas permanentes da falta de aparcamento en xeral en todo Lugo?

Parece que viven noutro mundo. Iso si, non saben que dicir. Aparece a Xunta. Sempre aparece a Xunta, en calquera medio. De todas formas, xa saben que a Xunta vai facer un aparcamento na zona da residencia, onde vostedes deixaron aquilo totalmente estragado.

E iso é porque vostedes van de sobrados. Van de sobrados. Machucaron máis de trescentas prazas de aparcamento públicas, por causa de construír ese marabilloso carril bici que, como dixo aquí a señora alcaldesa no anterior Pleno é admiración, envexa de todo o mundo enteiro, que veñen aquí con expertos doutros países e contornas a admiralalo e tomar notas para copialo. Iso díxose aquí.

Entre outros desperfectos, non menos importantes, como é a posta en cuestión de negocios na zona de carril bici que están sufrindo xa esa ocorrencia. Negocios pequenos e medianos que pagan impostos e evidentemente son os que contribúen máis ao crecemento do país.

Ben, o caso é que hai 300 propietarios ou usuarios de coches que non tiñan que pagar garaxe...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Pois última quenda para o grupo propoñente. 30 segundos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Bueno, pues algo avanzamos. Ya se reconoce que en el Carmen se está haciendo algo parecido. Es decir, que lo que estamos proponiendo no es descabellado y se puede hacer. Bien. Lo siguiente. "No, es que para los propietarios parece que no es muy atractivo". Hombre, si no les llamas, es imposible. Ya me dirás cómo hay una negociación si no llamas al contrario. Tendrás que llamarles para ver si es atractivo.

Pero, objetivamente parece poco atractivo? Para nada. Son propiedades que están vacías desde hace mucho tiempo. Les llama el ayuntamiento para ofrecerles llegar a un acuerdo y que esas parcelas que ahora mismo están en desuso tengan un uso. Te van a decir que sí...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A min encántame o optimismo e iso é moi bo. Nós tamén moi optimistas, moi propositivos. Pero ás veces a realidade é moi teimuda e confronta coa boa vontade, porque evidentemente os intereses lexítimos dos propietarios e propietarias das fincas e das unidades de actuación, que a veces non é unha soa parcela, senón que é unha unidade de actuación, pois evidentemente, os intereses lexítimos priman por riba dos intereses públicos. Non no noso caso, como

servidores públicos, pero a iniciativa privada evidentemente estamos a falar doutras cuestións.

Vostedes que son tan defensores do privado, do privativo e dos bens pois deberían entendelaos así, porque ao mellor se fosen vostedes os interlocutores, tampouco cederían ese espazo así á lixeira.

Por moito que se repita unha mentira non se converte en verdade, porque falouse, díxose e se pon incluso nas exposicións de motivos de algunhas propostas, esas 300 prazas de perdas polo carril bici. Isto é absolutamente falso e senón pidan un informe aos técnicos. Xa non a nós, nin nas comisións, porque como parece ser que si sae da nosa boca, non nos cren, pidan un informe técnico de cantas prazas se perderon en 14 quilómetros de carril bici. Pouco máis de 100. En 14 quilómetros. 8 barrios. Pouco máis de 100. Pola contra, cantas levamos habilitadas dende que eu son alcaldesa? Máis de mil. Máis de mil prazas. E seguiremos, porque entendemos a situación e a orografía e a morfoloxía da nosa cidade. Sobre todo en determinadas zonas, onde hai menos. Tamén é certo que ás veces tamén traballamos nese eido de concienciar e sensibilizar á veciñanza para que vez de ocupar espazos públicos, aqueles que teñen aparcamentos ou garaxes que fagan uso deles.

Pero, en todo caso, seguiremos habilitando, na medida do posible, distintas zonas de aparcamentos e instando a outras administracións a que o fagan.

Así o entendeu o Ministerio, cando habilitou as prazas da estación do tren, así o entendeu a Deputación, cando vai habilitar as prazas o Inludes. Nós, evidentemente xa nos puxemos de exemplo, poñendo o Seminario a disposición. Isto fano iniciativas públicas. Pero a Xunta non o entende así. E ten unha praza, pois na Ronda da Muralla, unhas zonas de aparcamentos que pola tarde, fins de semana e festivos se podían utilizar igual que se vai utilizar todo o entorno do Fogar de Santa María, ou como se están utilizando, con moito éxito por certo, as prazas do Seminario do noso Concello.

Pero a Xunta non o entende así. Pero despois aquí o PP local si ven a solicitar o que cando ten opcións e cando ten responsabilidade non o fai. Pois cando cambie de goberno a comunidade autonómica, xa habilitaremos tamén esas prazas para uso público.

E, reitero, mentir ou faltar á verdade, ou insistir cunha mentira, non a converte en verdade.

Señor Pérez, ao mellor, se en vez de contarlle só unha parte da suspensión da ORA, que en oito meses, que foi o prazo que me deran os técnicos naquel momento, podíamos ter restituído o servizo, lle contan a segunda parte, que foi o pleno cos cinco grupos en aquel momento da oposición, que votaron en contra da proposta que facíamos como goberno para sacar un novo sistema ORA, pois ao mellor tiñamos un novo sistema ORA.

Pero naquel momento a oposición non o entendeu así e votou en conta. Polo tanto, que non lle conten só a primeira parte, que lla contén toda, ou o máis fácil, tire da acta, que a ten a disposición, e xa verá como ocorreron eses feitos.

E poderíamos seguir falando desas máis de mil prazas que puxemos a disposición en todos os contornos e que imos seguir poñendo. Coa contorna do Carne, coas

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

que temos no Río Sil, que está subindo pola rúa Monforte, a dous minutos tamén do centro histórico.

Outra das falacias que se escoitou aquí é que isto é a causa das dificultades que está a pasar o sector do comercio, cando todos sabemos ou deberíamos de saber que o gran inimigo do comercio é Internet.

Porque incluso as propias áreas comerciais, a de Lugo tamén incluída, tamén teñen momentos de dificultade, precisamente por esas ventas on line e esas ventas por Internet que é a mellor competencia que ten e así... E así o transmite incluso desde a propia federación, que poden falar con eles tamén cando queiran, se non nos queren a nós como interlocutores, que parece ser que é o que fan constante e continuamente.

En todo caso, como a proposta é buscar puntos de acordo, nós non nos negamos a buscar puntos de acordo, a facer as xestións que haxa que facer, porque xa as temos feitas. Fixémoslas no Sagrado Corazón, sen éxito, porque o titular nos dixo que non. Fixémolo xa na zona da residencia con algún titular e tamén nos dixo que non. Ou nalgunha outra parcela que, por cuestións técnicas, era inviable materializar alí unha zona de aparcamento. Seguiremos buscando, pois, esas vías de comunicación para seguir adiantando.

En todo caso, alégrome moito que a Xunta agora se sume a estas iniciativas, pero sempre tamén lle pedimos que sexa rigoroso e que non veña novamente a mentirnos, porque falar xa dun proxecto, ensinar un proxecto cando nin sequera teñen iniciados os procedementos de expropiacións, tal e como se recollía nesa mesma noticia, pois parece e sona un pouco a tomadura de pelo e anuncio preelectoral antes duns comicios electorais para sacar un réditto político, que estamos sempre na mesma.

E ademais, para mostra un botón. Plan Paradai, Rolda Leste, cuartel de San Fernando. Poderíamos estar sempre coa mesma retaila porque é un *déjà vu* constante e continuo, pero é un *déjà vu* porque a Xunta non fai o que ten que facer e non se compromete cos lucenses cando se ten que comprometer, cando son os catro anos do mandato e non anuncios baleiros despois de compromiso, porque non se materializan nos anos sucesivos e vólvemos a enganar ano tras ano cos mesmos proxectos e coas mesmas historias que a cidadanía tampouco xa lle é parva e a cidadanía sabe moi ben o que é un anuncio electoral do que é un compromiso real. Así que imos votar a proposición, presentada polo grupo Municipal de Ciudadanos.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

13/182 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2022.

En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2022, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2022, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo anexo que obra no expediente.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

14/183 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DA EXISTENCIA DE OBRIGACIÓNS DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS OU BENS E SERVIZOS RECIBIDOS SEN IMPUTACIÓN PRESUPOSTARIA (CONTA 413) DO EXERCICIO DE 2021.

Vista a proposta da Alcaldía do 2 de decembro de 2022, do seguinte teor:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2022, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos sen imputación presupostaria (conta 413) do exercicio de 2021 (Ref: 2022/1956).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos sen imputación presupostaria (conta 413) do exercicio de 2021 (Ref: 2022/1956).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/184 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

FINANCEIRO DA XESTIÓN DOS INGRESOS PRESUPOSTARIOS (CAPÍTULOS I, II E III DO EXERCICIO 2021) DO EXERCICIO 2021.

Vista a proposta da Alcaldía, do 2 de decembro de 2022, do seguinte teor:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2022, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro da xestión dos ingresos presupostarios (capítulos I, II e III) do exercicio 2021 (Ref: 2022/1957).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro da xestión dos ingresos presupostarios (capítulos I, II e III) do exercicio 2021 (Ref: 2022/1957).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/185 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS AXUDAS ECONÓMICAS AO PERSOAL DO CONCELLO DE LUGO DOS EXERCICIOS 2021 A 2017.- Vista a proposta da Alcaldía, do 2 de decembro de 2022, do seguinte teor:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2022, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro das

axudas económicas ao persoal do Concello de Lugo dos exercicios 2021 a 2017 (Ref: 2022/1958).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro das axudas económicas ao persoal do Concello de Lugo dos exercicios 2021 a 2017 (Ref: 2022/1958)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

17/186 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES NO EIDO DA PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN DO EXERCICIO 2021.- Vista a proposta da Alcaldía, do 2 de decembro de 2022, do seguinte teor literal:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "1. Los informes definitivos de control financiero serán remitidos por el órgano interventor al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada y al Presidente de la Entidad Local, así como, a través de este último, al Pleno para su conocimiento. El análisis del informe constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria".

En cumprimento da mencionada normativa, o 30 de novembro de 2022, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe definitivo de control financeiro dos contratos menores no eido da publicidade e difusión da información do exercicio 2021 (Ref: 2022/1955).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos contratos menores no eido da publicidade e difusión da información do exercicio 2021 (Ref: 2022/1955)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

FACENDA LOCAL

18/187 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL E DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 103, 116, 152, 153, 200, 201 E 202.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de decembro de 2022, que seguidamente se transcribe:

“Visto o informe de Facenda Local de data 19.12.2022, e ao amparo do establecido no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, doulle conta ao Excmo. Concello Pleno da elevación automática a definitivo dos acordos ata entón provisionais, adoptados polo Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 27.10.2022, de modificacións da ordenanza fiscal xeral e das ordenanzas fiscais números 103, 116, 200, 201, 202 ao non presentarse reclamacións contra os mesmos.

Así mesmo, procedeuse á publicación dos textos íntegros das modificacións aprobadas das devanditas ordenanzas, co seguinte teor literal:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o artigo 12.2 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactado o artigo 12 do seguinte xeito:

ARTIGO 12º. TRAMITACIÓN

1. O Concello Pleno determinará para cada exercicio, os supostos obxectivos e requisitos subxectivos que deben reunir os beneficiarios de bonificacións ou exencións de taxas. Noutro caso entenderanse vixentes os do exercicio anterior.

2. A aplicación de exencións, bonificacións e reducións que procedan, efectuarase a petición de parte, coa xustificación documental que proceda. A aplicación da exención ou bonificación na autoliquidación entenderase como solicitude deste beneficio fiscal. A tal efecto deberá detallarse na autoliquidación o tipo de exención ou bonificación solicitada.

3. Será requisito necesario para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario estea ó corrente de débedas de calquera tributo neste Concello.

4. O suxeito pasivo beneficiario de calquera exención ou bonificación tributaria deberá comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

1) Modifícase o artigo 42.7 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactado o artigo 42 do seguinte xeito:

ARTIGO 42º. DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

3. A Tesourería disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos oportunos.

4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos son:

a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.

b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.

c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.

d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.

f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaioito meses ou mensualidades.

Non obstante, a Administración poderá estimar outro número de prazos cando a situación económica do interesado e a contía da débeda, apreciada pola Administración, o requira.

6. Como regra xeral, na concesión de fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

7. Documentación que se ten que achegar:

a) Persoas físicas:

- Relación de ingresos periódicos percibidos nos últimos tres meses: nómina, pensión ou outros.
- Certificación de saldo de conta corrente ou movementos dos últimos **tres** meses de todas as contas bancarias da súa titularidade.
- Indicación no impreso de solicitude do número de membros da unidade familiar.
- Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago das débedas fraccionadas.

b) Persoas xurídicas:

- Declaración responsable da situación económico-financeira que xustifica a solicitude.
- Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago dos das débedas fraccionadas"

8. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegarase as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías
- c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar.

9. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran. Con carácter preferente considerarase o día 20 de cada mes.

10. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude de aprazamento, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a súa domiciliación das fraccións. Á

solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

2) Modifícanse os apartados 1 e 3 do artigo 43 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactado o artigo 43 do seguinte xeito:

ARTIGO 43º. GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarse coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo dos dous meses seguintes ó da notificación do acordo de concesión”.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria.
- b) Hipoteca mobiliaria.
- c) Prenda con ou sen desprazamento.
- d) Fianza persoal e solidaria.
- e) Calquera outro que estime pertinente.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

Cando a aportación de garantías consista nunha hipoteca unilateral deberá aportarse a seguinte documentación:

- 1º) Escritura pública da finca sobre a que se constituirá a hipoteca.
- 2º) Certificación rexistral de dominio e cargas que existan sobre a mesma, expedida nun prazo non superior a dez días.
- 3º) Valoración da finca realizada por un técnico competente.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 10.000 euros”.

4. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de demora que xere o aprazamento e un 25% da suma de ambas partidas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado, incluíndo o recargo do período executivo correspondente, os xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 5% da suma de ambas partidas.

En caso de solicitude de fraccionamiento, poderá constituírse unha única garantía para a totalidade das fraccións que poidan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.

En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que refírase, incluíndo o importe que por principal e xuros de demora incorpórese ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas as partidas.

5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6. Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, deberá acompañar coa solicitude declaración responsable na que se manifeste carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 **DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.**

1) Suprímese o punto 12 do apartado 3 do artigo 3º “Bonificacións e exencións”, quedando o apartado 3 do artigo 3º redactado do seguinte xeito:

3.- BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.

1. Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota da taxa a favor das construcións, instalacións e obras de rehabilitación integral de vivendas que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) e do 40 por cento no ámbito das Áreas de Rehabilitación Integral (ARI), sempre que se destinen con exclusividade a locais de uso vivenda, coa excepción de obras novas. Non será de aplicación esta bonificación aos presupostos de execución que inclúan locais destinados a outros usos distintos do de vivenda, debendo en todo caso de presentarse presupostos diferenciados.

Entenderase por rehabilitación integral aquela que con tal denominación se estableza na resolución de concesión da licenza de obras ou na comunicación de

actuación urbanística previa, e en todo caso, no presuposto de execución material presentado e no informe de valoración emitido polo servizo de arquitectura.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza, e será aplicable por unha soa vez, sen que se aplique novamente por obras futuras.

2.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

3.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa por pintura e tratamento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas ou de eficiencia enerxética da edificación.

4.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das excavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueolóxica, se fose necesaria.

5.- Estará exenta do pagamento desta taxa a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, e que vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, anque a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

6.- Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a ramplas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

7.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

8.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns, etc., excluíndose as que afecten ás vivendas asociadas á explotación.

Esta bonificación poderá aplicarse no momento da práctica da autoliquidación previa achega dun certificado actualizado a nome do solicitante da licenza urbanística da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia). En todo caso, a aplicación desta bonificación quedará condicionada á concesión da bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras trala declaración da obra de “especial interese ou utilidade municipal”, polo que de non solicitarse e concederse esta, practicarase unha liquidación complementaria esixindo a totalidade da cota da taxa que corresponda.

9.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma ou adecuación de locais comerciais para o exercicio dunha actividade, cuido presuposto de execución material non exceda de 50.000 euros, cando o solicitante acredite atoparse en situación de desemprego e teña perdido o emprego por conta allea nos 6 meses anteriores á solicitude, así como aqueles que non atopándose en situación de desemprego acrediten terse constituído en autónomos dentro do mes inmediatamente anterior á solicitude.

10.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma en vivendas cando o titular acredite ser familia numerosa, sempre que a dita vivenda sexa o domicilio de empadramento familiar,

non supere os 40.000 euros de valor catastral e o presuposto de execución material das obras sexa igual ou inferior a 40.000 euros.

11.- En calquera caso, ningunha cota que resulte da aplicación das tarifas sinaladas no punto 2 deste artigo 3º poderá ser inferior a 19,83 €.

12.- Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota da taxa para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitios dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 116
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS

1) Modifícase o punto 2 do artigo 3º quedando redactado o artigo 3º do seguinte xeito:

ARTIGO 3º. CONTÍA

1. Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das taxas teranse en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar. A súa aplicación computarase segundo o seguinte:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
1. As/os fillas/os menores, con excepción dos que, con consentimento das/os nais/pais, vivan independentes destas/es.
 2. As/os fillas/os maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 3. As/os fillas/os maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude da praza, dacordo coas seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio fiscal pechado ao finalizar o prazo de matrícula, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das correspondentes certificacións tributarias emitidas pola Axencia Tributaria das declaracións do IRPF, ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monomarentais ou monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

2. A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:

De 1 de xaneiro a 31 de agosto de 2023

Renda per capita mensual	Cota atención	Cota comedor
De 0,0 ao 30% do IPREM	Exento	Exento
Do 30 ao 50€ do IPREM	Exento	4,71€
Do 50 ao 75% do IPREM	34,91€	11,60€
Do 75 ao 100% do IPREM	69,81€	18,21€
Do 100 ao 125% do IPREM	112,13€	25,39€
Do 125 ao 150% do IPREM	133,29€	33,12€
Do 150 ao 200% do IPREM	147,05€	41,40€
Superior ao 200% do IPREM	169,26€	50,23€

A partires do 1 de setembro de 2023

Renda per capita mensual	Cota atención	Cota comedor
De 0,0 ao 30% do IPREM	Exento	Exento
Do 30 ao 50€ do IPREM	Exento	5€
Do 50 ao 75% do IPREM	34,91€	10€
Do 75 ao 100% do IPREM	69,81€	20€
Do 100 ao 125% do IPREM	112,13€	30€
Do 125 ao 150% do IPREM	133,29€	40€
Do 150 ao 200% do IPREM	147,05€	60€
Superior ao 200% do IPREM	169,26€	70€

2) Suprímese o artigo 7º relativo aos descontos.

3) Modifícase a disposición final coa seguinte redacción:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, trala súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 152
TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA

1) Modifícanse os epígrafes B, C, D, e o apartado grúas do apartado 2 “Aproveitamentos do solo e voo da vía pública” do epígrafe F do artigo 4º, quedando o artigo 4º redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo ó tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Epígrafe A: Perforacións e gabias e calquera remoción de pavimentos e beirarrúas.

a) Para acometidas á rede de auga e saneamento municipais:

A cota por aboar será o 50 por cento da valoración resultante dos puntos B.4) e B.5), respectivamente, do artigo 92.4 da Ordenanza fiscal xeral.

b) Para as restantes:

Por m² ou fracción por día.

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	10,49 €	7,31 €	5,34 €	3,65 €	2,07 €

Epígrafe B: Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m² ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	3,80€	2,03 €	1,17 €	0,34 €	0,17 €

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Unha vez rematado o prazo de ocupación sinalado na licenza deberá o interesado solicitar a correspondente baixa da ocupación nas Oficinas de Policía Urbana e Transportes ou, de ser o caso, solicitar a correspondente prórroga. De non se cumpriren estes requisitos aplicarase o seguinte:

As cotas deste epígrafe serán obxecto da recarga do 50% unha vez rematado o prazo fixado na licenza e nos tres meses seguintes. O tempo que exceda de tres meses aplicarase á cota inicial do epígrafe a recarga do 100%.

Epígrafe C:

a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,25 €	0,14 €	0,08 €	0,02 €	0,01 €

b) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, que se esixirá en réxime de autoliquidación:

Colectores: Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,25 €	0,14 €	0,08 €	0,02 €	0,01 €

Sacos (ata 1,2 x 1,2 m²): Por día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,37 €	0,20 €	0,11 €	0,03 €	0,02 €

Epígrafe D: Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
Tarifa anual (ano natural), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	30,84€	16,50€	9,48€	2,74€	1,40€
Tarifa semestral (de maio a outubro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	11,66€	6,24€	3,58€	1,04€	0,53€
Tarifa trimestral (de xullo a setembro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción	5,83€	3,12€	1,79€	0,52€	0,26€

de terreo de uso público:					
---------------------------	--	--	--	--	--

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada pola Policía Local mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.

Epígrafe E: Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas ou ambulantes.

A) Postos, barracas, espectáculos ou atraccións:

Por metro cadrado ou fracción de terreo ocupado por día.	0,88 €
--	--------

B) Industrias ou actividades da rúa e ambulantes:

1. Artesáns que fabrican as súas propias mercancías, por m ² ou fracción e día.	0,33 €
2. Actuacións circenses e outras semellantes, por día.	85,85 €
3. Exposicións de animais e outras semellantes, por día.	85,85 €
4. Outros ocupantes dedicados á venda de mercancías ou á prestación doutros servizos, por metro ou fracción e día.	2,16 €

A superficie computable será a que ocupe o posto máis unha franxa de terreo de 1 metro de ancho paralela á liña exterior do mostrador.

Os titulares destes aproveitamentos están obrigados a ter consigo a tarxeta identificadora para os efectos de comprobación pola Policía municipal e polo Servizo de Facenda Local.

Así mesmo, será necesario obter a tarxeta que autoriza o aproveitamento, previo pagamento a través de autoliquidación da taxa correspondente segundo o número de mercados autorizados.

C) Festas de San Froilán:

Dado o carácter específico e consuetudinario das ditas festas, e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:

Atendendo ó tipo de atracción e metro lineal da ocupación establécense as seguintes tarifas:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Atraccións de azar, por metro lineal ou fracción.	568,87 €
Carruseis, por metro lineal ou fracción.	487,60 €
Espectáculos, por metro lineal ou fracción.	406,34 €
Degustacións, por metro lineal ou fracción.	325,07 €
Atraccións de habilidade, por metro lineal ou fracción.	243,80 €
Postos de venda, por metro lineal ou fracción.	162,53 €

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20 por cento da tarifa así calculada.

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.

Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc, e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa), poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará e aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación por poxa, este canon de ocupación terá o carácter de "prezo de saída" e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a adxudicación.

Epígrafe F: Ocupación do solo, voo e subsolo.

1) APROVEITAMENTO DO SUBSOLO

1.A) INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS SUBTERRÁNEAS.

1.A.1) ALTA TENSIÓN

Por cada metro lineal ou fracción de condución, canalización eléctrica subterránea de media ou alta tensión.

Metro lineal.	0,36 €
---------------	--------

1.A.2 TRANSFORMADORES:

Categorías	1ª e 2ª	3ª	Outro terreo núcleo urbano	Fóra núcleo urbano
1. Ata 25 kW	48,31 €/u	36,38 €/u	24,09 €/u	16,02 €/u
2. De 26 a 50 kW	80,33 €/u	60,08 €/u	40,07 €/u	28,288€/u
3. De 51 a 100 kW	160,13 €/u	116,70 €/u	80,33 €/u	48,30 €/u
4. De máis de 100 kW	281,38 €/u	221,09 €/u	120,56 €/u	80,33 €/u

1.A.3 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS DE ALTA TENSIÓN.

Elementos de derivación	28,28 €/u.
Arquetas	80,21 €/u.

1.A.4 BAIXA TENSIÓN.

Por cada m lineal ou fracción de condución, canalización eléctrica de baixa tensión.

Ata 10 m m ² de sección nominal	0,08 €/metro
De 16 a 95 m m ²	0,13 €/metro
De 120 a 500 m m ²	0,15 €/metro
De 630 a 1.000 m m ²	0,29 €/metro

1.A.5 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS BAIXA TENSIÓN

Caixas de distribución	20,20 €/u.
Arquetas	40,15 €/u.

1.B) ENCANAMENTOS PARA AUGA:

Por metro lineal ou fracción:

Ata 50 mm de diámetro	0,13 €
De 51 a 150	0,24 €
De máis de 150	0,30 €

1.C) LUCERNARIOS OU MOEGAS DE BEIRARRÚAS PARA SERVIZO DE EDIFICIOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Por metro cadrado ou fracción:

En rúas de 1ª e 2ª categoría.	20,56 €
En rúas de 3ª categoría.	8,09 €
Outros terreos do núcleo urbano.	5,53 €
Terreos fóra do núcleo urbano.	3,24 €

1.D) DEPÓSITOS

Por metro cúbico de volume ou fracción:

	Para combustibles	Outros depósitos
Rúas 1ª e 2ª:	20,56 €	16,34 €
Rúas 3ª:	16,34 €	8,09 €
Outros terreos núcleo urbano:	8,09 €	4,18 €
Fóra núcleo urbano:	5,70 €	3,33 €

2) APROVEITAMENTO DO SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Roscas de ás ou soportes de condución aérea, unidade.	0,13 €
Postes de formigón armado, unidade.	13,38 €
Postes de estrutura metálica, unidade.	26,77 €
Caixas de distribución, unidade.	6,71 €
Transformadores eléctricos.	33,49 €
Aparellos subministradores de gasolina.	335,83 €

As grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas na vía pública e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, serán gravadas coas seguintes tarifas:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
1 mes	285,16	152,57	87,66	25,34	12,95
2 meses	570,32	305,14	175,32	50,68	25,90
3 meses	855,48	457,71	262,98	76,02	38,85
4 meses	1.140,64	610,28	350,64	101,36	51,80
5 meses	1.425,80	762,85	438,30	126,70	64,75
6 meses	1.710,96	915,42	525,96	152,04	77,70
Por cada mes, a partires do sexto mes:	380,22	203,42	116,88	33,78	17,26

No caso de grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas en terreos particulares e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, tributarán polo 75% das tarifas anteriores.

Cando a grúa, grúa-torre ou instalación análoga utilizadas na construción estean instaladas no interior dun espazo delimitado por valados, só se aplicará a taxa regulada no epígrafe B) deste artigo, sen perxuízo da liquidación da taxa que proceda pola ocupación do voo do dominio público municipal realizado pola grúa empregada na construción, conforme o presente epígrafe, sempre que o voo exceda do perímetro acoutado polo valado.

3) OUTROS APROVEITAMENTOS

Básculas automáticas e outros aparellos automáticos para venda.	68,12 €
Anuncios realizados mediante globo ou aeronave, propaganda arrastrada ou tirada dende eles ás vías públicas. Por cada establecemento ou produto anunciado e día.	105,36 €
Anuncios sonoros circulantes, por día e vehículo.	3,24 €
<p>Instalación de valos publicitarios, lonas en edificacións e monopostes anunciadores, ocupando terreos de dominio público local:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valos publicitarios, por metro cadrado e ano: 3,79 € - Valos publicitarios de 8 metros e catro soportes, por ano: 272,30 € - Lonas en edificacións, por metro cadrado e ano: 7,56 € - Monopostes anunciadores, por metro cadrado e ano: 11,35 € <p>Os requisitos e condicións esixibles nestes aproveitamentos especiais da vía pública serán os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal. 2. Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria. 3. As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil. 4. Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza. 5. Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cms, pintado de cor. 6. Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros. 7. O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada. 8. Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros. 	

4) EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN

1. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en prol de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente dentro do termo municipal as citadas empresas.

Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles. Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Este réxime especial de cuantificación aplicaráselles ás empresas a que se refire este parágrafo, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.

As ditas taxas son compatibles con outras que se establezan pola prestación de servizos ou pola realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedando excluída, polo pago desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido ós usuarios dos servizos de subministración.

2. Terán a consideración de ingresos brutos, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, os que, sendo imputables a cada entidade, se obtiveran por esta como contraprestación polos servizos prestados no termo municipal.

Non se incluírán no concepto de ingresos brutos procedentes da facturación os impostos indirectos que os graven, nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

3. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás súas redes. As empresas titulares das ditas redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

4. A contía destas taxas que puidese corresponder á Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o punto 1 do artigo 4 da Lei 15/87, do 30 de xullo.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 153 **TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON** **ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA**

2) Modifícanse os epígrafes A e B do artigo 4.1 quedando redactados os epígrafes A e B do artigo 4.1 do seguinte xeito:

ARTIGO 4º. TARIFAS

1. A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figura nos epígrafe que seguen, segundo ó tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación e duración desta:

Epígrafe A: Con entrada de vehículos.

a) Pasaxe permanente para garaxes privados ou de comunidades de propietarios, edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario: hospitais, ambulatorios, etc, edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza llo esixa, por metro lineal ou fracción e por ano:

	Tarifa
1. De 1 a 4 prazas.	40,09 €
2. De 5 a 10 prazas.	47,61 €
3. De 11 a 25 prazas.	53,87 €
4. De 26 a 50 prazas.	56,38 €
5. De 51 a 100 prazas.	60,76 €
6. De 101 a 150 prazas.	70,16 €
7. De 151 a 200 prazas.	78,93 €
8. De máis de 200 prazas.	87,70 €

b) Pasaxe comercial permanente para actividades comerciais como gasoleneiras, estacións de servizo, venda de carburantes, garaxes abertos ó público, establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes, e actividades equivalentes non suxeitas ó horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

	Tarifa
1. De 1 a 10 prazas.	95,21 €
2. De 11 a 25 prazas.	107,74 €
3. De 26 a 50 prazas.	112,75 €
4. De 51 a 100 prazas.	121,52 €
5. De 101 a 150 prazas.	140,31 €
6. De 151 a 200 prazas.	157,85 €
7. De máis de 200 prazas.	175,39 €

c) Pasaxe comercial limitada para talleres, almacéns de empresa que teñan espazo para carga e descarga de mercadorías, concesionarios de automóviles, compravenda de vehículos, aluguer sen condutor e outras actividades de características análogas, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

	Tarifa
1. De 1 a 10 prazas.	39,00 €
2. De 11 a 25 prazas.	44,13 €
3. De 26 a 50 prazas.	46,18 €
4. De 51 a 100 prazas.	49,77 €
5. De máis de 100 prazas.	57,47 €

d) Pasaxe comercial limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

12,49 €

e) Pasaxe industrial para actividades sitas en polígonos destas características con vixencia as 24 horas, por metro lineal ou fracción e por ano:

43,46 €

f) Para todos os puntos anteriores, calcularase como superficie máxima para praza de garaxe 20 m² ou fracción, coa excepción do parágrafo e) anterior.

g) Placas para pasaxes, segundo o custo da factura emitida pola empresa encargada da súa fabricación.

Epígrafe B: Reserva especial para estacionamento ou para carga e descarga de mercancías.

a) Reserva permanente, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

7,49 €

Ás reservas permanentes que se concedan para a instalación de postes de suministro de electricidade a vehículos con propulsión eléctrica (electroliñeiras), aplicaráselles un coeficiente corrector do 0,5 na cota resultante da aplicación desta tarifa.

b) Reservas permanentes que autoricen o estacionamento de ambulancias diante dos centros sanitarios, centros de saúde e mutuas sanitarias, por metro cadrado ou fracción ó ano:

30,38 €

c) Reserva limitada a días laborables, con horario de 8 a 20 horas, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

3,12 €

d) Reserva limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, días laborables con horario de 8 a 20 horas, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

3,12 €

e) Polo sinal de tráfico R-307, que prohíbe o estacionamento de vehículos na zona de reserva, se deberá aboar o importe de 130,09 €.

f) Reservas especiais que autoricen o estacionamento de camións de mudanzas, por vehículo e día:

6,59 €

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200 **IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

1) Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 5º “ procedemento de concesión de beneficios fiscais”, quedando redactado o artigo 5º do seguinte xeito:

ARTIGO 5º. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza aplicaranse de oficio agás excepción dos sinalados nos apartados 1.5, 1.7, 2 e 3 que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

a) Para os supostos sinalados no apartado 1.5, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, documento acreditativo da súa titularidade e afección ós usos sinalados no mencionado apartado. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5 do artigo 4º, os interesados deberán achegar certificado oficial ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ou o correspondente organismo da Comunidade Autónoma competente en cada caso.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude. Non obstante, se un vehículo tiña concedida a exención con validez non definitiva pola temporalidade do certificado de discapacidade do suxeito pasivo, manterase a continuidade da exención se se presenta un novo certificado de discapacidade prorrogado, durante o exercicio no que finalice a temporalidade do certificado.

b) No suposto do apartado 1.7, os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención, debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (R.O.M.A.) no

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

municipio de Lugo. A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio en que se formule a solicitude e estes manteranse nos sucesivos exercicios namentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión.

c) No suposto do apartado 2, os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da bonificación, debendo achegar o permiso de circulación do vehículo onde se acredite que o vehículo figura matriculado como histórico. A bonificación iniciará os seus efectos no exercicio seguinte a aquel en que se formule a solicitude e estes manteranse nos sucesivos exercicios.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente do pago deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

d) No suposto do apartado 3, para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia do permiso de circulación e da ficha técnica do vehículo, así como a documentación acreditativa dos requisitos.

A bonificación terá efectos no ano da primeira matriculación e nos dous anos seguintes. Si se desexa que a bonificación teña efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse nese mesmo ano. No caso de que a solicitude se presente con posterioridade o ano da alta a bonificación non terá efectos para as cotas devengadas con anterioridade.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente do pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 201

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

1) Modifícase o artigo 14º, que queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 14º.

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo que corresponda entre os seguintes:

- a) Se o período de xeración do incremento de valor é ata 5 anos, o 28%.
- b) Se o período de xeración do incremento de valor é de mais de 5 anos e ata 20 anos, o 27%.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 202
IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

1) Engádese ao artigo 4ºbis “exencións e bonificacións”, un parágrafo oitavo , súprimese o parágrafo 9 do artigo 4º bis e engádase novo parágrafo ao artigo 4º bis, quedando o artigo 4º bis redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 4º bis. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que ó estaren suxeitas a este, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

2. Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras de rehabilitación integral de vivendas que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) e do 40 por cento no ámbito das Áreas de Rehabilitación Integral (ARI), sempre que se destinen con exclusividade a locais de uso vivenda, coa excepción de obras novas. Non será de aplicación esta bonificación aos presupostos de execución que inclúan locais destinados a outros usos distintos do de vivenda, debendo en todo caso de presentarse presupostos diferenciados.

Entenderase por rehabilitación integral aquela que con tal denominación se estableza na resolución de concesión da licenza de obras ou na comunicación de actuación urbanística previa, e en todo caso, no presuposto de execución material presentado e no informe de valoración emitido polo servizo de arquitectura.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza, e será aplicable por unha soa vez, sen que se aplique novamente por obras futuras.

3. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

4. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto por pintura e tratamento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas da edificación.

5. Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a ramplas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

6. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

7. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das escavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueolóxica, se fose necesaria.

8. Para gozar de calquera das bonificacións mencionadas, será necesaria que o suxeito pasivo as solicite, no momento de presentar a correspondente solicitude da licenza ou comunicación previa ou declaración responsable das obras, construcións ou instalacións. A aplicación da bonificación na autoliquidación do imposto debe entenderse como solicitude deste beneficio fiscal. A tal efecto deberá detallarse na autoliquidación o tipo de bonificación solicitada.

9. Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.

10. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa, non afectando ás posteriores modificacións ou reformas que se realicen, e terá como data de finalización 22.06.2026.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Esta bonificación non terá carácter acumulativo e afectará unicamente ás obras incluídas no proxecto de reforma do centro de saúde A Milagrosa.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.

Para poder gozar desta bonificación, a Xunta de Galicia a través da Consellería correspondente ou ben a entidade mercantil adxudicataria das obras deberán solicitar do Pleno da Corporación a declaración de “especial interese ou utilidade municipal”.

Presentada a solicitude, e unha vez completado o expediente elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificarase ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.

11. Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitios dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.

DISPOSICIÓN FINAL COMÚN

As presentes modificacións de ordenanzas fiscais comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

19/188 DACIÓN DE CONTA DO OFICIO DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA RELATIVO AO NOVO MAPA CONCESIONAL DE SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS (Exp. 2022/G004/001063).

Vista a proposta da Alcaldesa, do 15 de decembro de 2022, do seguinte teor:

“No pleno ordinario do 28 de xullo de 2022 adoptouse, entre outros, o acordo número 11/108 relativo á mellora do transporte por autobús nun novo mapa concesional. En cumprimento do acordado foron remitidos oficios dando traslado do resolto ao Presidente do Goberno de España e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana con data do 5 de agosto de 2022.

Con data do 3 de outubro de 2022 tivo entrada neste Concello un oficio do Subdirector Xeral de Xestión, Análise e Innovación del Transporte Terrestre do devandito Ministerio, do 28 de setembro de 2022, cuxo teor é o seguinte:

“En relación con el acuerdo aprobado por el Pleno del Ayuntamiento de Lugo en su sesión de 28 de julio de 2022, con fecha de registro de entrada en este Ministerio el 5 de agosto de 2022, en lo concerniente al diseño del Nuevo Mapa Concesional de servicios públicos de transporte regular de viajeros de uso general por carretera, se informa lo siguiente:

El Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (Mitma) está trabajando en el impulso del sistema de transporte de viajeros por carretera, a través de la actualización del sistema concesional de autobuses de competencia estatal, y su coordinación con los mapas autonómicos correspondientes.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Este nuevo mapa concesional en el que se está trabajando pone el foco en robustecer y mejorar la coordinación entre las redes de transporte, donde cada Administración (estatal, autonómica o local) presta aquellos servicios de su ámbito natural, de manera coordinada con los de las demás.

En este sentido, y según el marco establecido en la Constitución, desde la red estatal se debe atender la demanda de viajeros de largo recorrido, entre comunidades autónomas, conectando de manera más directa los principales núcleos de población, reduciendo los tiempos de viaje y mejorando la oferta disponible.

Se trata de una evolución necesaria para que este modo de transporte sea aún más efectivo, cómodo y competitivo respecto al coche privado, y lo haga dando respuesta a las necesidades del ciudadano, y potenciando la interconexión con las redes autonómicas de transporte.

Este nuevo enfoque requiere de la necesaria colaboración de la Administración General del Estado con las Comunidades Autónomas, de modo que además de coordinar las redes de las diversas Administraciones en cuanto a rutas, horarios, etc., se pueda acompañar, donde sea necesario, de mecanismos de compensación que permitan a las comunidades autónomas integrar en sus redes los tráficos internos de su competencia, que se vienen prestando actualmente a través de concesiones estatales de largo recorrido. Se avanzaría así en reforzar sinergias que acaben redundando en una mejora de la calidad del servicio, y con el principio esencial de que ningún ciudadano debe perder las oportunidades de viaje de las que actualmente dispone.

Por ello, se ha optado por un proceso de definición del mapa totalmente participativo. Así, se han venido manteniendo reuniones con las comunidades autónomas y con el sector del transporte, se han organizado talleres de trabajo con la participación de empresas, sindicatos, ciudadanos, etc. y también se han elaborado cuestionarios para el envío de comentarios y sugerencias.

De manera adicional, se ha puesto a disposición de las Comunidades Autónomas la documentación técnica correspondiente, la cual se ha enviado a todos los departamentos autonómicos responsables para analizar tráficos, paradas, etc., en un trabajo conjunto entre administraciones. Es decir, siempre se ha mantenido un enfoque transparente basado en la cooperación y la escucha activa, para que se puedan formular las observaciones que se consideren adecuadas.

El estudio que se ha presentado a los técnicos de las comunidades autónomas y al sector supone la primera aproximación para lograr estos objetivos. Posteriormente se someterá a información pública general, una vez se complete esta primera fase con las Administraciones implicadas.

En todo caso, se remarca que en ningún caso el ciudadano verá mermadas sus oportunidades de viaje en este proceso, siendo el objetivo precisamente mejorar el servicio prestado a la ciudadanía; ya que, con el trabajo conjunto de las diferentes Administraciones, se puede conseguir que el autobús pueda atender a más personas, con mejores precios, mejores servicios, y tiempos de viaje más competitivos.

En suma, el nuevo mapa concesional estatal debe entenderse como una parte del

sistema global, en necesaria conjunción con los respectivos mapas de cada comunidad autónoma, complementándose los unos a los otros para dar capilaridad y cubrir adecuadamente todo el territorio."

O devandito oficio foi remitido ao Gabinete de Alcaldía, e para dar cumprimento ao disposto no artigo 124.4.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **DÁSELLE CONTA** ao Pleno do oficio do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana anteriormente transcrito.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

20/189 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN S (Exp. 2022/G004/001064).

En conformidade co informe do Secretario Xeral do Pleno, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como no disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 11 de novembro de 2022, coa numeración 10876/2022 a 12205/2022, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2022.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

21/190 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2022.

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de novembro, coa numeración 108/2022 a 120/2022.

Do 01 ao 30 de novembro de 2022 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Data Firma
2022/T030/000114	Resolución Tesourería recurso reposición contra embargo ALBA REDONDO CASTRO	2022/108	02/11/2022
2022/T030/000115	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia embargo EUSEBIO GALVES HUERTA	2022/109	04/11/2022
2022/T030/000116	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia embargo Mª DOLORES TORREALBA BELTRAN	2022/110	09/11/2022
2022/T030/000117	Resolución Tesourería execución sentenza TEAM Francisco Javier Dominguez Reigosa	2022/111	10/11/2022
2022/T030/000118	Resolución Tesourería ALEGACIONES CONCURRENCIA COTITULARES FRANCISCO MILLARES LÓPEZ EXPTE 47010000050999	2022/112	11/11/2022
2022/T030/000119	Resolución Tesourería ALEGACIONES CONCURRENCIA COTITULARES JESUS Mª MILLARES NUÑEZ HERENCIA YACENTE Expte 47010000050998	2022/113	14/11/2022
2022/T030/000120	Resolución Tesourería ALEGACIONES CONCURRENCIA COTITULARES AURORA DIAZ PENA (MANUEL DAVID GARCIA VILELA HERENCIA YACENTE) Expte 47010000050715	2022/114	14/11/2022
2022/T030/000121	Resolución Tesourería recurso reposición CRISTINA GARCIA DIAZ (DAVID M.GARCIA VILELA HERENCIA YACENTE) Expte.47010000050715	2022/115	15/11/2022
2022/T030/000122	Resolución Tesourería recurso reposición contra embargo FRANCISCO JOSÉ SOLANA FERREIRO (MADRE LAURA FERREIRO DIAZ)	2022/116	18/11/2022
2022/T030/000123	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia de embargo NIEVES BUJAN SANCOSMED (JM FDEZ LAMAS)	2022/117	21/11/2022
2022/T030/000124	Resolución Tesourería recurso reposición dilixencia de embargo MANUEL PEREZ RODRÍGUEZ	2022/118	23/11/2022

2022/T030/000125	Resolución Tesourería derivación responsabilidade subsidiaria afección IBI Conde Fernández Juan Carlos (Saperu Inversiones SL)- Estimación das alegacións.	2022/119	25/11/2022
2022/T030/000126	Resolución Tesourería recurso reposición contra providencia de constrinximento Alonso Torreira Manuel	2022/120	28/11/2022

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 413/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO COMPLETO DAS NECESIDADES DOS POLÍGONOS DA LOUZANETA, E SE GARANTA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS AOS VECIÑOS DESES POLÍGONOS.

Visto o referido escrito do teor literal seguinte:

Nos días pasados a alcaldesa de Lugo convocaba aos veciños do polígono 1 da Louzaneta a unha reunión no Hotel Santiago. Nesa reunión comprometéase á ocultación das liñas de media tensión do polígono 1 que conforma o sector. Esta execución trata de dar solución a unha das problemáticas da zona que ven de moitos anos atrás e que según a alcaldesa na reunión se executará polo Concello de forma subsidiaria para despois repercutir o custo das mesmas aos propietarios. Sería preciso aclarar se esa solución anunciada pola alcaldesa só afecta ao polígono 1 (os únicos convocados á reunión) ou aos 2 e 3 tamén, xa que están en similar situación e teñen o mesmo dereito.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se proceda á elaboración dun estudo completo das necesidades dos distintos polígonos, non só do polígono 1, para que se poda resolver a situación na que se atopan e poidan ser recepcionadas as urbanizacións polo Concello de Lugo o antes posible.

Do mesmo xeito pódese valorar a opción de asumir dende o Concello os costes precisos para que isto se leve a cabo.

Asimesmo solicítase que o Concello de Lugo, garanta os servizos mínimos como a iluminación, limpeza... aos veciños dos polígonos namentres non se da unha

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

solución definitiva. Dado que é unha zona na que se sufriron numerosos roubos é preciso garantir a iluminación por seguridade.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, quere facer uso da quenda de palabra? Si? Tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Si, moi brevemente, alcaldesa. Moitas grazas. Nada, facer unha breve reflexión sobre a reunión que tivo lugar no polígono 1 da Louzaneta e sobre a situación actual e sobre as necesidades tamén actuais e futuras do mesmo polígono.

Primeiro, chámanos a atención que só se convocase, ou polo menos só tiñan coñecemento desta os membros do Polígono 1 da Louzaneta, cando tamén están afectados por este mesmo problema o polígono 2 e o polígono 3. Chama moito a atención que non se contase con todos cando comparten exactamente o mesmo problema.

Non vou entrar tampouco nin nas asistencias nin nas ausencias desa reunión en canto a concelleiros ou membros deste Concello, pero si chama a atención que non se teña en conta ou que non estivese presente o enxeñeiro municipal, que precisamente foi o que traballou durante tempo, xa fai anos, con Fenosa para intentar buscar unha solución.

E chama a atención tamén que non se actualizasen eses datos, que é un pouco por onde vai este rogo. Para dar datos actualizados realmente ao polígono da Louzaneta.

Por que dicimos isto? Porque os datos que se deron son exactamente os mesmos que había no ano 2018 e, obviamente, economicamente a variación foi substancial, e ademais incluso as persoas coas que se falara no ano 2018 pola información que temos nós, xa directamente non están nin traballando na empresa por xubilación.

Polo tanto, sería bo darlle unha volta e facer un reestudo desta situación antes de darlles ningunha noticia ou ningún compromiso cos membros do polígono.

E dito isto, tamén existe unha serie de problemas urxentes que entendemos que hai que solucionar. Que é certo que ten ao mellor unha complexa solución pola situación urbanística e situación de titularidade do polígono, pero que dende o Concello se lle poden intentar buscar unha saída, como por exemplo problemas de limpeza, problemas, por exemplo, de iluminación... Hai farolas instaladas que están moitas delas apagadas. É certo que son titularidade dos propietarios, pero non é menos certo que había que buscar unha solución intermedia para intentar emendar esta situación, tamén dalgunha maneira, debido aos problemas de roubos e de inseguridade que se sofre, é frecuente, e todos somos coñecedores de numerosos "allanamientos", os numerosos roubos que sufriron nesta urbanización.

E desde o ánimo máis construtivo, transmitimos este rogo para intentar, como digo, que este problema, que xa leva moitos anos, se solucione dunha vez por todas. Na nosa man, pois axudaremos, obviamente, no que poidamos. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte goberno, o concelleiro de Urbanismo.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas. Pois tómake en consideración o rogo.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 414/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A INCLUIR O BARRIO DE PARADAI NAS ZONAS QUE CONTAN CON ILUMINACIÓN NAVIDEÑA.

Visto o referido rogo, que seguidamente se transcribe:

O ano pasado os veciños de Paradai non foron quen de desfrutar do alumeado de Nadal porque o Concello de Lugo deixou a este barrio fora dos beneficiados por este servizo. Ante esta situación foron os veciños quen dinamizaron o barrio e obtiveron o compromiso do equipo de goberno para que esta zona fose iluminada na campaña 2022-2023.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se proceda a incluír este barrio na zonas da cidade que contan con alumeado de Nadal e dinamización das rúas.



DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Sí? Tres minutos.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Gracias, señora alcaldesa. El año pasado los responsables del Concello de Lugo deixaron el barrio de Paradai sin luces navideñas e los veciños se las ingeniaron por adornarlo por su cuenta, con el fin de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

mejorar la economía de su comercio. Estos adornos hechos con material de reciclaje llamaron la atención de los lucenses, ya que es una zona por la que circulan muchos coches, así que en ese momento a lo mejor por vergüenza, el gobierno de este Concello se acercó por allí y les aseguraron que para este ano 2022 sí tendrían sus calles adornadas en Navidad.

Pero como otros muchos "estamos a traballar niso" de este bigobierno de Lugo, y posiblemente dentro de su falta de comunicación y pésima gestión a las que nos tienen acostumbrados, evidentemente este año tampoco hay luces de Navidad en el barrio de Paradai.

Ni tan siquiera después de recibir la carta de la Asociación de Vecinos recordándose. Así que traemos... Transmitimos este ruego para que se proceda a incluir a este barrio "nas zonas da cidade que contan con alumeado de Nadal e dinamización das súas rúas". Así, ese banco que salía en sus fotos de propaganda dará utilidad a las persoas y no solo al "descomer" de las palomas. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, o concelleiro de Infraestruturas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Alegrámonos, por unha parte, que o Partido Popular xa saiba onde está Paradai. Non creo que necesite luces para iso porque hai unhas semanas tivemos que debatir aquí neste pleno a importancia do Plan Paradai en concreto que o Partido Popular cuestionou directamente. Eu creo que si, que iso, é moi importante.

As luces, dende logo tamén, tomámolo en consideración. A concellería de Infraestruturas non leva directamente as luces, lévao cultura. Si se trasladou para futuro, para que se estude. Si que levamos outro tipo de iluminación, que creo que este mandato investimos por todo Lugo. Creo que é moi importante nun momento de crise enerxética. E que creo que é iso no que temos que pensar neste pleno, non? En profundidade.

E pouco máis que dicir. Pois tomámolo en consideración para futuras planificacións e aproveitar neste espírito de Nadal a en hora boa á concelleira de Cultura por esas magníficas luces que temos en Lugo, que creo que é *vox pópuli* de toda a cidade, que temos unhas luces con moi bo gusto e que os lucenses en xeral estamos contentos por elas.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 404/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DUNHA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE EXTRAORDINARIA POLO DETERIORO DA CONVIVENCIA NA MILAGROSA.

Visto o citado escrito, no que se formulan as seguintes preguntas:

1. Ante a alarma social polos sucesos denunciados por este grupo que veñen producíndose de forma repetida nos últimos anos en rúas da Milagrosa como Yañez Rebolo, Milagrosa, Lamas de Prado ou Xulia Minguillón pola presenza dunha rede de narcopisos neste punto da cidade, a alcaldesa valorou a petición deste grupo de convocar unha xunta local de seguridade extraordinaria para abordar este asunto. Sen embargo, devandita xunta nunca chegou a producirse e foi substituída por una reunión informal mantida co xefe da policía local e o comisario da Policía Nacional así como pola representante da subdelegación do Goberno. Cal é motivo polo que a xunta non foi convocada e se substituíu por esta reunión?
2. Considera a día de hoxe este Goberno que a convocatoria desta xunta é necesaria?
3. Que medidas tomou o Goberno local para revertir a situación de degradación na Milagrosa nos últimos tres anos?

DELIBERACIÓN

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Van facer da palabra para motivalo. Sí? Dous minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Remitiéndonos a la literalidad de lo que pone, para no reproducir las preguntas, sí es cierto que queremos destacar que realmente lo que está sucediendo en este barrio desde hace un tiempo entendemos que es lo suficientemente grave como para que proceda a esa convocatoria de la Junta de Seguridad Local, que no estamos seguros de si se ha producido. Creemos que no. Y creemos que es así. También sabemos que la alcaldesa no solo hizo una reunión con todos los vecinos allí, sino que también se reunió personalmente con algunos otros vecinos. Sabemos que en este sentido sí se está escuchando a los vecinos.

Pero tenemos la sensación que de que no se les está haciendo caso. Que no se les está dando la cobertura que merecen. Porque la alcaldesa bien sabe que en esos testimonios que le trasladan, efectivamente, hay ciertas calles en el barrio de la Milagrosa que están sufriendo amenazas. Hay varias personas que han referido actos violentos. Sabemos todos que ha habido también detenciones, que hay narcopisos, que hay menores...

Es decir, estas calles en concreto, sin querer ser alarmista, pero uno no se puede quedar callado, pero también hay que denunciarlo, están sufriendo episodios muy concretos. Y son episodios muy concretos que tienen que ver con acciones delictivas, que bajo nuestro parecer lo que tienen que ser es perseguidas.

Y el Ayuntamiento, dentro de sus posibilidades, lo que tiene que hacer, creemos, es diseñar un plan estratégico y a largo plazo. Y en este plan creemos que no se les puede exigir a los vecinos, por ejemplo, que... "Teneis que denunciar". No. Porque tienen miedo. Claro que sería mucho mejor que denuncien, pero muchos tienen miedo y no lo van a hacer. No se les puede exigir.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Tampoco se les puede decir a los vecinos que en realidad vamos a hacer un plan para mejorar el barrio a futuro. Nos parece bien, pero es que hay que tomar medidas concretas. O sabemos también que está habiéndose acciones policiales con... bueno, pues con policías de incógnito. También nos parece bien, pero tiene que haber presencia policial, tiene que haber efecto disuasorio. Y creemos que este tema que realmente afecta no solo a los vecinos de a pie, sino también a los propios comercios, a la restauración... tiene que ser oído.

Y por último, decir que la propia Junta de Seguridad Local, en su artículo 5, en la...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou o seu tempo. Pois para darlle resposta, o portavoz municipal do Goberno.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois señor Vidal-Pardo, direille en primeiro lugar que en ningunha das reunións da alcaldesa de Lugo con responsables da Policía Local e Autonómica, e de copresenza da Subdelegada do Goberno, son informais. Informais é tomar unha cervexa ou tomar uns viños, pero isto, non son informais.

Esta foi unha reunión, como as que mantén a rexedora con carácter periódico coas institucións e corpos de seguridade do municipio para realizar precisamente un seguimento de todos os temas que preocupan á veciñanza.

E non son informais. Son reunións de traballo. Convén, pois, non confundir os escenarios.

E nesa reunión de traballo acordouse planificar unha maior presenza policial nas zonas onde maior preocupación existe, como vostede dicía, para disuadir e atallar as ocupacións ilegais de vivendas.

Nesa reunión de traballo establecemos os operativos cos que pretendemos atallar a conflictividade social, que nalgúns deses casos están xerando en zonas puntuais da capital e nos entrar nos inmobles está relacionado directamente co tráfico de drogas.

Para a súa información na Xunta Local de Seguridade participan efectivos que nada teñen que ver cos problemas de ocupación, como a Garda Civil, os Bombeiros, Protección Civil... Porque os temas que atinxen á seguridade cidadá corresponden, como sabe, á Policía Nacional, onde o Concello presta o seu apoio a través da Policía Local.

E non. Este Concello non descarta nunca manter reunións, cando así sexan necesarias cos membros da Xunta Local de Seguridade.

Non creo tampouco que vostedes non coñezan a totalidade das obras que realizamos no barrio da Milagrosa, e doulle contestación anterior, ao seu Carballo, durante este mandato como arranxo de rúas, creación de prazas, parques, zonas infantís, aparcadoiros disuasorios e peonalización, etcétera.

Este concello está traballando con intensidade para a súa recuperación urbanística do barrio, así como dende un punto de vista do benestar social e de xuventude.

Así mesmo son moitos os programas e apoios postos en marcha por este Concello para dinamizar o comercio local de proximidade. A alcaldesa é veciña do barrio,

como saben, é boa coñecedora da súa realidade e dos problemas da veciñanza desta zona, porque todos os días lle fan sentir os veciños os seus problemas.

Unha das materias pendentes é iniciar unha maior acción urbanística para recuperar o barrio dun punto de vista non só público, senón tamén privado.

Por iso foi tan importante a construción e a contratación dos traballos técnicos para declarar a zona Contorna Residencial de Rehabilitación Programada, do que falamos anteriormente.

Trátase dun compromiso político polo que levamos tempo traballando dende o goberno local e non podemos esquecer que a pesar do seu dinamismo e de estar cheo de vida, a Milagrosa é un enclave moi emblemático e poderoso de Lugo e nos últimos tempos experimentou un deterioro progresivo, estreitamente relacionado co crecemento construtivo e comercial que rexistrou a zona sur da cidade, polo que chegou o momento de reverter esta situación, de favorecer a rehabilitación destas contornas cun obxectivo no que a iniciativa municipal quere ser o motor que favoreza o equilibrio e a racionalización de dotacións e de recursos públicos.

A mellor ocasión é agora, grazas aos fondos NextGeneration, e precisamente dende o Concello agardamos a entrada en vigor dos últimos cambios normativos que rexen o procedemento para participar no programa de axudas do Plan de recuperación en materia de vivenda a nivel de barrios, co fin de ultimar o prego de licitación que nos posibilitará presentarnos á convocatoria, pois, coas debidas garantías, como fixemos con moito éxito en moitos outros temas.

E ten razón, señor Vidal-Pardo, a alcaldesa estase reunindo constantemente cos veciños e veciñas, non soamente da Milagrosa, senón do resto da cidade. E remato simplemente desexando saúde a sorte para todos neste ano que comeza. Moitas grazas.

Auséntase da sesión DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ

D) MOCIÓN DE URXENCIA

- MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 415/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO NON SUBA O PREZO DOS APARCAMENTOS DE TITULARIDADE PÚBLICA (EXP. 2022/G004/001118).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Van a facer uso? Pero, reitero, para non ter que cortar-lles despois. Para motivar o porqué da urxencia non entrar no fondo do debate.

- RAMÓN CARBALLO PÁEZ: A argumentación é moi simple. Onte vía a luz un decreto que vostedes publicaron, era o día dos Santos Inocentes, pero vimos que non era unha inocentada, onde o prezo dos aparcamentos públicos sube nada máis e nada menos que o 10,4%.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8492078651515801988.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2022

Todos sabemos o dano que iso causa ao comercio, cando outras administracións e institucións están baixando as taxas de autopistas e tal.

Polo tanto, pedimos nesta iniciativa antes de que entre en vigor o día 1 de xaneiro, por iso a urxencia desta iniciativa era poder anular este decreto, onde a suba sexa asumida polo Concello. Ese é o motivo da urxencia de non ter prazo antes de que entre en vigor. E o que pedimos é a anulación.

Logo da súa xustificación, sométese a votación a urxencia da moción, acádanse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 11 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, e ao non acadarse o quórum de maioría absoluta requirido no artigo 65.3 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Lugo, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia da moción, polo que non se entra no fondo do asunto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... E antes de dar por concluído este pleno dicirles que teñen a disposición agora á saída e o poden recoller un libro para toda a corporación. Trátase do libro de *Sentencia*, escrito por José Francisco Rodil Lombardía, que versa precisamente sobre esa sentenza inxusta cara a persoa de Rafael de Vega Barrera por cuestións ideolóxicas, e, polo tanto, creo que é unha lectura recomendable para botar unha ollada ao pasado e eses erros do pasado non cometelos no futuro, que tampouco estamos exentos.

E desexarlles a todos un final de ano moi bo, unha mellor entrada no ano 23. Neste momento tampouco podemos esquecer o difícil mes de decembro que estamos a vivir con sete crimes machistas durante estas datas de Nadal.

As cifras deste mes son tremendas, arrepiantes, alarmantes, e, polo tanto, ese desexo tamén para o ano 23 de que sexa un ano de paz, de non violencia e, dentro da non violencia, a non violencia contra as mulleres, a loita contra a lacra contra as mulleres e conta a violencia machista e o desexo para todos e todas e para a sociedade en xeral.

Así que é moi boas e felices festas e moi boa entrada no ano 23 e a desfrutar coa familia e cos amigos destas datas especiais.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.